



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 99

Sesión plenaria
29 de xaneiro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto legislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para a súa elevación ao Congreso dos Deputados, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que a produción eléctrica cumpra unha función social no desenvolvemento económico e na creación de emprego e riqueza en Galicia (doc. núm. 39449, 10/PPLC-000011)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

Punto 2. Comparecencias

2.1 44220 (10/CPP-000090)

Do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar do Acordo de concertación do emprego público de Galicia asinado coas organizacións sindicais CC.OO e UGT

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

2.2 37712 (10/CPP-000078)

Da Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

Punto 3. Mocións

3.1 41993 (10/MOC-000121)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto das tarifas eléctricas (Moción consecuencia da interpelación nº 39120, publicada no BOPG núm. 375, do 24.10.2018 e debatida na sesión plenaria do 18.12.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 405, do 03.01.2019

3.2 42005 (10/MOC-000122)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver, durante 2019, un plan de mellora da profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil de Galicia (moción a consecuencia da Interpelación nº 40773, publicada no BOPG nº 390, do 28.11.2018, debatida no Pleno o 18 de decembro de 2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 405, do 03.01.2019



Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 28375 (10/PNP-002048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

4.2 34672 (10/PNP-002600)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para favorecer o esclarecemento do accidente ocorrido no marco do festival O Marisquiño na cidade de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

4.3 39106 (10/PNP-002909)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do planeamento urbanístico na parroquia de Tameiga, no concello de Mos, para a execución dun proxecto deportivo e comercial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

4.4 40194 (10/PNP-003014)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dignificar a atención primaria da saúde e as súas profesionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

4.5 42137 (10/PNP-003182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas necesarias para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

4.6 42380 (10/PNP-003192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o deseño e a implantación por parte da Xunta de Galicia dun plan extraordinario de recursos humanos para a atención primaria 2019-2020 no Sistema Galego Público de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

4.7 42624 (10/PNP-003201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e catro deputados/as máis



Sobre o impulso pola Xunta de Galicia de iniciativas que axuden a retomar a negociación do V Convenio Colectivo Marco do Grupo Endesa
Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

4.8 43429 (10/PNP-003246)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e dez deputados/as máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á Xunta de Galicia na súa petición ao Goberno de España dunha resposta inmediata á proposta de establecemento dun marco eléctrico estable e un prezo eléctrico competitivo ás empresas electrointensivas

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 414, do 18.01.2019

Punto 5. Interpelacións

5.1 35663 (10/INT-001186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

5.2 39868 (10/INT-001316)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

5.3 40247 (10/INT-001337)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

5.4 43058 (10/INT-001425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre a política do Goberno galego en materia de negociación de acordos con organizacións que cuestionan o autogoberno, os dereitos humanos e os principios fundamentais da convivencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 44231 (10/POPX-000124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén



Sobre as previsións do Goberno galego para a rectificación da súa política sanitaria de recortes e privatizacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

6.2 44232 (10/POPX-000125)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da rectificación en profundidade da súa política sanitaria dos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

6.3 44233 (10/POPX-000126)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre os recortes nos dereitos da cidadanía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 44211 (10/PUP-000214)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2019 presentados polo Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

7.2 42998 (10/POP-005086)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre as intencións do Goberno galego en relación coa modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co fin de regular o concepto de vivenda baleira para efectos do recargo no cobro do IBI e o establecemento do dereito de tanteo e retracto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

7.3 42261 (10/POP-004928)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre o investimento de 218 millóns de euros anunciado por Endesa na central das Pontes de García Rodríguez

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

7.4 42357 (10/POP-004958)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis



Sobre a posición do Goberno galego diante do Estado e da Unión Europea ao respecto da transición enerxética

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

7.5 44219 (10/PUP-000211)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia para evitar a parada dos fornos na empresa Ferroatlántica e as súas consecuencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

7.6 42295 (10/POP-004938)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre o proxecto do novo polo tecnolóxico da Coruña Cidade das TIC, impulsado pola Universidade da Coruña en colaboración co Clúster TIC Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

7.7 42815 (10/POP-005045)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o modelo de xestión do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

7.8 44212 (10/PUP-000213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as medidas concretas que vai levar a cabo o Goberno galego para dotar de seguridade o porto de Malpica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

7.9 44213 (10/PUP-000212)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas, así nos portos como o de Malpica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para a súa elevación ao Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que a produción eléctrica cumpra unha función social no desenvolvemento económico e na creación de emprego e riqueza en Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 11.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 15.), *Sr. Casal Vidal (EM)* (Páx. 19.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 22.)

Rolda de réplica: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 26.)

Votación da toma en consideración da proposición de lei

Votación da toma en consideración da Proposición de lei para a súa elevación ao Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que a produción eléctrica cumpra unha función social no desenvolvemento económico e na creación de emprego e riqueza en Galicia: *Rexeitada por 20 votos a favor, 53 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 27.)



Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar do Acordo de concertación do emprego público de Galicia asinado coas organizacións sindicais CC.OO. e UGT. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 28.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 36.), *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 39.), *Sr. Torregrosa Sañudo (EM)* (Páx. 42.) e *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 45.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 49.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 56.) *Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG)* (Páx. 56.), *o señor Díaz Villoslada (S)* (Páx. 58.), *a señora Torregrosa Sañudo (EM)* (Páx. 61.), *o señor Moreira Ferro (P)* (Páx. 62.) e *o señor conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 64.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica que hai unha modificación no desenvolvemento da sesión, polo que a continuación se debaterán dúas mocións. (Páx. 67.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto das tarifas eléctricas. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 68.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 72.) e *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 74.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)* (Páx. 76.)

O señor Casal Vidal (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 78.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver, durante 2019, un plan de mellora da profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 80.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 84.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 86.) e Sra. Santos Queiruga (EM). (Páx. 88.)

O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 89.)

Votación das mocións.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto das tarifas eléctricas: *Rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver, durante 2019, un plan de mellora da profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil de Galicia: *Rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e quince minutos.

Comparecencia da Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo). (Páx. 92.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 103.), Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 106.), Sra. Chao Pérez (EM) (Páx. 109.) e Sr. Fernández Gil (P). (Páx. 113.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo). (Páx. 116.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 118.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodil Fernández (BNG) (Páx. 118.), o señor Álvarez Martínez (S) (Páx. 121.), a señora Chao Pérez (EM) (Páx. 122.), o señor Fernández Gil (P) (Páx. 124.) e a señora conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo).* (Páx. 126.)

Modificación no desenvolvemento a sesión plenaria

O señor presidente comunica que hai unha modificación no desenvolvemento da sesión, polo que a continuación se debaterán dúas mocións. (Páx. 129.)



Interpelación de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de violencia de xénero. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 129.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 132.)

Réplica da autora: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 136.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 137.)

Interpelación de D. Luís Villares Naveira e D^a Carmen Santos Queiruga, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de negociación de acordos con organizacións que cuestionan o autogoberno, os dereitos humanos e os principios fundamentais da convivencia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 139.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 143.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 146.)

Suspéndese a sesión ás sete e dezasete minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento* do día 24 de xaneiro de 2019, polo que non procedemos á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias. Entramos xa na orde do día co punto 1, que son textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para a súa elevación ao Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que a produción eléctrica cumpra unha función social no desenvolvemento económico e na creación de emprego e riqueza en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a súa portavoz, dona Ana Belén Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día a todos e a todas.

Permítanme, en primeiro lugar, empezar saudando as persoas que hoxe están seguindo este debate, o secretario xeral da CIG e tamén os representantes dos traballadores e traballadoras de Alcoa, de Meirama e de Ferroatlántica, que veñen a este debate porque precisamente estamos falando dun tema, como é a regulación da electricidade no noso país, que é fundamental para que moitos deses empregos poidan ter futuro, pero tamén que é fundamental para que un país como Galiza poida desenvolverse e utilizar a súa riqueza en beneficio propio.

E o certo, señorías, é que empezamos este 2019 con moi malas noticias para o noso país. Temos nada máis e nada menos que só na área da Coruña 2.000 empregos en risco no sector industrial, e todo iso despois de que o ano 2018 se pechara cunha destrución de emprego no sector industrial en Galiza de 8.500 postos de traballo. Repito, señorías, por se alguén, á hora de premer o botón, non é consciente de que hoxe estamos falando dunha proposta que vén dar solucións nun momento no que Galiza está nunha situación preocupante desde o punto de vista industrial, con 2.000 empregos en risco só na área da Coruña e despois de perder 8.500 empregos en Galiza o ano pasado no sector industrial.

Este é o resultado que nos deixan as políticas da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*) Estamos falando de que se perden, de que temos en risco 80 empregos nunha empresa como Isowat. Estamos falando de Naturgy, que, despois de facerse con todo o capital e con toda a produción da antiga Fenosa, o que nos anuncia é o peche de Meirama, destrución de 200 postos de traballo directos e destrución de capacidade nun sector estratéxico como é o da electricidade para Galiza.

Eu quero recordar —quizais hoxe tamén nolo vai poder aclarar máis tarde o conselleiro— que esa mesma empresa, antes dunha campaña electoral, comprometera o señor Feijóo que ía facer inversións que garantían o futuro de Meirama máis alá de 2020, e vemos tamén cal



é o resultado das promesas do Partido Popular, que o que temos sobre a mesa é o peche desa central. Unha empresa da que, por certo, despois de ver como ten beneficios multimillonarios e despois de contaminar o noso país, nin tan sequera é capaz o Goberno de que se fagan os investimentos necesarios para garantir o emprego.

E estamos falando tamén de preocupación polo que pasa en Ferroatlántica, onde vemos de novo a Villar Mir —actuando eu creo que oportunamente— buscando excusas para reducir o emprego. Xa se pararon dous fornos, os fornos 13 e 14, na súa planta de Brens, e, mentres a Xunta cala, tamén vemos con preocupación como xa se está destruindo emprego, xa se perderon 30 postos de traballo entre as auxiliares e os eventuais, e hai preocupación entre a plantilla pola posibilidade dun ERE.

Galiza, efectivamente, xa lle parou os pés a Villar Mir, xa lle pararon os traballadores e traballadoras de Meirama os pés a Villar Mir, e desde logo non lle imos permitir que se vingue (*Aplausos.*) intentando agora aproveitarse desta situación para poñer en risco o emprego en Ferroatlántica.

E —¡como non!— hoxe en realidade tamén estamos falando de Alcoa, con 400 empregos directos, só 400 empregos directos en xogo na Coruña, 400 empregos que penden dun fío nun sector que é estratéxico para o noso país, como é a produción de aluminio. E é evidente que o que pretende facer Alcoa é unha deslocalización descarada, porque estamos ante unha empresa que ten beneficios e un sector, como é o do aluminio, que está á alza. Os propios datos do sector din que para o ano que vén vai haber un déficit de produción, e onde tamén vemos como Galiza non produce nin tan sequera o aluminio que consome, estamos importando cada vez máis aluminio.

Polo tanto, nós entendemos que, evidentemente, son necesarias propostas valentes. Vemos con preocupación como a Xunta e o Goberno central non foron valentes no seu momento, non apostaron pola nacionalización desta fábrica, polo menos ante á espera dun comprador que garantira a viabilidade, e agora o que temos é unha situación límite, de conta atrás, onde ou aparece un comprador ou o futuro destas fábricas na Coruña e en Avilés está en risco.

Pero, á parte de ter un comprador, todos e todas sabemos que para darlle futuro a Alcoa, pero tamén a todas as empresas electrointensivas do noso país, hai que cambiar o modelo eléctrico, un modelo eléctrico do que é responsable o Partido Popular, que cambiou o sistema que había e puxo en marcha un sistema de interrompibilidade, que estamos vendo que non só non ten capacidade para poñer en marcha e para garantir o noso emprego, senón que é un dos problemas que neste momento ten o noso país.

E desde o BNG temos moi claro que este é un debate relevante, que ou se modifica o actual marco regulatorio do sector eléctrico ou as consecuencias para o noso país van ser dramáticas, dramáticas en termos de produto interior bruto, pero tamén dramáticas en termos de emprego, porque xa neste momento estamos vendo os problemas que nos crea.

Por iso nós temos claro que hai que apostar por un novo marco enerxético claro e estable, que lles permita ás nosas empresas poder competir e que aposte por que se aplique un prin-



cipio que é básico en calquera país democrático, e é que os galegos e galegas, que vivimos nunha terra que produce electricidade a esgalla, que somos exportadores netos de electricidade, teñamos compensacións e beneficios por esa especialización produtiva, porque nós cremos que a electricidade que se xera aquí non ten que servir para que cada vez as eléctricas gañen máis e máis, senón que ten que servir para desenvolver economicamente o país e crear emprego de calidade, para acabar coa pobreza enerxética que segue existindo en Galiza e para poñer en marcha un novo marco enerxético que efectivamente ten que apostar pola sustentabilidade, pola eficiencia enerxética e tamén polo autoconsumo.

Estes son principios básicos que guían a proposta que traemos aquí a debate a este Parlamento, unha proposta na que queremos plantexarlle ao Estado unha nova relación enerxética entre Galiza e o Estado, que recoñeza o dereito que temos a beneficiarnos da produción de electricidade a través dunha tarifa eléctrica galega, cun marco estable tamén para as empresas electrointensivas, e cunha nova regulación dos impostos á electricidade, por exemplo do IVE, porque non nos parece normal que paguemos o IVE como se fora un produto de luxo, o 21 %, cando todos e todas sabemos que é un ben básico de primeira necesidade.

Polo tanto, esta é unha proposta que o que busca é darlles futuro ás empresas electrointensivas, como poden ser Ferroatlántica ou Alcoa, pero que hai moitas máis no noso país, e desde logo unha maneira de dicir «non» ante algo que nos parece indigno, e é que nun país como Galiza, en que producimos electricidade a esgalla, non podemos ter en risco nin un só posto de traballo polo prezo da electricidade.

Esta é, ademais, unha proposta perfectamente legal. É perfectamente legal poder ter unha tarifa eléctrica galega e un novo marco para as industrias electrointensivas. Pero é que non é que só sexa legal neste momento, é que é unha proposta xusta e solidaria, porque nós entendemos que hai que acabar cun modelo centralista que está causando pobreza enerxética, espolio da nosa riqueza e destrución de emprego, que é xusto que defendamos compensacións a Galiza por ser produtores netos de electricidade, e que, ademais, é xusto que solicitemos desde este Parlamento que se rebaixe o IVE do 21 % ao 4 %, porque iso significaría un alivio moi importante, non só para as economías familiares, senón tamén para moitas pequenas e medianas empresas, onde os custos da electricidade supoñen un dos elementos máis importantes da súa competitividade.

Polo tanto, entendemos que esta é unha proposta clave neste momento, no que temos en risco moitos empregos no noso país, e desde logo onde tamén non só os propios traballadores e traballadoras, senón as propias industrias electrointensivas, están reclamando un novo marco enerxético e apostando por unha tarifa eléctrica galega.

A nós gustaríanos explicar un pouco máis en detalle o desenvolvemento que facemos nesta proposta dunha tarifa estable para as industrias electrointensivas que teña tamén compensacións en Galiza, polo noso carácter de territorio exportador.

Evidentemente, hai que recoñecer —e eu creo que sería importante que se fixera— que o cambio desa tarifa que desaparece no 2003, da G4, pasando ao sistema de interrompibilidade, estamos vendo que foi perverso e negativo para o desenvolvemento económico do noso país.



E nós dicimos isto por varias razóns. Primeiro, porque este sistema está creando inestabilidade, porque está poñendo en cuestión un horizonte de tranquilidade para que as empresas fagan investimentos a medio prazo na modernización desas industrias. Tamén porque vemos como este sistema introduce unha competencia desleal entre as empresas do mesmo sector, porque lles permite ter prezos diferentes nun elemento tan sensible para estas empresas como é o prezo da electricidade. E vemos que, ademais, é a escusa á que se agarran outras empresas para poñer en marcha usos perversos, como é por exemplo xustificar perdas de produtividade en base ao prezo da electricidade, e polo tanto permitirlles a certas empresas facer despedimentos.

Trátase desde logo dun modelo que non funciona e dun modelo que bebe desa lóxica neoliberal que considera a enerxía como un ben de consumo máis e non como un ben básico.

Por iso nós dicimos que hai que cambiar a consideración da enerxía, considerala un ben social, e ademais poñer en marcha un novo modelo que sexa estable, a través dunha tarifa específica para as industrias electrointensivas, e que no caso de Galiza tamén teña compensacións nas reducións das peaxes que pagan, por esa condición de Galiza como excedentaria.

Nós entendemos desde logo que esta tarifa hai que poñela en marcha cambiando ou liberando estas empresas do pago das peaxes que non teñen unha relación directa co funcionamento do sistema eléctrico, como poden ser as primas ás renovables, os custos extrapeninsulares, os pagos por capacidade ou a segunda parte do ciclo do combustible nuclear e déficit tarifario.

Tamén hai que ser claros a respecto de quen ten que asumir o custo da liberación destas peaxes, e nós dicímolos con absoluta rotundidade: esa liberación das peaxes para as electrointensivas non pode ser a custa dos consumidores, que xa teñen unha carga moi grande na súa factura; isto ten que asumilo o Estado a través dos orzamentos xerais, como se fai, por certo, noutras partes ou noutros países do noso contorno.

Pero tamén entendemos que esta rebaixa non pode ser un cheque en branco para estas industrias, como se está permitindo na actualidade. Hai que exixirlles compensacións sociais ás industrias por esta compensación na tarifa, e esas compensacións son garantías de inversións, garantías de incrementar o emprego e tamén de calidade dese emprego para os traballadores e traballadoras, que teñen dereito a ter salarios dignos e un respecto das súas condicións laborais.

Polo tanto, esta é unha proposta que pon sobre a mesa unha solución viable e real, que temos que plantexarlle desde xa ao Estado, porque Galiza non pode seguir esperando, e os traballadores e traballadoras das empresas electrointensivas non pode ser que vexan como se xoga co seu futuro e onde simplemente parece que hai posturas de paripé pero non valentía para levar adiante propostas que son beneficiosas para o conxunto do noso país.

Como lles dicía, esta non é a única proposta que planteamos nesta lei. Planteamos unha redución con carácter xeral das peaxes que pagamos en Galiza pequenos, medianos e grandes consumidores, unha redución do 30 % desas peaxes para compensar as familias. Pensamos que esta é unha cuestión xusta, que loita contra a pobreza enerxética, tamén que vai apoiar



as pequenas e medianas empresas do noso país e que, polo tanto, é unha medida que só ten beneficios para o noso país.

É evidente que neste momento no Estado español xa existen tarifas diferenciadas. Por moito que se empeñe o Partido Popular, todo o mundo sabe que existe a euskopeaxe, onde se benefician fundamentalmente as empresas vascas, que negociou o PNV, esa tarifa que negociou co Goberno do Partido Popular no Estado e que nestes momentos lle supón unha redución de 50 millóns de euros para as súas empresas. ¿Por que defenden unha tarifa para Euskadi e non unha tarifa para Galiza? Estaría ben que algunha vez nos respondera a esta pregunta o Partido Popular. Quizais neste momento en que xa non se senten atados polo Goberno do señor Mariano Rajoy vexamos que hai mellores expectativas para poder defender os intereses de Galiza. *(Aplausos.)* Se o fan, benvidos sexan.

Esta, señorías, é unha proposición de lei que pretende articular unha posición de país nun tema clave. Os galegos e galegas non podemos seguir vendo como hai centos, miles de empregos en risco polo prezo da enerxía nun país no que somos grandes produtores de electricidade. Hai que acabar con este espolio, con este disparate, e esta proposta é un paso para que Galiza teña o que lle corresponde.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

No último pleno do mes de decembro, o día —creo recordar— 22, aventurei que ían desaparecer algunhas letanías na circunstancia política do Estado español, aquela da coalición de perdedores e aquela de que governe a lista máis votada, e, efectivamente, acertei; non se volveu falar diso por parte nin dos medios de comunicación nin dos partidos da dereita. *(Aplausos.)* Acertei noutra cousa, e a verdade é que nesta me sinto bastante orgulloso de que o señor Casado me fixese caso.

Eu levo algún tempo aquí, con pouco éxito, dicíndolle que non sexan tímidos, que conten de verdade o que queren facer, o país que queren construír e a sociedade que queren moldear. A verdade é que vostedes pois eran tímidos. Menos mal que veu o señor Casado, «*sin complejos*», e nos está contando, efectivamente, o que queren facer. Desde logo nos conta o que queren facer en termos de moralidade e en termos de articulación da sociedade; en termos económicos —supoño que porque os intereses están un pouco por riba dos da carne, os económicos, quero dicir— son un pouco máis prudentes —algúns—.

O outro día a candidata do Partido Popular na Comunidade de Madrid, a señora Isabel Díaz Ayuso, nunha entrevista do diario *El Mundo*, pouco sospeitoso de —digamos— confrontación



sistemática coa dereita, dixo textualmente: *Vox no propone nada que yo no haya visto antes dentro del Partido Popular*. Insisto: non o dixo Abel Losada, dío a súa candidata á Comunidade Autónoma de Madrid.

Polo tanto, neste contexto de *fake news* —ou chamémoslle como queiramos— é no que se desenvolve, efectivamente, o tema da política enerxética deste país.

Neste país aconteceu unha cousa difícil de explicar en termos políticos pero moi fácil de explicar en termos económicos, e é que, a partir da crise do 2008 —e volvo repetilo: digo 2008 para que quede claro que non estou falando exclusivamente do Goberno do señor Rajoy e logo non se me diga que, efectivamente, distorsiono os datos, ou falta de rigor, como di habitualmente o conselleiro de Economía e Industria—, nesta crise aconteceu algo estraño, que era que cunha demanda da enerxía á baixa ou estancada os prezos se situaban sistematicamente á alza e, polo tanto, os beneficios empresariais se situaban á alza.

¿Que significa isto? Pois significa que había problemas de regulación do mercado. Este é un mercado regulado e significa que había problemas de regulación; unha regulación feita nun momento de auge económico, feita en realidade a partir do 2002 aproximadamente, co cal tamén solapa o Goberno de Aznar co Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, nun momento en que, efectivamente, os tipos de interese eran practicamente cero e, polo tanto, a propensión a investir era moi alta.

Lamentablemente, coa chegada da crise, quen gobernaba nese momento en España, o Partido Socialista, non foi quen de revertir esta regulación para adaptala a esa situación. Pero tamén é verdade que esa falta de acción nese momento significou dúas cousas: significou, efectivamente, un incremento da débeda —é verdade—, pero significou tamén posicionar España no liderado en innovación e en investigación nas enerxías renovables e, desde logo, cuns efectos multiplicadores e de internacionalización das empresas eléctricas españolas enormemente importantes.

Claro, efectivamente, estaba aí a débeda. A min gustaríame que especialmente os deputados do Partido Popular, que sempre falan deste déficit de tarifa, compararan esta burbulla enerxética coa burbulla inmobiliaria, que si que ten unha orixe clara, que é o Partido Popular, e que, desde logo, tivo un custo moito maior que o déficit de tarifa, que foi o rescate bancario, non significou ningunha fronteira, ningún avance tecnolóxico, e, por suposto, non posicionou desde logo as empresas españolas en termos de economía produtiva no mundo.

A min paréceme moi ben que o Banco de Santander e o BBVA..., o BBVA con algún problema loxístico; a verdade é que eu tamén falaba ás veces con pouca simpatía do señor Francisco González; asegúrolles que non tiña filtracións do señor Villarejo, ningunha, pero a verdade é que, efectivamente, posto por Aznar para controlar un banco privatizado, saíu o que saíu, o que tiña que saír.

Ben, pois neste contexto, efectivamente, esta enerxía nesta última crise económica por parte do Partido Popular —e agora si que vou falar do Partido Popular—, supuxo catro cuestións que son incontestables; digo que son incontestables porque son constatables empiricamente



e, polo tanto, para min incontestables. A primeira, o freo ás renovables e ás políticas de eficiencia enerxética como política de Estado. A segunda, o impulso ao carbón, ao gas e ás nucleares; podemos falar, se queren, do acordo acadado onte polo Goberno actual en relación coa inacción absoluta dos sete anos de goberno Rajoy. A terceira, todo o poder regulatorio en mans das empresas eléctricas. E a cuarta, aínda que esta foi modificada parcialmente unha vez que o señor Cañete chegou a ser comisario europeo, a negación do problema do CO2 na política enerxética e económica.

E isto, que é un feito obxectivo, ten un soporte legal: o Real decreto lei de moratoria renovable, que nos está custando miles de millóns de euros en indemnizacións e que nos acabará custando máis —oxalá non—, pero acabaranos custando máis que o déficit de tarifa; a Lei 3/2013, que suprimiu os reguladores independentes de competencia, precisamente para deixar que esas empresas oligopolísticas controlaran absolutamente o mercado; e as leis 24/2013, do sector eléctrico, e a 18/2014, de medidas urxentes de crecemento e competitividade.

Con este armazón primeiro ideolóxico e logo legal houbo unhas consecuencias obxectivas na política enerxética e na enerxía en España. España alcanzou nos anos 2017 e 2018 os prezos máis elevados en electricidade en territorios non insulares da Unión Europea. Lidera a dependencia en combustibles fósiles máis alta da Unión Europea, cunha diferenza que alcanza os 25 puntos, un 98 % fronte a un 73 % de media. Lidera a inseguridade xurídica, cuns recursos por valor de 1.500 millóns de euros. A pobreza enerxética sitúase aproximadamente en 4,6 millóns de persoas, porque mentres que a renda nos fogares baixou un 5 % de media a enerxía subiu un 46 %, o gas un 31 % e a gasolina un 39 %. Iso si, España lidera a rendibilidade de dividendos das grandes eléctricas.

E este é o marco herdado polo actual Goberno. E o actual Goberno —e aquí, señora Pontón, efectivamente, o Grupo Socialista podería coincidir con moitas das cuestións que aparecen na proposición de lei do Bloque Nacionalista Galego— manifestou unha liña de actuación clara, con catro obxectivos fundamentais en termos —digamos— de sostibilidade e de solidariedade e, desde logo, con dous obxectivos fundamentais en termos de funcionamento do mercado. Primeiro, o abaratamento dos custos da enerxía eléctrica, a protección dos consumidores vulnerables, o impulso do autoconsumo e, desde logo, facilitar o cumprimento impulsado pola Unión Europea dos obxectivos en enerxías renovables. E, en termos de mercado, dúas cuestións que son de sentido común absolutamente. Por unha parte, unha estabilidade de prezos que facilite —digamos— a confianza e a propia facilidade —valla a redundancia— dos inversores e, por outro lado tamén, que non aparezan retribucións excesivas na produción de enerxía.

E insisto: onte mesmo tiñamos un exemplo claro con ese pacto. Era a primeira vez, desde o ano 2010, que se reunían, con luz e taquígrafos, en público, o ministerio de competencias enerxéticas coas tres grandes empresas enerxéticas deste país. Sería moi interesante que o Partido Popular explicara por que o señor Soria e o señor Nadal se reunían en vis a vis —que parecía máis ben un tema carcerario— coas empresas. Se queren, explícollelo eu, pero creo que non fai falla. Polo tanto, a primeira. E a primeira vez que hai un acordo de peche das nucleares. Pódenos parecer que se atrasa moito, pódenos parecer que tería que atrasarse máis, pero é o primeiro acordo de peche das nucleares. *(Aplausos.)*



E, efectivamente, o Goberno levou adiante un real decreto que toca cinco puntos: pobreza enerxética e consumidores vulnerables —levamos falado moito diso neste Parlamento—, unha maior protección do consumidor —tamén levamos falado diso e falaremos nunha iniciativa de En Marea—, a cuestión do autoconsumo, o fomento na xeración de renovables e o tema da fiscalidade no ámbito da sostibilidade do sistema.

Este real decreto, validado no Congreso dos Deputados, tense trasladado tamén a un pacto orzamentario do partido do Goberno, do señor Sánchez, con outros grupos do Congreso dos Deputados, cunha serie de puntos que, efectivamente, collen algúns dos que vostedes recollen na súa proposición de lei e non recollen outros, algúns que nós non compartimos. E recollen o Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, o Plan nacional integrado de enerxía e clima, a propia validación do real decreto do que falaba antes, reformas estruturais sobre todo á hora de acabar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente— coas sobrerretribucións de determinadas tecnoloxías, revisar o pago por capacidade e o estatuto de empresas electrointensivas, e unha estratexia nacional explícita e con orzamentos contra a pobreza enerxética.

Só neste último punto, unha dotación inmediata de 50 millóns de euros; iso significaría 2,5 millóns de euros para Galicia. Quero recordar que nos orzamentos da Xunta para este problema a partida total é de 1,3 millóns de euros; dígoo para ubicarnos —digamos— de maneira apropiada.

Señora Pontón, seguro que vostede sabe que, aínda que se aprobara esta proposición de lei neste Parlamento, a dinámica parlamentaria en Madrid levaría á próxima lexislatura, e moitos dos problemas reais dos que vostede falou aquí lamentablemente son problemas de curto prazo.

Logo hai tamén cuestións desde logo nas que o Partido Socialista non coincide. Non coincidimos na tarifa eléctrica galega; tamén o temos votado aquí; ou chamémoslle, ben...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...agora rectificaron un pouco terminoloxicamente a cuestión. E hai outros temas nos que desde logo tamén discrepamos.

Eu pediríalle, como lle pedín xa noutra ocasión, ao BNG, paciencia, paciencia e un pouco de... Despois do deserto de sete anos do Goberno da dereita...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada, terminou o seu tempo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...darlle ao Goberno da esquerda en Madrid unha mínima posibilidade de desenvolver a súa política enerxética.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día a todas e a todos.

Un saúdo aos membros dos comités de empresa que nos visitan hoxe.

Como non podía ser doutra maneira, En Marea considera imprescindible transformar as regras do sistema eléctrico establecido no Estado español. E durante o que vai de lexislatura presentamos innumerables iniciativas neste senso. Por iso non podemos estar máis de acordo con que este asunto se tramite no Parlamento de Galicia, aínda que as competencias fundamentais son estatais. E por iso votaremos a favor da toma en consideración da proposición de lei do BNG. Isto non quere dicir que esteamos de acordo cunha proposta que nos parece reduccionista e absolutamente insuficiente para afrontar a que quizais sexa a maior estafa que se leva producindo no Estado español —e, polo tanto, en Galicia— durante décadas, con custos inxustificados, para os fogares e para as empresas, de miles de millóns de euros cada ano que acaban nos petos dos accionistas do oligopolio eléctrico coa compracencia durante os últimos decenios e coa súa colaboración activa dos sucesivos gobernos do Partido Popular e do Partido Socialista. Isto desemboca en datos de pobreza enerxética inasumibles e falta de competitividade das empresas. En resumo, un roubo masivo a toda a cidadanía, xa sexa nos seus fogares ou nas súas empresas.

A portavoz do Bloque Nacionalista Galego centrouse fundamentalmente —por motivos conxunturais— nas industrias electrointensivas, pero é evidente que o problema das industrias electrointensivas é un problema que simplemente é un síntoma dos problemas xerais que ten toda a regulación do sector eléctrico español. Entón, evidentemente, a curto prazo —como dicía tamén o portavoz do Partido Socialista— hai que intervir, hai que intervir coa compensación por custos indirectos, por custos de emisión de CO₂; e, como se fai en Alemaña, en Noruega, en Francia e noutros países, tamén compensar os custos indirectos polo desenvolvemento das enerxías renovables. Todos eses son temas que hai que afrontar de aquí a cinco meses, para dar unha solución a todas as empresas.

Pero, tendo en conta que a proposta do Bloque Nacionalista Galego é teoricamente de moito máis calado, como é unha proposta de reforma, de renovación, do sistema eléctrico en España, nós —ademais de que todo iso xa o presentamos neste Parlamento moitas veces, o de tratar de solucionar os problemas das industrias electrointensivas a curto prazo— imos centrarnos máis —digamos— no que teoricamente debería ser o obxectivo principal deste proxecto de lei, que é a renovación, a modificación, de toda a normativa do sector eléctrico e do sistema eléctrico en España.

Como todos sabemos, os custos que se transmiten, tanto aos abonados domésticos como ás empresas, teñen tres partidas fundamentais. E hai que actuar nas tres partidas, que son elementos que nós botamos en falta dentro da proposición. Despois, evidentemente, plantexariamos emendas se se aprobara a súa toma en consideración.



O 40 %, aproximadamente, son as chamadas «peaxes». E digo «chamadas peaxes» porque as verdadeiras peaxes son as que o BNG di que se poderían modificar. Pero é que resulta que esas verdadeiras peaxes son a mínima parte dese 40 %. En concreto, son o transporte, a distribución, as perdas polo transporte e distribución, a xestión do sistema ou a marxe de comercialización. Son a mínima parte. A realidade son os inventos que os sucesivos gobernos foron reflectindo no *Boletín Oficial do Estado* como verdadeiro regalo multimillonario ás empresas do oligopolio. E despois direi como actuaríamos dentro da maior parte dese 40 %.

Un 35 % vai para os custos de produción, cun sistema de fixación de prezos por poxas diarias marxinalistas que permiten a especulación masiva e que non reflicten, nin moito menos, os custos reais de produción con beneficios empresariais razoables.

E, finalmente, como tamén se leva falado moitas veces, unha fiscalidade absolutamente irracional para un ben de primeira necesidade para os fogares e un *input* de custos de produción decisivo para as empresas. Non pode ser que a fiscalidade da electricidade en España, sumando os impostos especiais e o IVE, pase do 25 %. Isto é un afán recadatorio xusto que leva as familias á pobreza enerxética e as empresas á falta de competitividade.

Como veremos, aquí hai moitos elementos nos que actuar. Fundamentalmente —xa digo—, na parte fundamental dese 40 % das chamadas peaxes; na parte do 35 % dos custos de produción; e, por suposto —nunha decisión totalmente política—, na fiscalidade. Por iso En marea leva desde o inicio da lexislatura presentando iniciativas, tanto no Parlamento coma no Congreso, para actuar nestes tres eixos que marcan o sistema eléctrico español. Porque o importante, segundo o noso criterio, é que baixe a tarifa de verdade, e o antes posible, non o apelido que se lle poña.

Por iso, indo moito máis alá, e como inicio do que plantexaríamos, de maneira moi resumida, na tramitación da lei, hai un elemento fundamental para que baixe o prezo de produción, que é excluír a produción eólica, hidráulica e nuclear das poxas diarias. Xa sei que o repito mil veces, pero é que o repito mil veces porque é unha evidencia absoluta. Ninguén pode demostrar que manténdooas se podería solucionar o problema. A única maneira é sacalas fóra, permitir e fomentar a venda a longo prazo. Isto é o que fai que Alcoa en Noruega sexa moi rendible ¿Por que? Porque lle venden a electricidade a prezo estable a cinco anos, fóra de subastas, e ademais permitindo a contratación física bilateral. Ou sexa, catro parques eólicos contratan directamente cunha empresa, e fan os seus números e din: Miren, con estes ingresos eu amortizo, teño garantía de ingresos, teño garantía de clientes, podo contratar con eles durante cinco anos cun prezo estable. Desta maneira Alcoa en Noruega ten un prezo case catro veces inferior ao que ten Alcoa en España.

Despois, eliminar a obriga dos comercializadores de participar no mercado diario para recibir practicamente a totalidade da enerxía dos seus clientes, plantexando, como dixen antes, a contratación a longo prazo. Este é un tema decisivo. Daría igual que a tarifa fora galega, fora española ou fora europea. Se non se separa claramente o capital da estrutura das actividades de produción, do de distribución e de comercialización, non hai maneira de conseguir baixar os prezos da enerxía. ¿Por que? Porque se os que venden e os que compran son os mesmos, ¿como vas regulalos? Entre eles, se é necesario dar perdas na distribución,



pásanlle pasta á produción; se é bo que gañe a produción pero perda a comercialización, pasan cartos de aquí para alá na folla excel. Porque en realidade son as mesmas empresas.

Despois hai un tema fundamental para o desenvolvemento do autoconsumo —que é un tema que practicamente tampouco se trata na proposición actual do BNG—, que é a toma do control da xestión da rede de distribución polo Estado, igual que se fai co transporte. Ou sexa, non é expropiar, é ter unha participación de control, que pode ser do 10 % ou do 20 %. Pero isto permitirá verdadeiramente controlar as redes, poñer en práctica de maneira real eses circuitos pechados de distribución, que se aprobaron no mes pasado. E, sobre todo, facer unha auditoría do custo real, porque a distribución cústalle a Alcoa, cústalle a Ferroatlántica, cústanos a cada un de nós, aos nosos fogares, 7.000 millóns de euros ao ano. E nós estimamos que iso está sobrevalorado, como mínimo, nun 40 %.

Despois, centralizar no operador do sistema toda a operación hidráulica de bombeo para evitar as especulacións que se producen de maneira constante, como a que se comprobou e xa está, ademais, nunha sentenza de finais de 2016, que á base de especular coa auga conseguiron que o prezo primario da enerxía eléctrica subira un 40 % a finais de decembro de 2016 e principios de xaneiro de 2017.

Por suposto, está o fomento —moi importante— da autoprodución e o autoconsumo, que en Galicia podería ter un grande desenvolvemento, non só da de orixe solar e eólica senón que co aproveitamento masivo da mini e microhidráulica, e da xeotermia, se podería dar electricidade a practicamente todas as zonas rurais, sobre todo ás de montaña.

Incremento moi importante das poxas e das concesións de potencia para instalar produción renovable: estas concesións levarían implícitos retornos sociais e económicos nas zonas nas que se instalen. De aquí poderían vir os cartos para mellorar a competitividade das empresas en Galicia.

Despois, como tamén xa se comentou, financiar as primas ao desenvolvemento das enerxías renovables, e outros cargos non directamente imputables ao sistema, cos orzamentos xerais do Estado e non cargalas ao sistema eléctrico.

E, despois, a devolución das estafas masivas que levamos soportando, fundamentalmente dos incentivos polos teóricos custos de transición á competencia, que nos custaron 3.500 millóns de euros, e unha auditoría exhaustiva do tamén chamado «déficit de tarifa». ¡Vaia déficit! Cando alguén ten déficit perde cartos. As eléctricas cada vez gañaban máis e dicían que vendían por debaixo do prezo de custo. Iso é un pouco difícil de xustificar. ¡30.000 millóns de euros que levaron! Pois hai que pedir unha auditoría exhaustiva dese déficit de tarifa e que as eléctricas repoñan ao sistema eléctrico eses 30.000 millóns. Hai que cambiar, por suposto, o gravame do imposto sobre electricidade, que fora progresivo e non se aplicara ás empresas electrointensivas; e a baixada do IVE —como dixen—.

E, finalmente —e todo isto é un resumo moi curto—, ¿cal é a solución de todo isto? Pois a solución real é que as empresas eléctricas sexan verdadeiramente independentes. E unha medida imprescindible que faría posibles todos os cambios anteriores é a prohibición total



das portas xiratorias. Non pode ser que o sistema eléctrico español, un sistema imprescindible para o desenvolvemento económico e social deste país, estea participado por máis de corenta e catro cargos políticos. Por iso En Marea xa presentou no Congreso e presentou aquí que ningunha persoa con responsabilidades políticas relacionadas cos sectores regulados poida estar durante dez anos nos consellos de administración. Este é un asunto absolutamente imprescindible para que de verdade poida empezar a cambiar este sistema.

Como digo, apoiaremos a toma en consideración da proposición de lei, e durante o debate ampliaremos moitísimo máis todo o que presentamos, que pensamos que si que de verdade faría baixar a tarifa eléctrica.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Enésima temporada, capítulo 900, da serie «Tarifa galega», do produtor Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Señorías, bromas á parte, hai menos dun ano que estabamos con este mesmo debate nesta Cámara. Eu, que son unha parlamentaria novata —sobre todo comparada con vostede, señora Pontón—, xa debatín dúas leis deste tipo, e innumerables proposicións e mocións nas que pedían unha tarifa galega. Non vou ser eu a que lles diga as iniciativas que teñen que traer a esta Cámara, pero a verdade é que comezan a resultar amplamente tediosos. E o caso é que non o pensa o Grupo Popular, pénsano a maioría dos galegos e das galegas que non compran o seu discurso, e que llelo amosan en cada convocatoria electoral.

Mire, señor Losada, véxoo cun pouco de resquemor. Claro, é que perder un goberno despois de trinta anos e ter que enchufar milleiros de enchufados noutros sitios —ou ¡sabe Deus onde metelos!— é complicado. Preocúpese por con quen se aliaron vostedes para ocupar a Moncloa. *(Murmurios.)* Preocúpense por iso, por con quen se aliaron vostedes, extremistas cataláns, extremistas vascos... Preocúpense, señorías, polo que ao mellor nos queda por ver para poder conseguir aprobar os presupostos. Será que aínda terán que baixar máis os pantalóns, señorías.

Miren, o caso é que, volvendo ao tema enerxético, xa non goberna o Partido Popular en Madrid. O Partido Popular non goberna en Madrid. E vostedes, cando gobernabamos en Madrid, dicían que eramos os amigos das eléctricas, que nos reuniamos con eles... Agora vostedes reúnen con eles pero non conseguen baixar o prezo da electricidade dun plumazo, como é o que nos dicían a nós. Entón, algo falla, señorías. Debe ser que gobernar é outra cousa. E falar por falar é o que vostedes facían aquí, señorías.



Mire, señora Pontón, o Grupo Popular ten como máxima a coherencia, e porque governe outro partido político no Estado non cambia de parecer. Ou ¿que pensa?, ¿que gobernamos por capricho, señoría? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora NÓVOA IGLESIAS: Miren, esa é a diferenza entre nós e vostedes.

A tarifa galega, señores do BNG, é unha mala proposta para os galegos e as galegas. E porque governe o señor Sánchez en Madrid non a imos solicitar. Eu preguntome onde estaban vostedes cando gobernaba o señor Zapatero en Madrid, eu preguntome onde estaban.

Mire, non se equivoque, porque a política do Grupo Popular é unha política seria, non é unha política de demagogia como a que fan vostedes. A desconexión eléctrica de Galicia co resto de España saíralles moi cara aos galegos. E non llo digo eu como portavoz de enerxía do Grupo Popular, dixéronllo a maioría dos comparecentes na iniciativa lexislativa popular que debatemos hai un ano e medio neste Parlamento. Os galegos perderían máis de 300 millóns de euros ao ano ao non sufragar co que pagamos o que custa distribuír a enerxía na nosa comunidade. Galicia xera máis enerxía da que consome, si, pero é que a nosa rede de transporte e de distribución é infinitamente máis cara que a doutras comunidades, como, por exemplo, a de Madrid, que vostedes poñen de exemplo continuamente. Galicia xera máis enerxía da que consome, porque, cando en España había un goberno socialista que despilfarrou enchendo de primas as renovables —créditos que seguimos e seguiremos pagando todos por máis de vinte anos—, na nosa comunidade creouse enerxía renovable que agora axuda a que sexamos exportadoras.

Entón vostede, que só se quere beneficiar do Estado no que a vostede lle convén, quere que os galegos paguen menos luz que o resto dos españois. O Grupo Popular, señora Pontón, quere que todos os españois paguemos menos luz, e tamén que a súa produción contamine o menos posible. E, para iso, necesítase un cambio no marco enerxético e unha transición enerxética sostible, un cambio serio e consensuado; e sen ocorrencias, como fan vostedes.

Vostede na súa lei propón peaxes máis baratas para as comunidades excedentarias. Pretenden branquear a súa proposta de tarifa galega cambiándolle o nome, pero segue sendo a mesma historia. Eu preguntolle: sen as centrais térmicas, Galicia xa non sería excedentaria —por moita enerxía renovable que se instale—. ¿Que ocorrería despois no caso de que se puidese levar a cabo a súa proposta? Pasariamos de ser excedentarios a deficitarios e, polo tanto, habería que pagar máis luz.

Perdoe, é que é imposible tomar as súas propostas en serio. ¡Imaxinen que proposta e con que fundamento máis razoado! Mire, deixen de inventar matracas nacionalistas de que existen tarifas vascas. Non existen. Hai seis comunidades que teñen industrias conectadas a esa tensión e que pagan esa mesma tarifa. ¿Ou son vascos os cataláns, os andaluces ou os cántabros que teñen industrias que se conectan a esta tarifa, señorías? Entón, deixen a súa demagogia, por favor.



O Grupo Popular rexeita de novo, por enésima vez, a súa proposta de tarifa galega, e por tres motivos de elevada importancia.

Primeiro motivo: rexeita a súa proposta por ser un mal negocio para os galegos —xa llo expliquei—. E non llo di o Partido Popular, dixéronllo os comparecentes. Insisto, só houbo un —que ademais era un exdeputado do seu grupo— que defendeu a tarifa galega neste Parlamento. E ademais ocorréuselle dicir que deberíamos baixar a tarifa un 30 %. Dixo un 30 % coma se di un 15 % ou coma se di un 20 %. Fundado ¿en que? ¡En nada!, ¡cero! Como seguro que antes de rematar a lexislatura volverán traer o mesmo tema, a ver a canto se lles ocorre baixalo nese momento. Eu estou esperando.

Segundo motivo de rexeitamento: por ser insolidaria co resto de España. Miren, a vostedes dálles igual. No último balance enerxético publicado por Red Eléctrica —que teño aquí e, se quere, despois facilítollo—, que corresponde ao ano 2017, móstrase que Galicia quedaría nun sétimo lugar en relación coa enerxía que xera fronte á que consome, cun balance positivo dun 132,8 %. Por diante ten outras comunidades españolas exportadoras, e máis exportadoras, tales como Extremadura, as dúas Castelas, A Rioxa, Aragón e Asturias.

Nestes días, señorías, anunciaban a bombo e platillo a súa alianza cos extremistas vascos e cataláns para as europeas. Anunciaban a alianza con aqueles que vulneran a Constitución, e incluso con aqueles que defenden o terrorismo. E entendo que esta proposta de que Galicia pague menos por ser excedentaria non llela contarían aos seus aliados vascos, non llela contarían porque, mire, no balance enerxético di que o País Vasco é deficitaria, só ten un balance dun 34,9 %. Entón, os vascos son deficitarios, teñen que importar enerxía; e entón, coa súa proposta, os consumidores vascos terían que pagar máis enerxía. Non lles contaron esta proposta aos seus aliados vascos, ¿non? Entendo que non. Porque, se non, non creo que aceptasen ir con vostedes de aliados, señorías. Miren, a súa deslealdade é de tal nivel que non a teñen nin cos seus propios socios.

Terceiro motivo para rexeitar a súa tarifa galega —e non menos importante—: por máis que se empeñen na súa proposta de tarifa galega, excede das competencias que temos por autonomía, xa todos o sabemos, e xa todos sabemos que vostedes viven nun mundo paralelo e que non respectan nin as institucións nin a Constitución. Galicia é unha comunidade autónoma que pertence ao Estado español, e a regulación enerxética é estatal. Precisamente por ser un servizo de interese económico xeral ten unha regulación harmonizada e o máis xusta posible.

Os galegos preferimos aliarnos coa legalidade, e non con extremistas nin con aliados do terrorismo. ¡Vostedes verán! Se non son respectuosos nin entre vostedes mesmos, ¿como esperan que os galegos crean que o serán con eles?

Miren, señorías, estamos de acordo en que o prezo da electricidade subiu nos últimos anos a límites inasumibles, e o afán do Goberno do Partido Popular estivo en sentar as bases para que isto non se producise. Agora ben, non queda máis remedio que ser escravos dun pasado irresponsable, do que vostedes, señores do BNG, formaron parte: apoiaron o goberno que provocou o maior buraco no sector eléctrico da historia.



Hai que recordar —e o que vou dicir vai para todo o arco parlamentario da esquerda, porque todos vostedes militaban nesa ideoloxía naquel momento— que no ano 2004 o déficit de tarifa do sector eléctrico era de pouco máis de 1.500 millóns de euros. E en 2011, cando o señor Zapatero deixou o Goberno, era de 30.000 millóns de euros. Si, claro que non podemos presumir, señor Losada, de deixar España como líderes en renovables. Diso poden presumir vostedes. Pero tamén poden presumir do maior desfalco do sector eléctrico e da nosa factura eléctrica, do que supón case o 40 % da nosa factura. A vostede é habitual escoitalo falar do señor Soria por outros temas. Fai o chascarrillo e tal... Pódesenos acusar de paralizar renovables, pero por culpa de vostedes, por culpa dun buraco insostible no sector eléctrico, señorías.

Por iso subiu a factura da luz nestes últimos anos, e ollo que aínda quedan moitos máis anos por pagar. E novas decisións irresponsables poden volver xeralo, porque no último real decreto que aprobou o señor Sánchez xa di que vai volver haber déficit de tarifa tras tres anos de contención. Entón, señorías, iso pode volver ocorrer.

Na súa proposta de lei, señora Pontón, para diferenciala coa anterior, mete o tema da interrumpibilidade. E xa debatemos en comisión a súa proposta. Poñen a mesma que xa debatemos na comisión, que non se pode aceptar porque non cumpriría os requisitos que solicita a Unión Europea. Mañá o Grupo Popular trae unha proposición de interrumpibilidade consensuada co sector, e esperemos que vostedes a apoiem, señoría. Esperemos que se poñan dese lado e non, coma sempre, de perfil.

En canto ao relacionado coa transición enerxética e co peche das centrais térmicas, a nosa proposta tamén é clara: exiximos que as propostas sexan rigorosas e a un custo eficiente para beneficiar de verdade a cidadanía e a competitividade das empresas. O que non queremos é que a ideoloxía marque decisións, e sobre todo unha ideoloxía que trata de impoñer un partido de extrema esquerda, socio principal do goberno do señor Sánchez.

Está claro que é necesario desenvolver medidas que abaraten os prezos da electricidade ademais de cumprir os compromisos europeos relativos á contaminación atmosférica. Por iso, señorías —e, sobre todo, o que vou dicir é para vostede, señor Losada—, deixen de xerar novas incertezas, traballen para ofrecer solucións estables. Non axuda o peche das centrais térmicas. Saben que o prezo do *pool* subirá un 15 %. E, ademais, non temos unha solución para as comarcas afectadas. Non axuda o peche das centrais nucleares que hai noutras comunidades, peche que provocará, señorías, un incremento tamén do prezo da electricidade nun 25 % tamén.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Non axuda volver elevar as primas ás renovables —xa o expliquei antes—, e non axuda subir os impostos ao diésel ou prohibir a venda de vehículos que non sexan eléctricos.

E remato xa.

En canto ao punto de baixada do IVE, o noso grupo propón non tocar este imposto, pero tamén propón non incrementar outros. Reitero: ¿que sentido tería baixar o IVE para subir o



imposto ao diésel? Xa debatemos en varias ocasións este tema por proposta das Mareas de Podemos e do Bloque Nacionalista Galego. Avoguen por deixar a recadación como está, tanto para o IVE como para o diésel. Pensemos, señorías, nunha transición enerxética seria, sostible e adecuada para o medio ambiente pero tamén para o bolsillo de todos os cidadáns. Abandonen a demagogia, señora Pontón, e fagan propostas razoables.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.

Para a réplica, ten a palabra o grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu, agora mesmo, xa case o único que teño que dicir é que a ignorancia, señorías, é moi, moi atrevida. *(Aplausos.)* A ignorancia, señorías, é moi, moi atrevida. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, non sei se teñen que dicir algo os deputados e deputadas do PP. ¡Ah!, ¿como? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Continúe, por favor.

¡Silencio todos! ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, eu quero en primeiro lugar agradecer... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! E grazas por avisarme, grazas. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

Continúe vostede, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, quero agradecerlle o apoio ao Grupo de En Marea, e dicirle simplemente ao Grupo Socialista —que dicía que hai que ter paciencia— que eu non sei se vostedes lles poden pedir paciencia aos traballadores e traballadoras de Alcoa, ou de Meirama, para os que está en xogo o seu traballo e o pan dos seus fillos. E, desde logo, os gobernos non están para pedir paciencia, están para gobernar e, se realmente queren cumprir, para cumprir a súa palabra. *(Aplausos.)* Porque o grave é que non hai solucións para os problemas que temos no noso país.

E eu a verdade é que lamento moitísimo —case que teño a tentación de pedirilles desculpas aos traballadores e ás traballadoras que están aquí presentes— o exercicio de frivolidade máxima cando temos un país no que o ano pasado perdemos 8.500 empregos no sector industrial, onde hai 2.000 empregos en xogo e son só a punta do iceberg do que pode vir se non hai solucións desde o punto de vista enerxético. E ante un debate desta envergadura, o Partido Popular e o señor Feijóo pónense na bandeira da frivolidade e, desde logo, demóstrannos unha vez máis que a súa coherencia significa sempre traizoar os intereses deste país.



Hoxe, votando non, o que está facendo o señor Feijóo é traizoar os intereses de Galiza, é deixar tirados os catrocentos traballadores e traballadoras de Alcoa, é deixar tirados os traballadores de Meirama, é deixar tirados, en definitiva, os intereses deste país. Porque, miren, neste Parlamento votamos en moitas ocasións sobre unha tarifa eléctrica galega, claro que si, e máis que imos votar, porque é un tema clave para poder ter futuro. (*Aplausos.*) Pero é que neste Parlamento os deputados e deputadas do Partido Popular votaron a favor —e o señor Feijóo incluído— dunha tarifa eléctrica galega cando a propuxo precisamente a CIG a través dunha ILP. E o que fixeron foi despois vaciar de contido esa proposta con base en mentiras, xogando ao oportunismo.

Miren, estamos ante un tema que é clave, e alégrome de que neste momento estea aquí o señor Feijóo, porque lle pode dar a ocasión de poder escoitar cales son as demandas e as preocupacións que hai neste momento en Galiza.

Mire, o secretario xeral de Asime —que non sei se a vostede lle soa, e desde logo non sei se considera que tamén está nas patrañas nacionalistas— hai poucos días publicou un artigo no que literalmente dicía —e vouno ler na lingua na que el o escribiu—: «*No hay que escapar de la posibilidad de reflexionar y debatir (Murmurios.)* —escoiten señorías, xa sei que non lles gusta, pero escoiten— *sobre la conveniencia de una tarifa eléctrica gallega. La solidaridad territorial nacional no debe ser impedimento para valorar nuestros recursos y aprovechar de una manera racional esta posible ventaja competitiva para la industria de Galicia sabiendo el excedente productivo existente.*»

Levamos moito tempo perdido. Nós hoxe o que queríamos é que Galiza recupere e gañe tempo, que teñamos unha posición de país que defenda o emprego, que lles dea futuro ás familias de Alcoa e de Meirama —e a moitas outras que están en vilo— a través desta proposta, que reduzamos a pobreza enerxética; en definitiva, que fagamos algo por Galiza.

O que realmente é triste é ver como a maioría do Partido Popular, co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, á cabeza, prefire seguir defendendo os privilexios das eléctricas antes que o dereito de Galiza a ter un trato xusto. Desde logo, é evidente que o señor Feijóo, unha vez máis, volve traizoar a Galiza, traizoar os catrocentos traballadores e traballadoras de Alcoa, traizoar os traballadores e traballadoras de Meirama, e vemos de novo como este país non lles importa un pito. Desde logo, triste, triste maneira, de empezar este 2019. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Votación da toma en consideración da proposición de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación desta proposición de lei.

Pechen as portas, por favor.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei para a súa elevación ao Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que a produción eléctrica cumpra unha función social no desenvolvemento económico e na creación de emprego e riqueza en Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 53.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto 2, comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar do Acordo de concertación do emprego público de Galicia asinado coas organizacións sindicais CC.OO. e UGT

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Bos días.

Señorías, o pasado 15 de xaneiro —hai xusto dúas semanas— a Xunta de Galicia asinou cos sindicatos UGT e Comisións o Acordo de concertación social de emprego público de Galicia. É un pacto que todas as partes consideramos histórico e transcendental porque se trata do acordo máis importante no eido da función pública galega nas últimas décadas; un acordo —como digo— histórico, ambicioso e transformador da función pública galega, e que beneficia a máis de 21.500 familias. E precisamente por esta relevancia penso que é moi importante que teña coñecemento del esta Cámara, por isto solicitei a comparecencia para poder debatelo ante o Pleno.

Señorías, antes de expoñer con detalle este acordo quixera lembrar —aínda que brevemente— que na última década asistimos á maior crise económica da autonomía en Galicia, unha situación que provocou que tivéssemos que acometer unha serie de reformas na función pública —iso si, temporais— para poder salvagardar a sustentabilidade dos servizos públicos galegos. Con moito traballo Galicia logrou remontar esta situación, saíu da crise e foi restituíndo unha tras outra aquelas medidas temporais, e cancelando todos os axustes laborais globais que afectaron os empregados públicos. E máis recentemente, en marzo de 2018, asinou un importante acordo entre o Goberno central —daquela liderado por Mariano Rajoy— e as organizacións sindicais. Neste pacto existen unha serie de contidos que poden ser trasladados ás comunidades autónomas. Galicia, ademais, conta coa vantaxe da súa solvencia e o bo desempeño, ao cumprir ano a ano os obxectivos fixados de déficit, de débeda, así como de regra de gasto e período medio de pago. Neste contexto pechamos o ano pasado cunha rolda de acordos salariais. Os empregados do Sergas viron reiniciada a carreira profesional e cobran xa desde o primeiro de xaneiro deste ano o 60 % dun grao. Os docentes do



ensino comezaron a percibir xa o 40 % da suba lineal pactada de 1.200 euros máis ao ano. Os traballadores da xustiza beneficiáronse xa do 80 % da suba acordada. Os axentes medioambientais tamén se beneficiaron xa do acordo de 2018 para ter subas no seu nivel de complemento de destino, así como das súas gardas. O persoal do Consorcio de Igualdade e Benestar recibiu unha anualidade do Acordo de 2016 para a equiparación das súas retribucións ás do persoal da Xunta. E, por último, desde o Goberno galego decidimos iniciar unha etapa de negociacións coas organizacións sindicais que deu lugar a este histórico acordo de concertación.

Nesta negociación formulamos obxectivos ambiciosos. Como acabo de dicir, non só perseguimos unha mera mellora salarial senón que quixemos compartir coas organizacións sindicais unha visión da situación actual da función pública a través da súa diagnose e da busca conxunta de solucións, co fin de identificar os problemas máis importantes que ten que afrontar a Administración autonómica. E consideramos que son catro: a estabilidade e o avellentamento das plantillas; en segundo lugar, a desigualdade nas condicións de traballo; en terceiro lugar, a falta de instrumentos de recoñecemento e motivación; e, en cuarto lugar, a necesidade de ofrecer certezas sobre novos dereitos.

Comecemos pola estabilidade no emprego. Todos coincidimos en que a taxa de estabilidade no emprego debe mellorar. Este Goberno sempre tivo esta visión e, de feito, nos últimos anos tomamos varias decisións para situar a nosa taxa de temporalidade e estabilidade, en consecuencia, entre as máis altas de España. Por iso mantivemos a plantilla máis estable de España durante a crise, pois a Xunta non realizou experimentos durante a crise. Outras comunidades si o fixeron. Ademais, esgotamos as posibilidades que nos deron as taxas de reposición fixadas cada ano, sempre indo ao máximo posible de prazas convocadas. E seguimos contratando efectivos para manter e reforzar os nosos servizos públicos, polo que loxicamente aumentou o persoal temporal.

En segundo lugar, a heteroxeneidade dentro do emprego. Outro problema que nos preocupa é a igualdade no emprego nos servizos públicos. Na actualidade na Administración autonómica conviven dous réximes xurídicos para a prestación de servizos públicos: o persoal laboral e o persoal funcionario. E fano case en termos de paridade, cun importante volume de funcionarios pero tamén de persoal laboral. É un modelo dual no que os funcionarios se rexen por normas de dereito público e os laborais polo V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia. Esta situación dá lugar a que profesionais con practicamente funcións idénticas teñan diferenzas tanto en xornada como en salario e demais condicións de traballo. Ambas partes compartimos que esta situación provoca diferenzas que non son razoables: dificulta a mobilidade, limita a promoción, multiplica as categorías profesionais e aumenta o número de listas de contratacións, algo negativo para quen agarda polo traballo —¡cantas veces temos escoitado que as listas non se moven!, e, se non se moven moito, quizá sexa porque existen demasiadas—; fragmenta e multiplica as unidades de representación sindical e obviamente da negociación colectiva; e obriga tanto á Xunta de Galicia como aos propios traballadores a soportar sobrecotizacións innecesarias ao réxime da Seguridade Social. Por tanto, consideramos que esta fragmentación na forma de traballar non é boa para ninguén. Por iso trasladamos aos sindicatos que queriamos unha visión integral da función pública cunha formulación homoxénea para poñer fin a esta situación en beneficio tanto



dos profesionais como tamén do servizo público que prestan. Quixemos ser o primeiro goberno galego que formulara unha solución a este problema para que os empregados públicos traballen coas mesmas condicións e para que o cidadán saiba que vai ser sempre atendido por un funcionario público.

En terceiro lugar, a crise impediu o desenvolvemento profesional, e queremos resolver este problema. Tamén coincidimos en detectar que o feito de ter que realizar esforzos de restitución non nos permitiu avanzar como nos gustaría en actuacións para estimular o traballo de máis calidade, con máis formación e con mellor adaptación ao cambio. Somos conscientes de que os empregados públicos fan esforzos por actualizar os seus coñecementos, pero tamén faltaba un itinerario profesional que os estimulase a mellorar permanentemente e tivesen o recoñecemento aqueles que conseguisen progresar. Cremos que os empregados públicos galegos deben estar recoñecidos e motivados. Por iso examinamos os sistemas de recoñecemento de itinerarios profesionais que atopamos en Galicia. O único que existe na actualidade é o da carreira profesional no Sergas, e xa desde hai uns anos. Ningunha outra administración galega dispón dun sistema parecido e preguntámonos: ¿por que non estender este bo modelo da nosa sanidade aos nosos funcionarios e deste xeito converxer nun sistema autonómico común? Os sindicatos estiveron de acordo coa Xunta de Galicia en que este sería un bo modelo para seguir. O sistema de carreira profesional xa está previsto na nosa Lei de emprego público, pero está aínda pendente de desenvolvemento a nivel estatal a través do Estatuto básico do empregado público. Correspóndelle ao Goberno central, e parece que non ten perspectivas de levalo a cabo polo momento, pero isto non nos impide a nós facelo.

E, en cuarto lugar, a necesidade de incorporar novos dereitos. Quixemos abordar cos sindicatos a conveniencia de trasladar algúns contidos do Acordo marco, asinado polo Goberno Rajoy, co fin de incorporalos ao patrimonio dos funcionarios galegos, así como adoptar decisións en aspectos que o dito acordo non pechaba e aproveitar outras oportunidades que se nos abrían. O Goberno galego levou este aspecto á negociación para achegar certezas aos empregados públicos sobre os incrementos salariais para aplicar nos próximos anos e sobre novos compromisos en relación co tempo de traballo e medidas de conciliación.

En resumo, con este compromiso, e para poder consensuar solucións que permitisen atallar os problemas compartidos, sentámonos desde hai xa nove meses cos representantes dos traballadores para formularlles as nosas propostas.

Señorías, compartindo a mesma diagnose sobre os problemas analizados e buscando o consenso sobre as posibles solucións, asinamos un acordo global que suporá unha auténtica transformación cara a unha nova función pública. Pártese dun sistema de obxectivos moi ambicioso que nunca se formularan de maneira conxunta na historia da comunidade e que poucas comunidades están abordando de maneira unitaria. Porque xa non estamos a falar de restituír dereitos aos empregados públicos senón de crear novos dereitos para os prestadores destes servizos públicos, que, polo tanto, redundarán en beneficio de todos os galegos.

O acordo susténtase en catro piares: a estabilidade, a funcionarización, a carreira profesional e os novos dereitos.



En relación coa estabilidade, o acordo pactado establece o obxectivo de incrementar a estabilidade do emprego público dependente da Xunta de Galicia e de reducir a taxa de temporalidade ata situala no contorno do 7 % —un punto porcentual por debaixo do previsto a nivel estatal—, ou, o que é o mesmo, acadar unha estabilidade do 93 %. Desta maneira tamén afrontamos o problema común do avellentamento das plantillas e acadaremos a necesaria renovación de efectivos. Por iso no acordo recollemos o compromiso de asegurar, só no eido da Administración xeral, un número mínimo de prazas nas ofertas de emprego público para este ano 2019 e o seguinte. Este número mínimo ofrece certezas aos cidadáns que queren traballar con nós na Administración e tamén aos profesionais que xa están traballando na Administración e queren consolidar ou mellorar o seu emprego. Hai que ter en conta que a maiores se convocarán as ofertas públicas de emprego nos eidos sanitario e educativo. No educativo, a semana pasada confirmouse que este ano haberá unha importantísima oferta que superará as 2.000 prazas, a maior da última década. Por concretar, este acordo prevé que a OPE 2019 se aprobará no primeiro trimestre desde ano e incluírá un mínimo de 525 postos de acceso libre; 730, a maiores, de estabilización; e un mínimo de 800 de funcionarización.

Administración e sindicatos tamén pactamos que a oferta de emprego público deste ano priorice os eidos onde existe máis inestabilidade, como poden ser os servizos sociais e a prevención de incendios.

Pola súa banda, na OPE 2020 incluírase un mínimo de 550 postos de acceso libre; 900, a maiores, de estabilización; e un mínimo de 800 de funcionarización.

Estamos comprometidos a afrontar con garantía unha etapa transcendental para a Xunta de Galicia. No período 2018-2020 imos ofertar unha de cada catro prazas para traballar con estabilidade nas consellerías, nos centros de servizos sociais e nos dispositivos contra incendios. A estas prazas, obviamente, poderase presentar calquera cidadán que cumpra os requisitos.

En segundo lugar e, por outra banda, para abordar o problema derivado da heteroxeneidade no emprego, decidimos apostar polo réxime público e abandonar progresivamente o réxime laboral. Para iso decidimos empregar unha ferramenta xa prevista na nosa lei de emprego público de 2015: a conversión de persoal laboral en persoal funcionario. A Administración autonómica xa se estivo preparando durante os últimos tres anos, con simplificación de categorías do convenio colectivo e tamén coa revisión integral da relación de postos de traballo en todas as consellerías. A funcionarización será un proceso sinxelo e voluntario para o persoal laboral fixo, que mediante concurso-oposición de promoción interna, e por unha soa vez, poderá transformarse en funcionario. Ademais, respectará os dereitos adquiridos polo persoal laboral, polo que os beneficiarios manterán o seu destino actual e o recoñecemento de todos os servizos previos.

Imos facilitar e incentivar este proceso, xa que non haberá perda económica, posto que se a funcionarización conlevase unha menor retribución se compensaría cun complemento persoal. Ademais, o primeiro trienio cobrarao como persoal laboral se é máis elevado que como funcionario.



Os traballadores laborais fixos que participen no proceso tampouco perderán a súa condición; deste xeito terán máis oportunidades de mobilidade integral e promoción profesional, e daralles acceso á carreira profesional, que tamén pactamos neste acordo e que explicarei a continuación.

Igualmente, unificaranse as listas de contratación, co cal pretendemos que haxa menos e que sexan máis activas, evitando que a xente se apunte a listas de contratación que non se moven. Este proceso iniciouse xa na OPE do ano 2018, que reservou máis de 500 prazas para funcionarización, número que —como indiquei hai uns momentos— se verá substancialmente ampliado nos anos 2019 e 2020. Será a maior transformación da función pública galega na súa historia.

En poucos anos diminuíra de maneira drástica o volume de persoal laboral e as plantillas serán netamente funcionariais. Desta forma, en poucos anos, na Administración autonómica galega haberá un réxime unitario de dereitos, obrigas e prestacións.

En terceiro lugar, outro aspecto da diagnose compartida pola Administración e as organizacións sindicais foi a conveniencia de implantar un sistema voluntario e consolidable de carreira profesional, xa xeneralizado no eido sanitario pero que non é común nas administracións xerais. De feito, en Galicia non existe ningunha outra administración, agás na sanitaria, e tampouco está xeneralizado noutras comunidades autónomas nin na Administración do Estado.

Pretendemos situar a Galicia no grupo de cabeza, no que os empregados públicos contan cun itinerario profesional tutelado ao longo de toda a súa traxectoria profesional. A carreira profesional fará efectivo o dereito dos empregados públicos a progresar de maneira individualizada, como recoñecemento ao seu desenvolvemento en canto a coñecementos, formación, experiencia, compromiso e participación en iniciativas de interese público. E os seus obxectivos son o recoñecemento da achega dos profesionais á mellora da calidade, o recoñecemento obxectivo da competencia profesional, o fomento da cultura do compromiso cos servizos públicos e a motivación, o incentivo e a formación continua.

O sistema de carreira profesional acordado intégrase no réxime xurídico do persoal funcionario da Xunta, sen embargo, e como xa sinaléi, o persoal laboral tamén poderá acceder a este sistema se opta de maneira voluntaria e individualizada por acollerse ao proceso de funcionarización e o supera.

Este sistema pactado é moi similar ao que o Sergas e os sindicatos acordaron no eido sanitario. Deste xeito, promovemos un modelo común para os traballadores dos servizos públicos autonómicos. As bases que agora pactamos desenvolverémolas regulamentariamente ao longo deste ano.

Pactamos un sistema de carreira profesional con dúas vías de acceso; unha ordinaria, para o futuro, e outra extraordinaria, para recoñecer o desempeño dos empregados que xa son funcionarios de carreira na actualidade.



No caso da ordinaria, será o sistema normal para os novos funcionarios e aplicarase tamén a aqueles que leven menos de cinco anos na Administración. Terá cinco graos. Un inicial de cinco anos; o primeiro e o segundo serán de seis anos e o terceiro de sete anos, tras o cal se acadará o máximo, o cuarto.

No caso da extraordinaria, destínase a funcionarios e laborais que se funcionaricen, todos eles con máis de cinco anos de antigüidade. Comporta o acceso directo ao grao 1, previa avaliación e sen pasar polo grao inicial, e un progreso máis rápido aos graos 2 e 3.

A implantación económica de primeiro grao será de tres anos para os grupos A1 e A2 e de dous anos para o resto de grupos. Este é un sistema para mellorar a calidade do traballo que realizan para os cidadáns, e por esta razón, para recoñecer o desempeño dos profesionais. Polo tanto, para poder progresar na carreira teranse en conta a actividade profesional e a experiencia; a formación e a innovación; a implicación e o compromiso coa organización; a participación en iniciativas e programas especiais, así como nas liñas de traballo específicas ou transversais; e, por último, os procesos de cambio e a implantación de novos sistemas. Os beneficiarios recibirán de maneira progresiva unha contía anual por grao que irá dende os 761,52 euros dos empregados públicos da categoría E, ata os 2.460,36 euros da categoría A1. Será un gran reto para a Administración autonómica, porque é algo que nunca se abordou na Administración xeral da Xunta. Polo tanto, será un reto para os que teñen a responsabilidade de representar os traballadores e tamén para os que temos a responsabilidade de xestionar a función pública.

En cuarto lugar, e finalmente, pactamos coas organizacións sindicais incluír unha serie de novos dereitos para os empregados públicos galegos como as subas salariais mínimas, acordadas co obxectivo de achegar certezas para os vindeiros anos en relación coas súas retribucións.

Como digo, o texto que debatemos hoxe tamén inclúe o aumento retributivo acordado para o persoal ao servizo do sector público no período 2018-2020.

No ano 2018, o incremento xa coñecido foi do 1,75 %, 1,5 % con carácter fixo e 0,5 % de carácter variable, ligado ao obxectivo do incremento do PIB en 2017, que se establecera nun 3,1 %.

No ano 2019, para este exercicio, o incremento xeral para todos os empregados públicos será do 2,25 %, e a este respecto podo confirmar que hoxe mesmo xa están a recibir na súa nómina de xaneiro este aumento, que supera de media uns 810 euros anuais. A esta suba salarial se lle engadirá un 0,25 % adicional, a partir do primeiro de xullo, se o crecemento do PIB en España é igual ou superior ao 2,5 %.

Cos incrementos salariais pactados, que serán adicionais aos da carreira profesional, as retribucións dos empregados públicos galegos sitúanse este ano por riba das que tiñan antes da crise, superan pois as da crise económica, e as previsións son de seguir mellorando as súas retribucións.



No ano 2020, o aumento fixo será do 2 % e o variable do 1 % adicional se o PIB medra un 2,5 % ou máis. No caso de cumprirse o obxectivo de estabilidade orzamentaria no ano 2020, engadiríase no 2021 unha suba adicional do 0,55 %, que suporía un 3,85 % de incremento total no devandito exercicio. Así, de cumprirse a parte variable, a suba total acumulada en tres anos será do 8,79 %.

En segundo lugar, e xa desde o primeiro de xaneiro deste ano, todos os empregados públicos galegos perciben xa o cen por cento das retribucións en todos os supostos de incapacidade temporal. O compromiso da Xunta e o consenso acadado cos sindicatos permitiu recoller a opción máis beneficiosa para os empregados, dentro das posibles interpretacións derivadas do acordo de mellora de 2018. Damos cumprimento, deste xeito, a unha medida moi demandada polas organizacións sindicais.

En terceiro lugar, os termos pactados tamén recollen importantes medidas en materia de conciliación da vida familiar e laboral. A Xunta de Galicia presentará, no primeiro trimestre deste ano, un plan para o establecemento de xornadas anuais inferiores para o persoal con xornada a quendas, nocturnas ou especialmente penosas. Ademais, proporemos unha bolsa de horas de libre disposición, acumulables entre si, de ata un 5 % da xornada actual, con carácter recuperable no período de tempo que así se determine. Estará dirixida de forma xustificada á atención a medidas de conciliación para o coidado e a atención de maiores, discapacitados e fillos menores, nos termos que en cada caso se determinen.

Tamén arbitraremos medidas para favorecer a plena recuperación derivada da finalización de procesos de quimioterapia ou radioterapia, a determinar polas partes; a redución da xornada na porcentaxe do 50 % nos trinta días seguintes tras a finalización dos ditos tratamentos.

En definitiva, quero rematar reiterando que deixamos atrás a etapa de restitución de dereitos e podemos emprender outra que amplía o patrimonio de dereitos dos empregados públicos galegos e os equipara, cunha visión integral dun único réxime funcional. Neste contexto, consensuamos un paquete global de medidas para mellorar o desempeño do seu traballo, un conxunto de medidas que se complementan cunhas subas xerais e por carreira que implican subas salariais por riba do aumento do custo medio da vida, tanto do rexistrado nos últimos anos como no previsto na Lei de orzamentos para os vindeiros exercicios.

Estes incrementos pactados permiten recuperar todo o poder adquisitivo perdido durante a crise económica, e teñen como resultado —insisto— que este ano os empregados públicos galegos teñan un salario superior ao que tiñan antes da crise económica.

Estamos nun momento moi importante, no que buscamos unha auténtica transformación da función pública galega; na que se mellore a calidade e a estabilidade do emprego; na que se elimine calquera discriminación entre traballadores que realicen as mesmas funcións; na que exista unha verdadeira carreira profesional que sirva para mellorar e motivar o empregado público; e na que cada vez haxa máis facilidades e opcións para conciliar a vida familiar e laboral.

E xa estamos dando os primeiros pasos para isto. Xa se publicou no *Diario Oficial de Galicia* a orde de confección de nóminas para que xa cobren hoxe o incremento do 2,25 % para este



ano, e nesta orde xa figuran tamén os importes da carreira profesional pactados para este ano. Xa está funcionando a comisión de seguimento deste acordo, e os empregados públicos xa cobran, desde o primeiro de xaneiro, o cen por cento das súas retribucións en todos os casos de incapacidade temporal.

E seguiremos por este camiño. En poucas semanas, tramitaremos o regulamento para facer efectiva a funcionarización. En poucos meses, abriremos os procesos para solicitar o réxime extraordinario para progresar na carreira, tanto para os funcionarios como para o persoal laboral fixo que decida funcionarizarse con efectos xa desde o primeiro de xaneiro deste 2019.

Tamén abriremos o prazo para que os empregados públicos, sexan funcionarios interinos, laborais fixos ou temporais ou funcionarios de carreira sen antigüidade suficiente para acceder ao réxime extraordinario, se encadren no grao inicial do réxime ordinario de carreira.

Tamén estableceremos as condicións para a carreira ordinaria, tendo en conta os servizos prestados tamén desde o primeiro de xaneiro deste ano. E no primeiro trimestre pecharemos a oferta de emprego público para este ano, cumprindo o recollido no acordo de concertación.

Quero agradecer ás organizacións asinantes deste acordo de concertación, UXT e Comisión Obreiras, por ser capaces de antepoñer o interese xeral dos empregados públicos aos seus propios intereses sindicais; por ser capaces de traballar con luces longas para favorecer a máis de vinte e un mil cincocentos empregados públicos, cando o máis doado sería optar por estratexias vinculadas ás eleccións sindicais. E tamén quero agradecer o traballo das organizacións que non asinaron o acordo, pois elas mesmas teñen recoñecido publicamente que formaran parte da negociación e do consenso finalmente acadado. Respectamos que non quixesen sumarse a este acordo, aínda que o lamentamos, pero seremos leais, pois entendemos que a súa posición puido estar condicionada por procesos electorais sindicais.

Entre todos estamos a transformar a Administración para responder con éxito ao reto dixital e estar en condicións de atender os cidadáns desde as súas propias casas. Por iso, este é un acordo útil para Galicia, no que todos gañamos: a Administración, os empregados públicos e as organizacións sindicais, e sobre todo gañan os galegos, porque contarán con mellores servizos públicos e con profesionais estables, mellor formados e con maior motivación. Un acordo que se conseguiu con ánimo construtivo, sen conflitos, de boa fe e con mellor vontade entre as partes, e que garante paz social na Administración autonómica. Un exemplo de que é útil apostar polo diálogo social e a negociación colectiva como fórmula para acadar avances na mellora da función pública e dos seus empregados.

Ademais, este pacto prodúcese nun momento moi importante, pois haberá que afrontar nos vindeiros dez anos, só na Administración xeral, a xubilación duns 8.500 profesionais dos 21.500 que hoxe traballan con nós. Isto é consecuencia do forte avellentamento que estamos a padecer todas as administracións públicas e que fai necesaria a súa renovación. Polo tanto, é obvio que nos vindeiros anos haberá importantes oportunidades de emprego na Xunta. Queremos atraer talento para a Administración, xente nova, das nosas universidades y do noso ensino, con novas ideas, ben formada e con vocación de servizo público. E desde a Administración queremos ofrecer, deste xeito, o emprego de mellor calidade de Galicia.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Dámoslles a benvida aos alumnos de primeiro de bacharelato do IES Losada Diéguez da Estrada, que acaban de entrar no hemiciclo.

Proseguimos o debate coa intervención dos grupos parlamentarios. Por parte do Grupo parlamentario do BNG, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Señor Martínez, a pesar do entusiasmo e a paixón que puxo na defensa desta cuestión, e do entusiasmo que tamén puidemos comprobar nas bancadas populares á hora de aplaudir a súa intervención, a verdade é que non nos convenceu en absoluto, porque vostede veu aquí falarnos dun mal acordo, asinado pola Xunta e dous sindicatos minoritarios, e isto hai que deixalo claro. Vostede en varios momentos da intervención falou do acordo da Xunta cos sindicatos, mesmo ao final falou da participación na negociación, no consenso final, por parte de todos os sindicatos, e hai que deixar claro que este acordo foi asinado por dous sindicatos, Comisións Obreiras e UXT, que son minoritarios na representación sindical da Administración da Xunta de Galiza, e esta é unha cuestión importante. Vostede meteu na súa intervención moitas trampas, moitos enganos, moitos disfraces, e nós queremos poñer de relevo precisamente esas trampas, empezando polas trampas na linguaxe.

Vostedes falan dun acordo de concertación que en realidade non é un acordo, como lle estamos dicindo, é un desacordo de desconcertación, porque a maioría sindical, a maioría da representación sindical, non apoiou este acordo, e por algo será. É, polo tanto, un desacordo. Din que é discriminatorio, din que é inxusto e din moitas cousas máis que poremos de relevo ao longo da intervención.

A segunda trampa, o segundo engano que nos trouxo aquí, é que realmente estamos a falar da imposición dun marco de negociación alleo a Galiza, da imposición de acordos estatais. Aquí veñen aplicar en diferido un acordo que xa se asinou —non sabemos se tamén é simulado— para todo o Estado por parte do Goberno central con algunhas centrais sindicais, non con todas. E isto o que demostra é que vostedes apostan pola centralización da negociación colectiva, pasando por riba das competencias que ten Galiza nesta materia, e nós isto, dende logo, non o compartimos. (*Aplausos.*)

A verdade é que estabamos un pouco felices na bancada do BNG por esta nova posición —non sei se chamarlle case soberanista— do Partido Popular, reclamando as máximas competencias para Galiza, ao nivel de Cataluña e do Estado para desmarcarse desa liña ultra do señor Casado. Parecía que vostedes collían a bandeira da defensa de Galicia fronte ao agravio, fronte á aldraxe, do Goberno central, pero realmente vemos na práctica —que é onde se demostran as cousas— que non están nesas posicións, e neste caso deixárono claramente en evidencia.

A terceira trampa é que este acordo, asinado por estes dous sindicatos —insisto, sindicatos minoritarios da Administración pública galega—, se fixo sen a participación e sen a consulta



ao conxunto do persoal da Administración, parece que vostedes lle teñen medo á democracia, que lle teñen medo á participación dos traballadores e das traballadoras. E levouse a cabo este mal acordo sen ter en conta tampouco a participación das mesas sectoriais e dos distintos ámbitos de negociación.

Despois está a cuarta trampa, que nos parece a máis grave, que é que este mal acordo supón aceptar ese relato sobre a crise e sobre a saída da crise que intenta transmitir a dereita —e que vostede volveu repetir aquí na súa intervención— sobre as causas e as consecuencias da crise e sobre os sacrificios que tivo que facer a clase traballadora —que vostedes lle impuxeron á clase traballadora—, mentres os sectores máis privilexiados, o gran capital, as grandes empresas, sacaron grandes beneficios do desenvolvemento da crise e da saída da crise, como estamos vendo nas cifras macroeconómicas. Isto significa que vostedes pretenden facer *tabula rasa* de todo o acontecido nestes dez anos, e na práctica dan por perdidos a maior parte dos dereitos salariais e laborais arrebatados coa escusa da crise, porque foi isto o que pasou, que á clase traballadora se lle arrebataron dereitos salariais e dereitos laborais.

Vostedes dan por feita, por irreversible —a pesar de todo o que dixó vostede e que non compartimos, non é certo—, esta incautación de máis do vinte por cento dos ingresos, dos salarios, por distintas vías, desde a redución do 5 % imposta xa no Goberno de Zapatero, á incautación de pagas extras, á conxelación salarial, á maior presión fiscal, á subida do IPC. ¡Claro!, vostede vén aquí dicindo que vai cobrar o persoal da Administración pública máis do que cobraba no ano 2008 e isto non é certo, porque non lle aplica vostede todas as subas do IPC e todas as perdas que tiveron os traballadores nestes anos. E hai que dicir que todas estas perdas, todas estas imposicións de perda de dereitos laborais e salariais, foron consecuencia de medidas adoptadas por gobernos do Estado, primeiro polo Partido Socialista e despois polo Partido Popular, e tamén, especialmente, polo Partido Popular en Galiza, mediante esas medidas temporais en materia de emprego público que moitas delas se converteron en medidas permanentes, porque vostedes foron alumnos avantaxados e aplicaron aquí aínda con máis rigor esas medidas ultraconservadoras.

Vostedes parece que queren pasar esa páxina, pero nós non a imos pasar. Estamos a falar dunha auténtica década negra para o emprego público que puxo e está poñendo en risco os servizos públicos fundamentais, e estámolo vendo na sanidade. O que está pasando agora na sanidade é consecuencia das políticas de destrución e de deterioración do emprego público aplicadas polo Partido Popular ao longo de todos estes anos, e isto é o que está levando a unha gran parte da poboación e dos profesionais da sanidade pública a erguerse, a mobilizarse, para evitar esta situación.

Vostedes viñeron aquí con ese mantra, con esa mentira que repetiron e repetiron e repetiron, de que ían facer máis con menos, pero non se pode facer máis con menos. Non se pode facer máis con menos, e sábeo a xente que traballa na sanidade pública, que traballa en atención primaria, que traballa nos PAC, que traballa en urxencias. Saben que non se pode facer máis con menos e estábano sufrindo nas súas propias carnes.

Vostedes o que fixeron foi destruír miles de postos de traballo na Administración pública; máis de seis mil destruíron nestes anos vostedes. O que fixeron foi aumentar a precariedade



e a temporalidade, e agora véñennos con que van reducir a temporalidade. Foron vostedes os que a subiron, e agora, como hai sentenzas de tribunais europeos, non lles queda máis remedio que camiñar na dirección contraria.

Vostedes o que fixeron foi incrementar as privatizacións, o que fixeron foi eliminar dereitos laborais e o que fixeron foi baixar os salarios. Entón, estamos na fase en que chegaron a estes acordos no 2017, no 2018, no 2019, e isto dá por feito consumado o espolio sufrido polo persoal da Administración pública, e sitúano neste marco absolutamente regresivo e reaccionario. E non compartimos, desde logo, esa reviravolta que intentou facer vostede de que non estamos no debate de recuperar os dereitos, senón no debate de conseguir novos dereitos. Non, non, vostedes o que están intentando facer con este acordo é convencer a algúns sindicatos de que van recuperar algúns dereitos, porque novos dereitos, desde logo, aquí non vemos; desde logo, nos ingresos non os vemos.

Tamén o deixaron claro a maioría dos sindicatos, porque vostedes falan dos beneficios desa carreira profesional e non hai tal cousa, pois hai unha nota —que eu creo que é contundente— desa maioría sindical que, desde logo, cuestiona este acordo no que se refire á carreira profesional. Mire, dous terzos das xuntas de persoal da Administración pública en todas as provincias, e tamén da Administración central, iso eu creo que é contundente.

Despois, claro, vennos vostede dicir aquí tamén que non hai precedentes de acordos da carreira profesional, cando hai o do Sergas, por certo. O que lle están dicindo eses sindicatos maioritarios —os maioritarios, os que non acordaron este acordo— é que o acordo do Sergas é moito mellor que o da Administración da Xunta de Galiza, e pídenlle que apliquen esas mesmas cláusulas do Sergas.

Pero si que hai outros acordos en Galiza, señor Martínez. Por exemplo, o persoal deste Parlamento ten un acordo mellor que o que acaban de asinar vostedes. ¿Por que non aplican, por exemplo, como lles din os sindicatos, eses acordos?

Despois, en materia retributiva falan dun incremento salarial —vostede falou aquí de case o 9 %, do 8,79 %— que tampouco é real, porque vostede non ten en conta o incremento do IPC nestes anos previsto polo Banco de España, por exemplo, que situaría este incremento practicamente na metade. Como tampouco tivo en conta o incremento do IPC nos anos pasados e todas as perdas de ingresos que tivo o persoal da Administración pública.

En canto ás taxas de reposición, non se recupera o emprego público destruído coa excusa da crise, e esta é unha cuestión para nós fundamental. É fundamental recuperar ese emprego público destruído. Faleille de máis de seis mil postos de traballo destruídos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...están nas cifras oficiais.

Nós o que vimos reivindicar aquí é a eliminación das taxas de reposición, porque ademais hai un acordo deste Parlamento que así o reclama: que Galicia exerza as súas propias com-



petencias en materia de emprego público e, polo tanto, que non aplique estas taxas de reposición.

Tamén nos parece unha oferta raquíutica a de emprego público da que nos falou aquí. En definitiva, señor Martínez, estamos falando dun mal acordo, dun desacordo, dun mal acordo regresivo que vai en contra da posición da maioría do persoal e da maioría das organizacións sindicais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente. Bo día.

Bo día, señorías.

Saúdo os alumnos que hoxe nos acompañan.

Bo día, señor conselleiro.

Falaba dunha forma triunfal de que asistiamos a un acordo histórico, transcendental, para a función pública galega, e se o acordo pretendía ser histórico e pretendía ser transcendental para a función pública galega, o esforzo de concertación e o esforzo de negociación colectiva do Goberno galego debería ter sido moito máis ambicioso e ser capaz de integrar neste proceso de negociación o conxunto das organizacións sindicais presentes na función pública de Galicia. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, señor conselleiro.

Nese sentido —insisto—, falaba cun excesivo triunfalismo de catro puntos que poderemos analizar máis ou menos polo miúdo. Falaba da temporalidade, falaba da igualdade no emprego, dos procesos de funcionarización, falaba como cuarto pilar dos sistemas de carreira profesional e falaba nesa neolingua non da recuperación, senón da adquisición de novos dereitos. E direille por que falo tamén de neolingua nese sentido.

Case de forma preliminar, os diferentes grupos políticos presentes nesta Cámara solicitáramos a comparecencia do conselleiro de Sanidade, coa que está caendo en materia de servizos públicos de saúde. Nese sentido, non é por minusvalorar a comparecencia do conselleiro de Facenda para falar dun sector, a Administración xeral da Xunta de Galicia, nin da conselleira de Educación esta tarde, supoño que para falar de ensino, pero si que é certo que a sociedade galega o que está demandando neste momento é máis explicacións en materia de sanidade e, polo tanto, en materia de emprego público sanitario.

Pero imos á cuestión que hoxe nos trae aquí e que onte —non casualmente, evidentemente— publicaba o *Diario Oficial de Galicia*, o acordo que hoxe nos presenta.



Eu creo que podemos dicir que asistimos realmente a unha fase máis das políticas de rectificación por parte do Goberno da Xunta de Galicia, por parte do Goberno Feijóo, respecto das políticas que vén aplicando desde 2010 practicamente. Nese sentido, esta comparecencia, señor conselleiro, é unha proba máis desa política de rectificación das actuacións levadas a cabo durante estes anos. Rectificacións durante o ano pasado en materia do persoal de Xustiza; rectificacións en 2018 —como ben narraba— en materia de todos os docentes non universitarios. Poderíamos falar tamén moito dos docentes universitarios e de como aplicaron contra a capacidade investigadora e a excedencia curricular a redución salarial en Galicia. Rectificación tamén —como fixeron a finais do ano pasado— en toda a política respecto dos axentes forestais. E rectificación para o persoal sanitario, a marchas forzadas, a partir dos acordos en materia de carreira profesional. E agora toca rectificar en materia de todo o persoal da Administración xeral autonómica, deses preto de vinte mil empregados públicos.

Nese sentido, falamos de rectificación porque cremos que todos estes novos acordos, presentados —insisto— dunha forma excesiva ou cun excesivo triunfalismo, realmente non o fan por convicción, senón que o fan como froito de toda a presión social e froito de que son conscientes, evidentemente, como todos os usuarios de servizos públicos, da grave deterioración que sufriron os servizos públicos en Galicia durante os últimos anos do Goberno do señor Feijóo. (*Aplausos.*) É así, sábeno e vense na necesidade absolutamente *palmaria* de rectificar estas políticas.

Poderíamos dicir que realmente este acordo non é histórico. Evidentemente, non vai pasar á historia porque non se conseguen as cotas de concertación social necesarias e por algunha outra razón que lle vou comentar e que tamén lle comentou o voceiro do Bloque Nacionalista Galego. O que si foi histórico —creo que o temos claro e que tamén os alumnos que agora marchan o teñen claro— foi o destrozo na calidade dos servizos públicos que o Goberno Feijóo aplicou de 2012 a 2017 polo menos. ¡Iso si que foi histórico, señor conselleiro!

Nese sentido, nós nas diferentes intervencións —a algunha delas farei referencia— en materia de servizos públicos, en materia de emprego público, sobre todo durante as negociacións dos orzamentos e das leis de medidas de cada ano, sempre sinalamos como a partir de 2012 o Goberno Feijóo, en coordinación, en conivencia e en cooperación necesaria, evidentemente, aquí e noutras comunidades autónomas, por suposto, co Goberno Rajoy, realmente levou adiante un proceso sistemático, un proceso trazado e organizado, evidentemente, para un adelgazamento progresivo dos servizos públicos, neste caso no sector público autonómico. E dicíamos en moitas ocasións tamén que era un proceso no que se agravaba precisamente ese contrato social que tamén en Galicia se estaba rachando, con motivo desa gran recesión iniciada en 2008 que esencialmente afecta as capas máis empobrecidas, ou con menos capacidades, da poboación. Logo, evidentemente, despois de racharse estes contratos sociais, veñen os populismos, os extremismos, os independentismos etc., e así estamos na situación actual.

Vólvolle recordar, señor conselleiro, que a Xunta de Galicia foi a Administración pública en España que no período de 2013 a 2016 —sábeno perfectisimamente— aplicou o maior recorte salarial do conxunto dos empregados públicos de España —sábeno perfectamente—, e o frontispicio desas políticas abrasivas no emprego público foi a Lei 1/2012, da que temos pe-



dido en tantas ocasións a súa completa derogación, salvo eses temas puntuais que se poden incorporar —como lle teño dito noutras ocasións— á Lei xeral do emprego público de Galicia, esa é a realidade.

A realidade pasa por ter que lembrar como en 2017, con motivo doutras interpelacións que lle fixeramos, señor conselleiro, ao fío dos debates orzamentarios, as organizacións sindicais falaban de como se establecera esa especie de voadura controlada de todos os procesos de negociación colectiva que agora intentan recuperar. Diciámoslles, evidentemente, como estaban adelgazando de forma perigosa —e agora estamos vendo as primeiras consecuencias— o sector público autonómico, para chegar a ese estado, ao que lle poñiamos cifra nalgunha ocasión, do 38 % sobre o peso PIB, fronte a media en Europa de arredor do 43 % ou o 44 %. Están revertendo, necesariamente, esas políticas, pero porque se están dando conta de que por aí os servizos públicos en Galiza están a sufrir xa dunha forma escandalosa.

Evidentemente, levamos en termos macroeconómicos —como sempre nos recorda o señor conselleiro— catro ou cinco anos de crecemento tanto en taxas de produto interior bruto como de aforro bruto, e non queda máis remedio que recuperar parte dos dereitos reducidos, recortados, aos empregados públicos autonómicos e, polo tanto, ao principal capital, que é o capital humano, dos servizos públicos autonómicos.

Señor conselleiro, nas emendas que o Grupo Parlamentario Socialista presentou aos orzamentos de 2019 e á Lei de medidas de acompañamento dos orzamentos de 2019, presentamos toda unha serie de medidas de restitución deses dereitos e de avances sobre eses dereitos, das cales practicamente podemos dicir que non incorporaron ningunha, máis alá de transaccionar o carácter consolidable do sistema de carreira profesional.

Lémbrolle como no Pleno do pasado 8 de maio aprobamos conxuntamente unha moción precisamente para incorporar a Galicia os termos deste segundo acordo do emprego público no ámbito, asinado en Madrid en marzo do ano pasado.

Se facemos un brevísimo repaso —algunha cuestión adicional que me poida quedar comen-tareina despois, no seguinte turno de réplica—, podemos saudar que se chegue a un acordo destas características, pero o que non podemos saudar é que teña tantas sombras. Un acordo que sobre todo está a presentar ou pode ter os pés de barro, pode ter un carácter virtual ou quedarse en mera declaración de intencións, porque se repasamos a primeira parte, que é a incorporación do segundo acordo, é normativa básica, señor conselleiro, sábeno perfectamente. Cando hai que mollarse en algo, que é delimitar os fondos adicionais sobre masa salarial, non hai ningún compromiso claro para os exercicios 2019 e 2020. Menos mal que o outro día, no Congreso dos Deputados, aprobaron o Real decreto lei de incrementos das retribucións do sector público en todo o país, para poder aplicar en Galicia todo o sistema de retribucións (*Aplausos.*)

O incremento retributivo para o período 2018, 2019 e 2020 non vén da man deste acordo, non vén da man da Lei de orzamentos autonómica, vén da man das decisións do Estado que parten daquel segundo acordo e que parten do decreto lei aprobado polo Goberno central; de aí é de onde vén o incremento retributivo para todo este marco plurianual.



Se atendemos a outros compromisos en materia de sistemas de carreira, saben perfectísimamente, primeiro, que este é un tema que xa naceu no Estatuto Básico do Empregado Público de 2007, quero dicir que non están descubrindo nestes momentos a pólvora. En segundo lugar, poden ter un problema importante á hora de excluír —terán que analízalo— a todo o persoal de carácter interino dos sistemas extraordinarios de inserción nos procesos de carreira profesional, conforme as últimas sentenzas do Tribunal Supremo en relación co sistema de carreira e un pleito que se produciu co Institut Catalá de la Salut. Terán que analizar esa situación.

Pero o que nos preocupa tamén é que ese sistema —como tamén sinalaba o señor Bará— non estea sendo ratificado por todas as xuntas de persoal de funcionarios da Administración autonómica, que son os órganos que van ter que representar o persoal funcionario á hora de levar diante moitísimos destes procesos.

En materia de oferta de emprego non introducen máis compromisos que os que xa están establecidos no propio segundo acordo, ese 108 % é o que está.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: E cando se fala de ofertas adicionais, fálase de que xa se falará, non hai compromisos concretos.

En materia de funcionarización, que tamén compartimos un modelo único da función pública, nesta materia levan máis ou menos catro ou cinco anos de atraso na posta en marcha destes procesos.

Polo tanto, señor conselleiro, estas son algunhas das luces que presenta este acordo con Comisións e con UGT, pero son moitísimas as sombras, e son moitas as certezas que —como dicía antes— van ter que xestionar para darlle saída a este acordo.

Hai dúas ou tres cuestións máis, que lle comentarei no seguinte turno, que fan preocupante que este acordo, realmente, nin sexa histórico nin sexa froito dunha creio que convencida capacidade de negociación colectiva.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Presidente.

Bo día, señorías.

Señor conselleiro, as medidas en materia de función pública son positivas pero insuficientes, e está claro que non representan a todas as partes. Serven para deter a sangría de dereitos pero non se recuperan os que se perderon.



Consideramos que a subida de salarios do persoal público é positiva, pero, lonxe de ser triunfalistas, claramente insuficiente. Prevese unha subida similar ao crecemento do IPC, polo que non permitirá recuperar o poder adquisitivo perdido polos funcionarios e funcionarias nos últimos oito anos, que se estima nun 15 % segundo cálculos conservadores.

A mellora na taxa de reposición do persoal está ben, pero seguimos pensando que está moi por debaixo das necesidades reais de persoal. As taxas que agora se presentan poden deter o envellecemento do persoal, pero manteñen unhas administracións públicas sen persoal suficiente que se verán obrigadas a seguir externalizando servizos. A estratexia dos últimos anos non cambiou, só se pon un pouco de maquillaxe.

As ofertas de consolidación de emprego público son necesarias, pero non deixan de ser un problema que xerou o Goberno e que agora se ve obrigado a solucionar. É a consecuencia dunha política nefasta que obrigou a contratar temporalmente o seu persoal e que agora impugna ata a Comisión Europea. As receitas do PP, precariedade e temporalidade, demostraron ser de todo ineficaces, e este proceso corrobóao.

A posibilidade de redución da xornada laboral é morna, hai que recoñecer dunha vez a capacidade que cada Administración pública ten para negociar as condicións laborais do seu persoal, e por suposto, entre elas, a xornada. Hai que respectar a súa capacidade de negociación sen condicionamentos, recoñecida polo Estatuto básico dos empregados públicos.

Como xa expuxemos nunha moción o ano pasado, a aprobación das medidas extraordinarias para a redución do déficit público no 2010 foi consecuencia de deixar facer aos mercados financeiros por parte das institucións globais, como o Banco Central Europeo ou o Fondo Monetario Internacional, coa complicidade de certos gobernos de dereitas. No caso do Estado español e Galicia —ambos os dous gobernos baseados en políticas económicas mal chamadas de austeridade— é evidente que algúns sacaron beneficio económico das mesmas, máis ben unhas políticas neoliberais, de recortes para as clases traballadoras e privilexios para as grandes empresas, xustificándose tras a crise que comezou no ano 2008 e que pagou —e aínda está a pagar— a xente do común que vive do seu traballo.

O seu modelo de precarización e roubo de dereitos a toda a clase traballadora, tanto do eido público como do eido privado, é o gran problema de fondo e o gran problema estrutural en realidade do modelo que vostedes defenden e perpetúan, pola porta de atrás en moitos casos e con escusas financeiras que deixan de lado a cidadanía á que todo Goberno se debe e para o que foi elixido.

Curiosamente, os mesmos organismos e empresas responsables da crise e da corrupción son os que determinaron que gobernos como os seus adoptasen unha serie de medidas que, moi lonxe de solucionar a crise, serviron para debilitar a saúde das finanzas públicas, baseadas nas axudas e rescates con cartos públicos —os cartos de todos— á banca, ás autoestradas, á construción de infraestruturas e ás empresas, á vez que se compensaba cun proceso de recortes de dereitos da clase traballadora e dos máis desfavorecidos e dereitos tamén dos que traballaron e agora teñen dereito a poder vivir con dignidade, aos pensionistas, ata que se botaron todos e todas ás rúas. A día de hoxe demostrouse que outro tipo de orzamentos



é posible, e demostrouse que negociando cos axentes sociais se pode facer unha repartición distinta dos cartos de todas.

Escudándose no Banco Central Europeo e no gobernador do Banco de España, á calor dos mercados, defenderon a desregularización dos mercados financeiros, a redución do gasto público, as privatizacións e a flexibilización do mercado de traballo para repartir miseria. Todas as medidas austericidas e recortes salvaxes, sobre todo aplicadas ao sector público e ao Estado de benestar, non foron suficientes para saciar a voracidade dos mercados financeiros, que teñen o noso país no punto de mira dos seus intereses especulativos.

Agora rematou a escusa da crise co incremento do PIB, o cambio da maioría no Congreso dos Deputados, a nova repartición orzamentaria e o restablecemento do diálogo e a negociación colectiva. Aquí vén vostede a colgarse unha medalla que non lle corresponde porque vostedes se viron obrigados pola mobilización cidadá, o cambio executivo do equilibrio de forzas estatais, a presión sindical dos traballadores e traballadoras públicos, e tiveron que renderse e reabrir o diálogo aquí en Galicia e comezar a devolverlles só un pouquiño do que lles roubaron a ditos traballadores coa conxelación de todo o sistema, porque o que se lles fixo todos estes anos foi inmoral.

Agora non imos botar flores a quen non o merece. Este acordo é froito do esforzo negociador e da responsabilidade dos representantes do persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia, non é un regalo do Goberno. Dende logo, sabemos que a débeda cos empregados públicos non queda saldada e que este acordo non é máis que un paso adiante froito da transposición do Acordo estatal do 9 de marzo de 2018, que instaba á recuperación de retribucións, emprego e á propia negociación colectiva.

A modo de conclusión, o Acordo que nos presenta hoxe o conselleiro debe ser un primeiro paso cara a consolidar definitivamente a negociación colectiva na Xunta de Galicia e deixar de regular as condicións dos empregados públicos a golpe de normativa básica estatal, co obxecto de ir acadando outros acordos complementarios que permitan recuperar todos os demais dereitos arrebatados no ano 2012, como son os nove días de asuntos propios, o Fondo de acción social, as compensacións por traballar en festivos e domingos, todo o emprego público perdido, así como ampliar e mellorar outros como a carreira profesional ordinaria, facilitando o encadramento de cada traballador ou traballadora no grao que lle corresponda por antigüidade.

O Goberno non pode atribuírse ningún mérito máis aló de cumprir o que estaba asinado a nivel estatal, e respecto das cuestións propias de Galicia como a funcionarización do persoal laboral e o desenvolvemento da carreira profesional, é algo tamén recollido no EBEP do ano 2007 e na Lei do emprego público de Galicia.

Responsabilidade e ética, señores, e polo menos agora fagan algo por subsanar o enorme dano que fixeron a toda a cidadanía, ao conxunto da clase traballadora e por sumirnos no caos como país a través da súa xestión nefasta e privatizadora para os intereses do seu partido e dos seus amigos.



Este acordo —repetimos— é un pequeno primeiro paso pero o comezo de todo o que hai que restituír. Por iso o noso compromiso é seguir defendendo que se devolva todo o roubado ata superar este modelo que vostedes queren impor de precarización das administracións públicas galegas, os seus servizos e os seus traballadores e traballadoras, para despois defender cara aos cidadáns que un modelo privado, o externalizado, funciona mellor e é menos malo para eles, cando non só dá peor servizo, senón que é máis caro.

Para isto vannos ter sempre en fronte, porque o noso modelo é a potenciación e a dignificación do público, deste modelo social que non exclúe os cidadáns pola súa conta corrente, e o coidado dos seus empregados para que exerzan o seu labor público dignamente, crendo neste modelo social para todas.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Bos días, señor conselleiro. Benvido.

Dende o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, señor conselleiro, queremos felicitalo polo Acordo de concertación do emprego público de Galicia asinado cos sindicatos UGT e mais Comisións Obreiras. (*Aplausos.*)

Estamos, sen dúbida —como vostede mesmo dixo—, ante un acordo histórico, o máis importante da historia da Autonomía, e hai que dicilo e estar orgullosos disto porque é un logro de todos. É histórico tanto en termos cuantitativos como en termos cualitativos e supón un cambio de filosofía —unha cousa que vostedes, os señores da oposición, non saben apreciar—. É unha nova concepción da configuración e do desenvolvemento da función pública; un acordo transformador e creador dunha nova función pública e un acordo, ademais, que non se limita á mera restitución dos dereitos dos empregados públicos, dereitos, por certo, suspendidos, non roubados, aquí non se rouba nada, señora Torregrosa. Aquí suspendéronse unha serie de dereitos por unhas circunstancias moi especiais e específicas, (*Murmurios.*) pola Lei 1/2012, e tan pronto se puido fóronse recuperando todos. (*Murmurios.*) E hoxe en día podemos dicir que fomos a primeira comunidade autónoma en restituír as pagas extras, por exemplo. E hoxe estamos dando un chanzo máis adiante, mirando cara ao futuro, para cambiar e mellorar a función pública. É un acordo que, sen dúbida ningunha, vai redundar en beneficio dos empregados públicos e dos administrados, dos galegos.

Señor conselleiro, mire, voulle dicir unha cousa. Hai unha circunstancia que podemos apreciar que corrobora que estamos ante un magnífico acordo, e é que, dende que se aprobou este acordo na votación que se produciu o 27 de decembro na Comisión superior de persoal



da Xunta de Galicia, ningún grupo da oposición solicitou a súa comparecencia para explicar este acordo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Por que? ¡Porque non lles interesa! (*Murmurios.*) E cando á oposición non lle interesa falar dun acordo pechado pola Xunta, sen dúbida algunha é porque estamos ante un acordo que é positivo para Galicia. E non lles interesa falar porque non teñen nada que dicir. Poderían falar ben deste acordo pero non son capaces, non lles interesa. E, eu digo, aínda que non fora pola Xunta de Galicia, polo menos falar ben deste acordo polos representantes dos traballadores, dos empregados públicos, que asinaron este acordo. Pero son incapaces de recoñecer as cousas que se fan ben. Por tanto, ante a súa comparecencia, señor conselleiro —como non lles queda outra que intervir porque non van deixar pasar o trámite—, non teñen máis remedio que inventarse críticas para cubrir o trámite da intervención.

O portavoz do Bloque Nacionalista Galego di que este non é un acordo de concertación, senón de desconcertación. Señor Bará, este acordo foi asinado polos sindicatos. Que eu saiba, a ningún sindicato se lle obrigou a asinar este acordo. ¡E participaron todos! E mesmo neste acordo hai recollidas propostas e achegas dos sindicatos que finalmente non quixeron asinar este acordo. Por tanto, os que o asinaron foron sindicatos responsables.

Señor Bará, vostedes seguen nos anos da crise porque non queren saír de aí, porque non soportan a idea de que Galicia conseguira superar a crise económica cunhas contas ordenadas, coa restitución dos dereitos dos empregados públicos tan pronto como se puido. E vostedes din: non imos pasar páxina. ¡É que vostedes queren seguir na crise, están máis cómodos aí! (*Murmurios.*) Pero, afortunadamente, os empregados públicos hoxe teñen mellores condicións e mellores perspectivas de cara ao futuro, con estabilidade. Insisto, este é un acordo histórico porque supón un cambio transformador na función pública galega.

Creo, señor Bará, que a crise a teñen vostedes na súa identidade política, porque realmente non coincide o que teñen vostedes na cabeza co que pensan os empregados públicos de Galicia. (*Aplausos.*) Di cousas como que a Xunta aumentou a temporalidade. Señor Bará, a Xunta de Galicia ten a taxa de temporalidade máis baixa de toda España, andaba hai pouco por unha media dun 14 %. ¿E sabe que? O Goberno de España fixouse o obxectivo, no Acordo de marzo do ano pasado, de acadar unha temporalidade do 8 %. ¡Pois Galicia é máis ambiciosa! O presidente Feijóo e o conselleiro de Facenda son máis ambiciosos, aquí páctase acadar unha taxa de temporalidade dun 7 %. Imos por diante sempre e debería estar vostede orgulloso diso, señor Bará, e non lamentarse.

Di que non trae mellora nos ingresos. ¡Home!, eu creo que, a día de hoxe, nas nóminas dos empregados públicos se corrobora que isto é unha falacia porque se están incrementando os ingresos dos empregados públicos segundo este acordo, que xa se están implementando moitas partes del.

E nas taxas de reposición di que hai que suprimilas. Bueno, pero sabe vostede que isto é unha cuestión do Estado, da normativa estatal. E o que si ten que saber —e sábeo perfectamente— é que este Goberno da Xunta de Galicia sempre esgotou e estirou ao máximo as taxas de reposición máximas que permitía a lei do Estado. Sempre houbo que moverse nese marco do Goberno de España, da norma estatal, da norma básica; pero sempre se esgotaron



as máximas posibilidades. Non hai ningún reproche que facerlle ao conselleiro de Facenda no tema desa taxa de reposición, señor Bará.

E ao Partido Socialista tampouco lle gusta, di que hai excesivo triunfalismo. ¡Home!, creo que o conselleiro é bastante comedido, eu sería máis triunfalista aínda porque o Acordo é como para ser máis triunfalista.

Parece ser que vostede non concorda, que o Partido Socialista non concorda, co que pensa UGT. UGT asinou este acordo. ¿Xa non pensan igual?, ¿non están de acordo? ¿Están dicindo que asinaron algo erróneo para os empregados públicos? Eu creo que teñen vostedes un problema.

E logo métese co tema da sanidade. Pediron a comparecencia do conselleiro de Sanidade. Señor Villoslada, o conselleiro de Sanidade compareceu nunha comisión de investigación da sanidade promovida por vostedes, foi alí e vostedes non asistiron a esa comisión. Por tanto, non diga agora que o conselleiro de Sanidade non comparece. Quen non comparece é o Partido Socialista, incumprindo a súa obrigaón como grupo parlamentario. (*Aplausos.*)

E critica que digamos que é un acordo histórico. Claro, é que vostedes, como é histórico, teñen outra concepción. Para vostedes histórico foi aquel acordo —nefasto acordo— de Rodríguez Zapatero, do presidente Zapatero, reducíndolle para sempre —non temporalmente, para sempre— o salario aos funcionarios públicos. Iso é o que entenden vostedes por acordo histórico. Nós temos outra concepción dos acordos históricos. Nós vémolos en sentido positivo, e vostede agárrase ao sentido negativo dos acordos históricos do Partido Socialista.

Di que non se cumpriron os acordos da moción do 8 de maio. ¡Falsidade rotunda! ¡Lea vostede o acordo! Estase dando cumprimento... Lea vostede o acordo. Se quere, logo lle relato, punto por punto, en que partes do acordo se está cumprindo a moción do 8 de maio do ano pasado que aquí pactamos.

Por certo, vostede nese momento xa abrazaba ese acordo do Estado, e critica este acordo cando gran parte deste acordo é a aplicación, o desenvolvemento, de moitas medidas que permite poñer en marcha o acordo de marzo do ano pasado que vostede alaba. ¿Dáse conta da contradición? Está criticando unha cousa que pon en marcha o que vostede alaba. Non é congruente esa postura, señor Villoslada. Se está de acordo co acordo marco, co acordo pactado cos sindicatos en marzo do ano pasado, ten que estar de acordo polo menos na meirande parte do contido do acordo que hoxe presenta o conselleiro. A verdade é que non sei por onde andan. Ademais, díxos sen rubor ningún.

Critica o acordo e di que o incremento retributivo vén... Isto é moi interesante, moi interesante, porque di: Non se colgue vostede medallas, señor conselleiro, porque este incremento das retribucións non é cousa súa, isto vén dun acordo de marzo do ano pasado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Efectivamente, dun acordo do Goberno de Rajoy. Pois fágame vostede un favor e (*Aplausos.*) dígalle ao presidente Pedro Sánchez que o incremento do salario dos funcionarios o deixou asinado o Goberno de Rajoy, porque el parece que non o sabe e quere vendelo como un incremento do Goberno socialista de agora. Pois dígalle que vostede



o sabe, que o incremento salarial vén do ano pasado, que o deixou asinado o Goberno de Rajoy.

Señor Villoslada, non teño moito máis que dicirlle. E a portavoz de En Marea, sinceramente, con todos os respectos, creo que non leu o acordo. Non leu o acordo porque empeza a falar doutras cuestións que non veñen a conto. Creo que comezou ben, dicindo que a subida é positiva, e engade: insuficiente. ¡Home, si, todos queremos máis! Pero moi insuficiente non debe ser cando, despois de moitos meses... Desde que se asinou e se publicou o acordo de marzo do ano pasado a nivel estatal, o conselleiro e o seu equipo puxéronse mans á obra a traballar e a negociar cos sindicatos. Isto non xurdiu o día de Nadal. Isto leva moitos meses negociando cos sindicatos; algúns baixaron do carro pero outros seguiron ata o final, e isto é froito dunha negociación na que se chegou a este acordo. Os que asinaron este acordo considéranlo suficiente. Polo tanto, creo que está vostede desautorizando os representantes dos traballadores, creo que non debería ir por aí.

Insisto en que volve falar de «roubo de dereitos». Aquí non houbo roubo de dereitos, aquí houbo unha suspensión por unha crise económica e por unha lei que o que buscaba era garantir que os servizos públicos en Galicia seguiran funcionando, e conseguímo-lo, conseguímo-lo entre todos, fundamentalmente grazas aos empregados públicos. E o conselleiro de Facenda e o presidente da Xunta de Galicia non se cansaron nunca de darlles as grazas e recoñecerlles o esforzo feito aos empregados públicos de Galicia. Sempre, desde un principio, recoñeceron ese esforzo. E hoxe mesmo o conselleiro volveu agradecerlles o esforzo, e está anunciando melloras para que os funcionarios teñan unha carreira profesional e poidan estar máis incentivados e gañemos todos, porque gaña a Administración, gañan os funcionarios e gañan os galegos, que terán unha administración que funcione mellor.

Di tamén que o estatuto básico do emprego público é do ano 2007. Efectivamente, pois fíxese, ido 2007, da época do Partido Socialista!, e tivo que ser un goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia o que dez anos despois puxo en marcha a carreira profesional. Non o fixo antes ningún outro goberno, señorías.

Polo tanto, por último, nesta quenda —xa que vostedes non nos queren crer—, voulle ler o que opinan os sindicatos que asinaron. Comisións Obreiras, ¿como cualifican este acordo? «Pacto histórico, o mellor acordo posible». Non, non rían porque o di o sindicato. «O mellor acordo posible. Despois de dez anos agardando pola carreira profesional, iníciase este 1 de xaneiro».

UXT, ¿que di UXT? Isto igual non gusta nalgunha bancada, pero é o que di UXT. Non se atopan precedentes dun amplo proceso de previsión destas características, para retornar ás taxas de temporalidade inferiores ao 7 % en tres anos.

Isto non o di o Partido Popular, dino os sindicatos. Son eles os que din que é un acordo histórico, vostedes non. E o Goberno segue traballando, o conselleiro xa anunciou máis pasos que están programados para seguir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor MOREIRA FERRO: ...incidindo no desenvolvemento destes acordos.

Señorías, creo que están vostedes moi lonxe da realidade. Eu creo que deberían estar contentos, polo menos —dígoo para non facer o ridículo—, mellor deixen pasar o trámite, non interveñan, porque dicir cousas que non teñen sentido non aporta nada ao debate político, e non creo que aos funcionarios públicos lles guste moito o que están escoitando.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Réplica, conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente, e grazas a cada un dos intervinientes. Procurarei ir contestando a algúns dos temas nunha materia que me é particularmente querida, sensible, pois boa parte do meu desenvolvemento profesional foi en materia de recursos humanos.

Señor Bará, alégreme moito o chascarrillo cando despois da miña primeira intervención se refería ás bancadas do Partido Popular sinalando o pouco entusiasmo que as palabras ditas por min dunha maneira máis ou menos secuencialmente ordenada provocaban nas bancadas populares... Non o interprete mal. A cara é o espello da alma. A miña reflicte, obviamente, un sentido contido, pero moi contento do acordo que acadamos. Pero estudando a súa cara na primeira intervención, verdadeiramente daba a impresión de que non cría o que estaba dicindo, estaba verdadeiramente desencaxado; esa é a miña percepción. E pouco a pouco podereille ir dicindo algunhas das cuestións que fun apuntando, supoño que non con carácter universal, pero tratarei de contestarlle, porque boa parte delas tamén foron adiantadas polo señor Villoslada e ata certo punto tamén pola voceira de En Marea, que tamén dixo —iso lle recoñezo— que hai cuestións positivas neste acordo. Cuestións positivas, aínda que ben é certo que, como todo, é susceptible de ser mellorado.

Hai unha primeira falacia que me preocupa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Preocúpame cando se cuestiona a lexitimidade dos asinantes do acordo, e xa empezamos cun ataque á xugular. Tildar de minoritarios a dous sindicatos como UXT e Comisións ¡hai que ser valentes! Pero hai que ser máis valentes para non comprender cales son as competencias dunha xunta de persoal ou da comisión de persoal. Pregúntese por que hai un pronunciamento sobre as xuntas de persoal, que é a materia única e exclusiva que teñen en materia de funcionarios, cando estamos a falar de 21.500 empregados públicos. Pregúntese, que tontos non hai. Se así o facemos, a comisión de persoal, esa minoritaria que vostede di, quedaría máis que matizada. E, por certo, estas cuestións onde se debaten é na comisión de persoal. Permítame que lle diga que o seu razoamento sería tanto como dicir que os plenos das deputacións, de cada unha das deputacións, das catro deputacións, teñen as mesmas competencias que o pleno desta Cámara na que hoxe estamos a falar. Non faga chascarrillos, non desprece, por favor, a representación que teñen acadada determinados sindicatos e concén-



trese, por favor, no que son as competencias de cadaquén, que están na comisión de persoal. Polo tanto, é un acordo perfectamente acadado, con quen quixo acordar, despois de moito debater.

E, por certo, tamén na miña primeira intervención o que quedou moi claro foi o meu agradecemento, en primeiro lugar, tanto a UXT como a Comisións, e todo o que nos queda por desenvolver e por facer, que é moito, porque é verdadeiramente as antípodas do que durante case corenta anos coñecemos na función pública galega. Pero, ao mesmo tempo, tamén agradecín, porque houbo unha verdadeira negociación e contribución no seu caso, a participación de determinadas organizacións que non quixeron asinar o acordo; cadaquén co seu problema terá que explicar as súas condicións.

Hai outro mantra que resulta que repiten sempre, como é o mantra de que é un acordo — tamén o señor Villoslada ata certo punto se referiu... — en diferido, un acordo que se pacta no nivel estatal. De novo é confundir o touciño coa velocidade, porque o acordo, efectivamente, como precisaba o voceiro do Partido Popular nesta materia, é un acordo que nace do Goberno Rajoy, pero é un acordo moi traballado sobre competencias, en principio, que son estatais e non estatais, que recolle incrementos salariais moi importantes nos anos 2018, 2019 e 2020, ligado á superación dunha etapa de crise, cando se pode acometer esta situación, cun carácter diferencial moi grande que nos leva a un diferencial de aproximadamente algo máis do 8,70 % en retribucións. E calquera parámetro con outra cuestión que falarei agora, do tema dos IPC etc., é puramente coincidencia, puramente coincidencia. Recuperación certa e constatable, ligada a outro parámetro — como non pode ser doutro xeito — que é o crecemento da economía española, para non prometer e pagar con «corticoles», como moitas veces se ten feito en España. É dicir, asentemos as pezas e o que prometamos sexamos capaces de cumprilo. Polo tanto, Goberno Rajoy, acordo practicamente con todas as organizacións de ámbito estatal.

Pero, ao mesmo tempo, ese acordo contén a posibilidade, con eses fondos adicionais... — xa lle adianto, señor Villoslada, que hai que ter valor —. Se lle metemos un pouco de métrica, os acordos adicionais contemplados alí, como ben sabe, van do 0,2 ao 0,3 en termos anuais se se cumpren — tamén me vou referir agora ao cumprimento —, e ata onde eu sei, señor Villoslada, comparar o 0,2 ou 0,3 co que hoxe traemos aquí non deixa de ser un exercicio de ciencia que pouco ten que ver coa ciencia, neste caso matemática, cando lle poñemos un pouco de métrica.

Porque falar de incrementos do 0,2 ou 0,3 en tres anos, aínda que sexan acumulados, máximo 0,3, en comunidades como Galicia — non todas poderán chegar, por certo —, resulta que estamos falando de que este acordo que acabamos de asinar vai supoñer entre un 5 % e un 8 %, sobre todo nas categorías máis baixas, nos tres primeiros anos, e seguirán incrementándose paulatinamente cos que teñen os sistemas de carreira profesional. Ligar esta cuestión ao tema do IPC, ligar esta cuestión ao 0,2 ou ao 0,3 adicional, hai que ter un valor pero verdadeiramente... Sigamos progresando, sigamos progresando.

Polo tanto, é un acordo estatal do que nos sentimos moi orgullosos polo que significa, pero teño que dicirlle que o superamos amplamente na concepción salarial pero tamén ampla-



mente en todo o que non é salarial. Non desprecemos, por favor, todo o tema do cen por cento da recuperación da incapacidade temporal en grao máximo, que aquí o fixemos inmediatamente en Galicia, como para si querería calquera outra administración. Non desprecemos, por favor, todo o tema de conciliación, no cal xa eramos a primeira comunidade autónoma en España en termos comparables, e seguimos sendo e profundando nesta liña na que nunca se prodonda suficientemente, e por aí imos camiñar.

Hai outro tema tamén que foi introducido por vostedes, e ao que se referiron varios. É un tema normalmente moi querido polo señor Lago, pero permítame que me refira a vostede, é o tema do IPC. Imos falar un pouquiño de retribucións porque —volvo repetir— é bo poñerlles cifras aos argumentos que todos manexamos, cifras a poder ser oficiais —é bo, é bo, moi saudable—, recoñecendo que houbo etapas moi difíciles na crise, que se supera a partir de 2015, polo que respecta a Galicia polo menos. Pero, se así o facemos, cando falamos da recuperación salarial que se ten producido na Administración xeral da Xunta de Galicia, resulta que os colectivos máis baixos en retribucións —non en importancia— desde o primeiro de xaneiro de 2017 xa tiñan as mesmas retribucións que tiñan no ano 2009, que marcaba o estadio máis alto. E afecta a todos os grupos C2, e das administracións profesionais, o antigo Grupo E. Non é máis que unha constatación matemática. Se así o facemos, tamén vemos que o Grupo C1 —normalmente os colectivos de carácter administrativo— ten as súas retribucións no ano 2018 por riba das que tiñan no 2009. Pero se así o facemos neste ano 2019, todo o resto de grupos que traballan na función pública teñen retribucións en 2019 —sen contar co que vai supoñer a carreira profesional— por riba do que tiñan no ano 2009. Se a todo isto lle poñemos o IPC, efectivamente non era o 15 % pero se lle aproxima, é o 12 %.

Pero resulta que coa carreira profesional, só neste ano 2019, os grupos máis baixos chegarán ao 109,32 % ou ao 109,69 %, e así sucesivamente, case todos por riba do 105 %, e, por suposto, os do Grupo A1 e A2 por riba do 103 %, cando estamos falando do 12 % no primeiro ano de carreira profesional. Imaxínense vostedes —en tres anos estamos falando— o que a carreira profesional significará, a maiores do momento que temos na actualidade, sen ter en conta o incremento tan importante que nas retribucións fixas e periódicas haberá para o ano 2020, como adiantaba na miña primeira intervención, co cal o terceiro ano o IPC, mídase como se mida, quedará totalmente superado e empezaremos a estar en positivo todos os colectivos funcionariais, que esperemos que daquela sexan tanto os laborais que así opten como os funcionarios que xa o son a día de hoxe. Polo tanto, non hai nada mellor que marcar un período de referencia, poñerlle cifras e establecer se é certo ou non é certo, pero, obviamente, todo isto queda superado cando lle poñemos números ás magnitudes que predeterminamos.

Hai outra cuestión á que tamén se refería vostede, señor Bará, cando de novo criticaba o de que non se pode facer máis con menos. Permítame que lle diga con outro chascarrillo que nesta materia o que non se pode facer é o parvo, o que non se pode facer é o parvo, porque o que estamos facendo cun sistema dual como o que temos en Galicia, e co custo empresarial que significa chamarlle persoal laboral a determinadas persoas —dentro do quinto convenio colectivo a inmensa maioría pero non todos, porque sabe que nas entidades tamén existen outros réximes laborais—, é estar pagando un 7 % estupidamente. ¡Iso si que é unha tontería! ¿Comprende vostede que hai cuestións que, aínda que poidan parecer moi humildes,



ao final, se as pos nun peto, permiten outro tipo de desenvolvementos que son moito máis coherentes e que teñen que ver coa igualdade de dereitos e de prestacións que creo que merece cada profesional e, sobre todo, os cidadáns? Polo tanto, non podo coincidir con vostedes nesa apreciación tan simplista que fan de facer máis con menos. Si que se pode facer máis con menos. Moitas veces o temos feito, e seguiremos por esta vía nunca agotada.

Outro tema ao que sempre se recorre, que son novos dereitos, e aquí si que se referiron os tres. Vólvoo repetir, o acordo de concertación sobre o emprego público que acabamos de asinar o que si recolle son novos dereitos, empezando pola carreira profesional. Aquí se fixo unha referencia ao Servizo Galego de Saúde e outra chea de maledicencias e falsidades que se están utilizando nesta etapa, hai que telo moi claro. No Sergas, o que significa a recuperación dun dereito que tiñan na función pública de carácter xeral, este é un novo dereito, a través do recoñecemento da seriedade, do interese que manifesta cada profesional, cuns servizos prestados a día de hoxe, réxime extraordinario, e dende primeiro de xaneiro para adiante colle a todas e cada unha das persoas que a día de hoxe están traballando ou das que veñan traballar con nós. Polo tanto, un novo dereito de semellante contía que non foi quen. Polo tanto, debemos de estar todos agradecidos de coincidir nunha diagnose que é moi complicada pero sempre tratando de saír en positivo.

Varias veces se fixo aquí referencia ao Estatuto básico da función pública creo que dunha maneira equivocada, porque o Estatuto básico da función pública o que formula é a posibilidade da carreira de carácter funcional — artigo 17 paréceme recordar —, tamén hai unha referencia no artigo 19 á posibilidade laboral, e nós optamos, obviamente, por unha carreira de carácter funcional para evitar o dualismo. Pero o que se debe dicir tamén é que no estatuto básico levamos dez ou once anos sen desenvolvemento ningún e houbo un goberno do PP, houbo un goberno do PSOE, hai outro goberno do PSOE... Non podemos estar a esperar, sobre todo porque as comunidades autónomas temos unha gran capacidade para poder desenvolver todo isto. Por certo, a día de hoxe soamente existen dúas comunidades autónomas de réxime común que teñan algo parangonable ao que acabamos de instaurar en Galicia, dígase Valencia e as Illas Baleares. ¡Non hai outra! Aragón aínda vai polo primeiro grao e aquí xa temos outro de cuestións. Poñamos en valor o que estamos facendo con todos, polo tanto.

E ¡home!, ¡dicir como se dixo aquí que o acordo do Sergas é mellor!... O Sergas só está recuperando o que tiña, cunha secuencia lóxica 60-40, empezando por este ano. Supoñer que todo isto do que estamos falando, que é a maiores e que supón aproximadamente un 2 % adicional sobre as categorías máis baixas e case un 2 % durante os tres próximos anos para as categorías de maior retribución, é peor que o que existe no Sergas, *¡que venga Dios y lo vea!* Como tamén cando se comenta sobre o persoal temporal ou o persoal interino. É idéntica a consideración que lle damos.

Por suposto, señor Villoslada, que seguiremos moi atentos ao tema de sentenzas que teñen que ver co tema europeo, porque, efectivamente, moitas veces hai pronunciamentos dos tribunais; nós aceptamos sempre os pronunciamentos dos tribunais. O que si lle podo dicir é que a día de hoxe, nas poucas carreiras que existen, como lle teño dito, e tamén na do Sergas, estamos traballando cos mesmos criterios. O seu momento chegará no sentido que se poidan



pronunciar os tribunais, e seremos os primeiros, coma sempre, en cumprir as resolucións que nacen dos tribunais.

OPE raquílicas e postos de traballo oficiais, eliminar as taxas de reposición. Pero ¿non se dan conta de que as taxas de reposición son unha competencia estatal, exercida polo goberno do señor Zapatero, do señor Rajoy e agora do señor Sánchez? ¿Non se dan conta de que esta administración sempre trasladou o interese de que estabamos entrando nun paradoxo, porque as comunidades autónomas, ao ser entidades que prestamos servizos públicos básicos e moi queridos, non poderíamos reducir, como así pasou en Galicia, que foi a comunidade autónoma que mantivo en toda a etapa de crise as plantillas máis estables, os cadros de persoal e os efectivos máis estables de todas as comunidades autónomas?

¿Non comprenden que ao prestar estes servizos nós non podíamos prescindir de efectivos, e que se daba o paradoxo de que contratando persoal temporal eventual estabamos destinando uns recursos que poderían ir para outras cousas?. Nós sempre fomos partidarios de incrementar, pero como non depende de nós, acatamos. Iso si, as nosas ofertas públicas de emprego foron todos os anos ao tope que a lexislación nos permitiu, ¡todos!, na etapa Zapatero, na etapa Rajoy e agora na etapa do presidente Sánchez, cun engadido, que somos das poucas comunidades —practicamente ningunha— que o ano pasado, 2018, tiñamos a taxa de reposición no 108 %. ¿Por que? Porque cumprimos todos os parámetros de desempeño fiscal; cumprimos o déficit; cumprimos a regra de gasto, que ás veces se criticou aquí neste parlamento; cumprimos o período medio de pago e cumprimos a débeda, como tamén —moi previsiblemente— cumprimos para este 2019 e nos permitirá ese incremento do 108 % que, con carácter xera, pode ser utilizado na referencia que se puxo aquí enriba da mesa, como pode ser no ámbito sanitario, no ámbito educativo ou no ámbito xeral, que é o que nos trae aquí, porque é un conxunto para a comunidade autónoma de Galicia, e así o formularemos cando chegue o seu momento e se constate que ese cumprimento é un dos beneficios que nos leve.

Polo tanto, poñamos en valor que para algo serve cumprir, e neste caso para ir camiñando pola taxa de temporalidade máis reducida de España. De novo a métrica o que nos di —datos oficiais—, a única vez que se fixo en termos comparados, cando se falou do Plan de estabilización a nivel nacional durante tres anos, que a comunidade autónoma que presenta ese 14 % ao que se refería o representante do Partido Popular, Galicia é a comunidade comparable que ten a menor taxa de temporalidade. Iso échenos de orgullo pero non nos conforma, por iso formulamos como mínimo ese 7 % que ninguén está a formular en España. Iso vai dar moito traballo no nivel operativo e significa —isto xuntado a todos os procesos de funcionarización— que temos que ser moi áxiles, rápidos e sinxelos na formulación, sempre baixo os parámetros de publicidade e igualdade, que son os primeiros, pero tamén baixo o parámetro da capacidade e o parámetro do mérito. Por iso nos imos a concursos-oposición con carácter xeral do 40 %, recoñecendo que hai moito que recuperar durante estes anos. Polo tanto, de ningún modo podemos utilizar a palabra que se ten utilizado aquí de OPE raquílicas.

Os números que din hai un momento marcan limiares mínimos, señor Bará, mínimos, nunca houbo tal. Pero se temos en conta a nosa estrutura etaria, non hai que ser moi intelixentes



para darse conta —é o primeiro no que se debe fixar cada responsable en materia de recursos humanos— que en dez anos 8.500 persoas que a día de hoxe son laborais ou funcionarios da Xunta se xubilarán, e iso dámos unha marxe de manobra moi interesante que será a grande oportunidade para que esa xente que acaba de saír das universidades ou que está a piques de saír, que está saíndo das nosas escolas, perfectamente ben formada e motivada, entren a traballar con nós, como lles dicía hai un momento. Esa é a grande oportunidade que hai.

Por certo, señor Villoslada, non hai nada mellor que predicar co exemplo, e cando se chega a acordos, incluso neste Parlamento, tratar de cumprilos.

Cando eu repaso —dígame se estou equivocado— o cumprimento da moción aprobada —que tamén foi adiantada hai un momento— o 8 de maio, voume referir aos puntos que eu teño aquí apuntados, que me parece que eran seis.

Primeiro punto: establecer medidas para que se dedicara a porcentaxe adicional, xa llo acabo de dicir. Comparar o 0,3 na mellor das hipóteses, cada ano, ao 0,2, do que estou falando, é un atrevemento case metafísico.

En segundo lugar, determinar os sectores prioritarios. Vólvo dicir: cumprido. No punto 4 do Acordo de concertación que nos trae aquí no día de hoxe está moi claro, nos novos servizos públicos, a cales van ir destinadas esas taxas adicionais, ese 8 %, que é un valor que como Galicia moi poucas comunidades terán; a día de hoxe, practicamente ningunha.

En terceiro lugar, a taxa adicional de estabilización de emprego temporal a todas as entidades de emprego público, porque non é só a Administración xeral, cumprido de novo. Léase, por favor, o punto quinto do acordo. E, por certo, esta modificación a nivel estatal foi a instancias da Comunidade Autónoma de Galicia dende xa hai moitos meses. Polo tanto, non podo estar de acordo con vostede. Punto número cinco, señor Villoslada.

O número 4, que era determinar a repartición das horas de traballo, está cumprido de novo. Léase, por favor, o punto número 6. O 5, recuperar o pago do cen por cento da IT, cumprido; punto número 7. O punto número 6, impulsar plans de igualdade, cumprido; punto número 6 do Acordo de concertación.

Non hai nada mellor que poñer enriba da mesa o que acordamos e tratar de cumprilo. Pero neste caso a moción do ano pasado está cumprida ao cen por cento, segundo me trasladan os meus colaboradores, como lle acabo de dicir, e déixolle cando queira todos os papeis. Non hai máis que ler tamén o Acordo de concertación e ter ao lado a moción.

Histórico. Histórico sempre hai que consideralo respecto a que, respecto do que se fixo. Houbo un goberno non hai tantos anos, pero xa empeza a haber algúns aquí, que era bipartito. O último grande acordo da función pública foi asinado no ano 2006. Comparar o actual Acordo de concertación do emprego público co acordo magnífico ao que foron capaces de chegar daquela tanto PSOE como BNG, e vir comparalo a esta Cámara, jé que hai que facer un exercicio de tranquilidade...! Comparar aqueles incrementos —daquela lineais— na súa



cantidade máxima, xa só me vou referir a isto, co que significa este acordo, non deixa de ser un exercicio de trilerismo.

Daquela tamén se falaba —hai que dicilo todo porque non todo son cartos— de implantar un sistema de carreira profesional, ¿onde está? Daquela, en 2006, é dicir, ¡coidado!, ¡tam-pouco tivo anos para empezalo!, non quero dicir que todos sexan culpables. Daquela tamén se falaba de funcionarización. Un clásico falar de funcionarización en Galicia. Esta é a funcionarización certa, que se lle ofrece a cadaquén de maneira voluntaria e áxil. Por certo, o persoal laboral que se funcionarice a través da carreira profesional, no seu primeiro ano, e para sempre, terá un 1,55 % adicional que se estaba pagando de máis á Seguridade Social se o comparamos cun funcionario fixo. Iso todo xoga, e todo xoga en favor dos profesionais.

Por certo, no Acordo do Bipartito do ano 2006, daquela magnífico, resulta que a taxa de temporalidade xerada era do 8 %, e nós propoñemos como mínimo do 7 %, ¡algo estaremos facendo ben se o logramos! Se o logramos, pero nós imos tratar de logralo, daquela nin se intentou; o acordo era de 2006.

Daquela tamén se contemplaban as medidas de conciliación. Comparar as medidas de conciliación que daquela se contemplaban coas que anterior a este acordo tiñamos en Galicia, e sobre todo coas que imos ter, de novo non deixa de ser máis que un exercicio de... Non me explico, non me explico, pero é bo tratar de poñerlles números aos conceptos e tratar de poñernos de acordo nesa métrica, como lles dicía.

Creo que levamos tres anos onde dunha maneira ordenada e humilde —pero na humildade, por favor, non vexan febleza, non a teño en absoluto—, antes que calquera outra comunidade autónoma, practicamente fomos recuperando os dereitos, e non todos están agotados. Tamén recoñezo que foron quitados no seu momento, pero quedan cuantitativamente moi poucas cousas do que había no ano 2012.

Como lles dicía, na cuestión salarial, cando comparamos de verdade e lle poñemos números á situación que xa tiñamos, para algunhas categorías no ano 2017, para outras no ano 2018, para outras no 2019, a partir de agora empézanse a recuperar en positivo situacións, e cando se actualice este 12 % que non se fixo do IPC, quedarán superadas en moi curto prazo e dunha maneira constante pero sería. Fixémolo, como lles dicía, antes do resto de comunidades autónomas, porque fomos a primeira comunidade que completamos o pago da famosa devolución da extra do ano 2012. Iso hai que dicilo. Adiantamos un ano sobre o que tiñamos previsto o noso pago da paga extra. Foi un esforzo que, como ben se dixo aquí, pedímoslle —e coma nós moi poucos— aos nosos empregados públicos, pero foi o que nos permitiu ter as plantillas máis estables de toda España.

E igual que o fixemos dunha maneira rápida e áxil no ano 2017 e 2018, no día de hoxe a maioría das persoas xa teñen a súa nómina con ese 2,25 % que esperemos que sexa do 2,75 % a partir do primeiro de xullo, por nós non vai ser. Por certo, esa variable ligada ao IPC do 2,5 % tamén lles adianto que, se por Galicia fóra, obviamente cumpriremos, e algo máis, ese 2,5 %, que non está tan garantido para o conxunto de España. Permítanme tamén que me congratule co dato da última EPA, señor Lago, do que outras veces temos falado.



Non todo neste mundo son cuestións retributivas, pero todo axuda, e todo axuda dende a realidade certa. Durante todos estes anos as nosas ofertas de emprego xa lles digo que as agotamos en cada momento, e son conscientes de que houbo máis de dúas mil prazas ofertadas, que impulsamos máis de oito mil duascentas en concursos de traslados, cando noutras administracións *no se mueve ni una paja*. Por certo, estráñame que cando falamos doutras administracións, señaladamente no ámbito local, os modelos de carreira profesional non estean desenvolto, e se critica o que a maiores acabamos de comentar. Como tamén me congratulo de que se poña ao Parlamento coa súa carreira profesional, cando o propio presidente do Parlamento foi quen de tomar a iniciativa e con toda a nosa colaboración fomos quen de tratar de axudar en algo que é perfectamente autónomo. Polo menos, á hora de poñerse medallas, teñamos un pouco de coidado.

Aprobamos medidas de flexibilidade horaria e teletraballo para máis de once mil beneficiados, que nos sitúan como os primeiros de España, e devolvemos os días de vacacións e de libre disposición por antigüidade, e resulta que tamén fomos os primeiros de España en facelo. ¿Por que non poñemos todo isto en valor, sabendo quen os quedan moitas cousas por facer e moitas cousas por mellorar?

Polo tanto, dúas ideas fundamentais. A etapa de recuperación de dereitos creo que está superada en Galicia, así o constata a realidade. Estamos en etapa de novos dereitos en materia tanto salarial como doutro tipo de dereitos en Galicia, boa etapa. E o que máis me agrada tamén é comunicar o recoñecemento a todas as persoas que están traballando na función pública neste caso xeral, e sobre todo a grande oportunidade que a partir de xa van ter as nosas persoas que queiran colaborar baixo os principios de igualdade, mérito e capacidade para este ano e os seguintes, como mínimo, ata os próximos dez anos.

Isto vai a significar unha verdadeira transformación dos que coñecemos a función pública, por iso lle dicía, e así o recoñecen, que seguirei sempre estando moi agradecido aos sindicatos que, dunha forma valente —e non minoritaria, señor Bará—, foron quen de asumir esta realidade, deixarse de estratexias de carácter sindical a curto prazo, ter as luces máis longas, porque os nosos cidadáns merecen os servizos de calidade que teñen cada vez máis, e o que non merecen é determinados chascarrillos ou aproveitar determinadas situacións como se están producindo en determinados ámbitos. E, de verdade, se asistísemos onde tiñamos que asistir neste Parlamento e confrontásemos números, a realidade é totalmente distinta a esa cienciaficción que moitos de vós manifestades.

Sen máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda de aclaracións. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Martínez, falando de cienciaficción, revelouse vostede coma un experto en quinésica, non lle coñecemos esta faceta. Augurámoslle un brillante porvir se se dedica a estas cuestións.



Mire, nós negamos a maior, primeiro, porque estamos falando dun mal acordo ou dun desacordo, porque hai unha maioría de organizacións sindicais que non avalan este acordo. Vostedes teñen o mérito tamén de poñer de acordo a dúas centrais sindicais como a CIG e a CSIF. Vostede di que é por intereses espurios, pero o que fixeron foi criticar e non asinar este acordo con argumentos e con razóns que nós tamén traemos aquí. Claro, xa dicir o que dixo o señor Moreira de que este acordo o asinaron organizacións sindicais responsábeis, ¡manda truco! Hai organizacións responsábeis, que son as que lles votan a favor a vostedes, e hainas irresponsábeis, que son as que denuncian que este acordo é discriminatorio, que é inxusto, que é regresivo, que non se recupera. Porque tamén negamos esa maior, non se recuperan os dereitos salariais e laborais espoliados durante os anos da chamada crise, que foi unha escusa para un xigantesco espolio de dereitos da clase traballadora. ¡Para iso foi a crise! Polo tanto, falamos de desconcertación, falamos de desacordo ou falamos dun mal acordo.

Señor conselleiro, fala vostede das taxas de reposición como se fose algo completamente alleo ao Partido Popular. É que o aprobaron vostedes, o Partido Popular, gobernando en Madrid o señor Rajoy no 2012, coa Lei de estabilidade e con toda a normativa que veu despois. ¿Vostedes onde estaban daquela? ¿Ou é que non eran partícipes deste tipo de medidas regresivas contra os intereses dos servizos públicos, da función pública e do funcionariado? Son vostedes corresponsábeis desas decisións e de aplicarlas de maneira submisiva, servil e mansa aquí en Galiza.

Claro, ademais os datos son contundentes, e son datos do IGE. Mire, funcionarios de carreira, baixada de 6.166 entre 2009 e 2018. E, ao mesmo tempo, incremento da temporalidade, de 1.884 a 4.075, o 116 %. Vostedes incrementaron desta maneira absolutamente desproporcionada a temporalidade, e agora veñen aquí presumir ou queren presumir de que van baixar a temporalidade cando llelo impuxeron as sentenzas. En fin, ¡cada pau que aguante a súa vela!

Despois, a respecto das taxas de reposición, nós trouxémoslle aquí un acordo deste Parlamento que di literalmente que insta a Xunta de Galiza a instar o Goberno español a eliminar a taxa de reposición nos orzamentos do 2019, correspondendo a cada comunidade autónoma a competencia de determinar o número de prazas a incluír na oferta anual de emprego público. Isto é o que defendeu o BNG e o que aprobou todo o Parlamento. Pero vostedes non están cumprindo este acordo, porque, polo que se ve, aceptan a situación tal como está e non fixeron nada por cumprir este acordo.

Xa non me vou parar moito no tema das retribucións porque non teño moito tempo, pero os sindicatos tamén cuestionaron isto. Pero voume parar un pouco máis, porque me parece unha cuestión transcendente e á que vostede tamén lle prestou moita atención, na cuestión da carreira profesional.

Mire, isto é o que din os sindicatos maioritarios, que publicaron un acordo, un comunicado, que di: «A proposta da Mesa xeral de negociación foi rexeitada polos sindicatos CIG e CSIF, que ostentan a maioría absoluta nesa mesa e nas cinco Xuntas de persoal funcionario, que representan a arredor de dez mil funcionarios da Xunta de Galiza, polas seguintes razóns: porque este sistema de carreira profesional supón un agravio comparativo e unha discriminación co persoal doutras administracións públicas, e mesmo no caso de Galiza, co Sergas



—xa llo dixen tamén— e mais co Parlamento de Galiza. Supón un agravio comparativo e unha discriminación con respecto ao persoal da administración e servizos do Sergas. Desenvolve unha carreira profesional onde o seu persoal pode acceder de xeito extraordinario a dous graos nun período de tempo menor que o persoal da Xunta de Galiza. Establece limitacións respecto ao persoal temporal e interino, ao impedirilles acceder a un cadramento extraordinario, cando o Sergas e tamén o acordo do Parlamento de Galiza non teñen esta restrición. E establece unhas discriminacións intolerábeis entre os propios funcionarios de carreira no caso das remuneracións da carreira profesional».

En definitiva, señor conselleiro, que non avalamos este acordo porque nos parece discriminatorio, porque nos parece inxusto, porque nos parece un mal acordo, porque non recupera o emprego perdido —vostedes dan conta dunhas ofertas de emprego público totalmente irreais e maquilladas, e xa vimos no caso do ensino público como na promoción interna só se cubriu menos do dez por cento das prazas ofertadas— e, sobre todo, porque non se recuperan os dereitos eliminados e suprimidos durante a mal chamada crise, que foi un espolio de dereitos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Presidente, grazas.

Señor Moreira, eu creo que hai que saber distinguir o que é o ámbito da negociación colectiva e o que é o ámbito do debate político nesta Cámara. Facer esa relación bidireccional sindicatos-partidos (*Aplausos.*) pódese entender nalgunha ocasión, pero eu creo que non é respectar precisamente o marco político e saber deslindalo do marco da negociación colectiva, do marco das organizacións sindicais. Esas lecturas podíamolas facer tamén respecto do Partido Popular e non as facemos, non as facemos.

O que si dicimos é que o Acordo, señor conselleiro, é absolutamente necesario, o que pasa é que o Acordo é absolutamente insuficiente. Evidentemente, a moción de maio que aprobamos nesta Cámara está recollida no Acordo na medida en que anuncia os puntos sobre os que hai que traballar, pero se un fai un percorrido por cada un deses puntos na primeira parte do Acordo, moitísimos deles, ou a maior parte deles, están sen concretar. Si, pódese persignar señor conselleiro, pero están sen concretar.

En fondos adicionais non se concreta cales son as políticas sobre as que se van aplicar os fondos adicionais. Non se concretan, señor conselleiro. En materia de oferta de emprego público fíase todo, aínda, aos traballos das comisións de seguimento. En materia de estabilidade no ámbito das entidades públicas vinculadas á Administración autonómica, utilízase o verbo poderase, non hai maior concreción.

Cando se fala de xornada de traballo e de conciliación, fálase de que se presentarán posibles novos acordos, ou falarase disto no primeiro trimestre de 2019. O único que se recolle é a literalidade do segundo acordo.



En materia de funcionarización, o único que dicimos é que, co atraso con que se está levando adiante este proceso de cara a un modelo único que insisto que compartimos, e coñecemos experiencias de éxito neste sentido, coñecémolas perfectamente, o que si necesitamos todos os empregados públicos autonómicos de cara a ese modelo único é que non se atrase máis e que se leve adiante, por suposto, coas necesarias garantías.

Pero tamén hai algunha cuestión máis que lle apuntarei, e é que en absoluto podo compartir cando na recuperación da prestación ao cen por cento nas situacións de incapacidade temporal se di literalmente que é a opción máis beneficiosa. Hai moitas administracións públicas, no contexto das administracións públicas en España, que veñen aplicando a recuperación das prestacións por IT ao cen por cento desde o verán do ano pasado en virtude do Acordo de marzo. ¿Por que Galicia ten que esperar tanto? Entón, eu creo que non o podemos admitir, nin os empregados públicos admiten en Galicia ese mantra, porque é un mantra ou, como vostede di, é unha falacia.

Nese sentido, falando de falacias ou falando de mantras —por certo, a recuperación das pagas extras era obrigada por sentenza, sabémolo todos perfectamente—, hai unha obriga por sentenza clara que había que levar adiante, e os que traballamos en diferentes administracións públicas así o fixemos todos. Quero dicir que non é unha medalla que se teña que colgar ningún xestor público.

Ás veces, máis que a parte do articulado dos textos normativos ou dos acordos hai que ler a parte das exposicións de motivos, porque translocen cales son as vontades que se queren expresar, e, nese sentido, hai tres puntos da parte expositiva do Acordo que si quero remarcar nesta intervención final.

Un. En primeiro lugar, porque eu creo que ningún dos empregados públicos autonómicos admite —como lle dicía antes— esa especie de neolingua ou de versión orwelliana de transmitir a realidade. Porque non é certo —como sempre se di— que o persoal ao servizo da Administración pública da Xunta de Galicia contribuíu de maneira notable e directa á recuperación económica. O persoal autonómico non contribúe a nada, o persoal autonómico o único que fixo foi sufrir os recortes levados adiante. *(Aplausos.)* Quero dicir que a forma como se din as cousas ou como se trasladan os relatos é moi importante á hora de transmitir unha realidade ou outra realidade. A realidade é que os recortes que se sufriron desde 2012 foron unha imposición clara respecto do conxunto dos servizos públicos autonómicos. ¡Evidentemente que contribuíron a cadrar as contas!, pero non se pode falar de sacrificio, o sacrificio foi, evidentemente, imposto.

Hai un par de cousas máis que lle quería comentar. En primeiro lugar, fálase —por iso supoño que se ten que falar— de que se ten que dignificar o papel e as condicións de traballo dos empregados públicos. E logo, na parte expositiva, para rematar, dise que «Galicia levou adiante os axustes retributivos...» —e leo literalmente— «...máis alá dos exixidos pola normativa básica do Estado». Isto dío literalmente o Acordo e eu creo que hai que lembralo.

Insisto, as organizacións sindicais, as máis representativas e as menos representativas pero todas lexítimas, teñen os seus argumentos para asinar ou non este acordo. Pero para levar



adiante unha nova etapa na función pública de Galicia eu insisto en que ese acordo de concertación tería que ser máis amplo, porque sabe, señor conselleiro, que hai determinadas medidas, por exemplo, en materia de sistemas de carreira profesional, nas que a base de lexitimidade social do Acordo é feble para levalo adiante, e nese sentido deben profundar na capacidade de concertación.

Para rematar, señor conselleiro, falan da temporalidade, que é un dato crítico, evidentemente, no ámbito da calidade dos servizos públicos. Eu remítome a datos oficiais nada máis; rebátanos se son outros os datos que manexan por parte do Goberno. Acudindo ao último dato oficial, que é o Boletín estatístico do persoal ao servizo das administracións públicas do Rexistro central de persoal do ministerio, dinos como en xaneiro de 2011 había 89.219 empregados públicos autonómicos; é dicir, consellería, docencia non universitaria...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...institucións sanitarias e Administración de xustiza. En xaneiro de 2016 computan 86.499; en xullo de 2018 —último dato oficial—, 86.180, aínda non hai recuperación de emprego público en Galicia.

Docencia non universitaria. Datos propios da Comunidade Autónoma, da Xunta de Galicia, no Portal de Transparencia. Remítome aos datos oficiais publicados neste caso polo Goberno galego. Dos 30.000 docentes non universitarios, 4.300 teñen carácter interino, e non computamos aí os docentes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...de contrato inferior a seis meses. O 14,4 % de temporalidade na docencia non universitaria.

Sanidade —institucións sanitarias, señor conselleiro—. Dos 34.500 efectivos, 9.000 teñen carácter temporal —é dicir, un 25,8 % de temporalidade—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...dos que 7.000 son sanitarios...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...e 2.000 non sanitarios.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Estes son os datos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...señor conselleiro. Remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non, terminou o tempo xa. Mire o reloxo, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Benvidos ás políticas de rectificación en materia de emprego público, pero aínda teñen moitos deberes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¡Mire o reloxo, por favor! ¡Xa está!

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...por cumprir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas.

Restituír a negociación colectiva —que debe ser iso, colectiva, non parcial— é o primeiro paso para acadar —iso esperamos— os dereitos perdidos. Grazas á mobilización cidadá, ao cambio de rumbo político estatal, á presión sindical dos traballadores e as traballadoras públicas, grazas a todo iso, podemos concordar que estamos no inicio dun acordo, pero polo menos se está a falar.

Pero tamén entendemos que esta negociación non rematou. De feito, acompañando a opinión dos sindicatos —incluso dos que o asinaron—, existe unha comisión de seguimento para seguir avanzando na recuperación do arrebatado. É dicir, se non nos vale a palabra «roubado», diremos «arrebatado», que quere dicir máis ou menos o mesmo. Quere dicir: apropiarse de forma indebida, aproveitándose dos máis débiles da estrutura social.

Queremos engadir a todo isto, señor conselleiro, que pensamos que hai alternativas que serían máis xustas cos empregados e as empregadas públicas.

Entre estas alternativas que nós xa propuxeramos estaría recuperar o poder adquisitivo perdido. Fronte ao 1,75 % que se propón para este ano —que non é tal cun IPC no 2018 do 1,7 %—, propoñemos unha subida do 2,7 %; e a subida ten como obxectivo a recuperación, durante os próximos catro anos, do 13,5 % perdido nos últimos oito anos.

Eliminar definitivamente a taxa de reposición para todos os ámbitos do sector público. Unha oferta de emprego público extraordinaria para que se repoña o emprego destruído dende o 2009 e se faga fronte aos retos actuais; esta OPE para os ámbitos administrativos máis urxentes debe de ser inmediata.



Contemplan expresamente a xornada laboral de 35 horas, así como a obrigaón de abonar o cen por cento das retribucións fixas por incapacidade temporal; a ningunha persoa lle debe custar diñeiro estar enferma.

Non vincular, loxicamente, os incrementos salariais ao PIB, como se fomos parte dunha empresa ou accionistas. A creación dun fondo destinado a lograr unha subida nas retribucións do persoal que con máis urxencia o require. Por unha banda, aquelas prazas retribuídas con menos de mil euros ao mes; e, por outra, aquelas que se desempeñen en lugares onde sexa acuciante unha diferenza salarial con outras administracións públicas realizando iguais funcións nos mesmos espazos físicos. Por poñer un exemplo, insisto en que nós presentamos no noso grupo unha emenda aos orzamentos do Fondo de acción social para dotalo de novo con 1.500.000 euros que tiña na súa orixe.

Por todo isto, creo que hai moitas cousas por facer, aínda que pensamos que isto é o principio —esperamos— dun camiño.

Moitas grazas. Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Díxose aquí que a taxa de reposición a fixou un goberno do Partido Popular no 2012, e iso non é certo. A taxa de reposición foi establecida polo Goberno de Rodríguez Zapatero, que deixou a taxa de reposición a cero no ano 2010. Iso foi o que pasou. Co paso dos anos, cando se empezou a establecer unha taxa de reposición máis alta, a Xunta de Galicia sempre foi ao máximo, e segue indo ao máximo.

Señor Bará, vostede segue dicindo que isto é discriminatorio e regresivo, pero non explica por que. ¿Fala acaso do tema dos funcionarios interinos? Está vostede nun inmenso erro. Mire, os funcionarios interinos non quedan fóra da carreira, encádranse no grao inicial da carreira desde o 1 de xaneiro deste ano. Ningún persoal laboral queda fóra da carreira tampouco.

Di tamén que o sistema da carreira profesional do Sergas é mellor ca o da Xunta, pero iso é falso. O que pasa é que o sistema de acceso é o mesmo, polo demais, os interinos e os laborais temporais deixarán de selo pola ampla oferta de emprego que ofrece o acordo e o acceso benéfico a través do concurso-oposición.

Dá a entender tamén que o valor dos graos é mellor no Sergas que na Xunta. Falso. O que pasa é que vostedes non poden comparar o que cobra un funcionario da Xunta que inicie a súa carreira e o que cobre un traballador, por exemplo, da sanidade que a iniciou hai máis de dez anos; non é o mesmo, esa é unha comparación falaz.



E non hai tampouco ningunha chantaxe ao persoal laboral fixo. Hai que ter en conta que o estatuto básico restrinxe a carreira aos funcionarios de carreira. Aquí o que se está facendo por parte da Xunta de Galicia é ofrecer a posibilidade de funcionarizarse ao persoal laboral, para que, entre outras cousas, poida acceder a este beneficio da carreira profesional.

Ao señor Villoslada xa lle aclarou o señor conselleiro, punto por punto —eu entendino perfectamente—, como se están cumprindo os puntos do acordo da moción que se aprobou aquí o 8 de maio do ano pasado.

Por outra banda, En Marea aquí andou dando bandazos durante moito tempo, señora Torregrosa. Vostede igual non estaba daquela aquí, pero aquí En Marea comezou no seu momento co tema de reiterar continuamente que se derogara a Lei 1/2012, e ao final déronse conta de que, se estaban pedindo o levantamento da suspensión do convenio e da redacción completa da lei, estaban levantando a suspensión do plus dos ex altos cargos. E logo recordo perfectamente como houbo un momento no que xa pedían que se levantase todo o convenio excepto o plus dos exaltos cargos. Claro, non quedaba ben que vostedes volveran poñer enriba da mesa que se restablecera o plus dos exaltos cargos, por iso mudaron as súas reivindicacións. Pero o plus dos exaltos cargos suspendeuno un Goberno do Partido Popular.

Tamén a Lei 1/2012 serviu para que ningún directivo poida ter unhas retribucións superiores ás do presidente da Xunta; e vostedes insistían en derogar esta lei.

Aquí se dixo —díxoo o conselleiro— que Galicia foi a primeira en devolver a paga extra. ¿Sabe que dicía o señor Villares —que agora non está aquí— sobre a evolución da extra cando era candidato para a Xunta de Galicia? Dicía: «*esto demuestra una vez más la incapacidad de un gobernante que utiliza el dinero público para pagar su campaña electoral*». Díxoo en referencia ao presidente da Xunta. E engadiu: «*Feijóo debe saber que a xente sabe que a está enganando, que baixo a figura de bo xestor está enmascarando simplemente propostas de carácter electoralista, e non creo que a xente se vaia deixar comprar por unha chuvia de diñeiro anunciada a un mes das eleccións*». Isto é o que dicía o portavoz das Mareas cando se estaba devolvendo a paga extra.

En definitiva, o que quero dicir é que durante a crise se lles exixiu aos empregados públicos un enorme esforzo, e é xusto recoñecérllelo. Os partidos da oposición, ¿que fixeron? Limitáronse a poñer obstáculos e a criticar de forma destrutiva todo canto se fixo. Non sei por que, debe ser porque ao mellor algúns partidos —por exemplo, o Partido Socialista— teñen outra concepción da política de emprego público. Creo que van máis polo tema dos lazos familiares, enchufar a cuñados...Creo que esa é a política de emprego público que defende o Partido Socialista. (*Murmurios.*) Nós non defendemos esa política de emprego público, señor Villoslada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor conselleiro, vostede estes anos tivo que escoitar aquí críticas inxustas, infundadas, e o feito de que hoxe poida exhibir este acordo demostra que vostede e a Xunta de Galicia foron polo camiño correcto, velando pola sustentabilidade dos servizos públicos de Galicia a pesar do barullo que formaba e que segue formando a oposición.



Falan tamén de que hai redución de efectivos, que non hai estabilidade... Mire, durante a crise Galicia foi a comunidade que mantivo máis estable o seu número de efectivos, e a baixada foi dun 0,6 %, a metade que a media das comunidades autónomas, que era de 1,2 %. E mentres Galicia mantivo a súa plantilla estable, outras comunidades —como, por exemplo, a Junta de Andalucía— teñen 16.500 traballadores públicos menos que no 2008. Compárenvos vostedes quen foi responsable, quen mantivo a estabilidade e quen non a mantivo.

Por tanto, creo que debemos estar orgullosos deste acordo, aínda que vostedes non axudaron para nada a que isto saíra adiante e que se sostiveran os servizos públicos no momento máis difícil. Pero os galegos son intelixentes, souberon elixir ben en quen debían confiar, no presidente Feijó, e hoxe os datos, señorías, avalan a xestión do presidente Feijó. E seguirán mellorando eses datos, pero non por casualidade, senón porque se fixeron ben as cousas, e o pobo galego nunca se equivoca.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor MOREIRA FERRO: Polo tanto, grazas, señor conselleiro. Grazas polo seu bo facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Peche da comparecencia, conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente. Imos tratar de cumprir os horarios.

Señor Bará, hai unha cousa que non por repetila suficientemente se consolida, sobre todo cando en fronte hai persoas que somos peleonas e que que se nos dá. Non por dicir determinadas formulacións que fan os sindicatos ten que pensar que todas son verdades. Non vou utilizar a palabra «mentira», só digo que o bo que ten a Administración, e con carácter xeral practicamente en toda España e en toda Galicia, é que a xente somos todos moi maiores, todos sabemos ler, e non hai nada mellor que ler os acordos aos que se chega. O último publicado —como se dixo tamén aquí— co don da oportunidade. Tratando de ir acelerados agora se nos critica o don da oportunidade, como foi onte o *Diario Oficial de Galicia*, onde se recolle o acordo. Non hai máis que lelo e non hai máis que ler cales son os acordos no Sergas para comparar uns e outros, a que colectivos colle etc., e ver que é recuperar un dereito ou que é un dereito a maiores. A partir de aí, cadaquén que decida, por favor. E cando cadaquén mire se se vai a tres ou a dous anos, a catro ou a tres, que mire porcentualmente o que significa, que todos sabemos facer unha división moi simple, e entón chegaremos a determinados acordos. A partir de aí, cadaquén libremente, libremente. Pero o bo que hai, sobre todo na Administración, é que a xente está moi preparada e todos os empregados públicos saben ler e escribir.

Señor Villoslada, chámame a atención algunhas das cuestións. ¡Home!, eu creo que todos progresamos adecuadamente. É bo sempre fixarnos en datos oficiais, pero quédese cunha



cousa: o dato o que marca é unha situación de partida, podemos discutir algo sobre iso, é unha situación de partida; o importante é que aquí estamos xa noutra fase, que é a fase da estabilización, anos 2018, 2019, 2020, como moito un coletazo no 2021, para chegar a ese 7 %. Quédese con ese dato, por favor, e a partir das próximas semanas mirará as novas ofertas, se son máis grandes, se son as mínimas as que adiantei ou non e se se executan rapidamente, que é o que temos que facer, e máis sinxelas entre todos. Baixo os parámetros sempre de publicidade, igualdade, mérito e capacidade, ¡eh!, ¡que ninguén se equivoque!, ¡que ninguén se equivoque!, que na Administración só hai unha porta de entrada, a de adiante, non a de atrás. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por certo, cando fala de determinadas cuestións da taxa de reposición, que xa lles adiantei que foi a instancias desta comunidade autónoma o que se refire ás entidades, tamén no acordo está contemplado, e unha das entidades —que a algún sindicato non lle gusta demasiado, por certo— é o Consorcio do Servizo de Benestar. Só a taxa de interinidade e de eventualidade que manifesta o Consorcio de Igualdade e Benestar é de semellante calibre que fai tonterías a todos os demais. Estamos falando de aproximadamente 1.850 persoas, sobre un colectivo de 3.000 que en entidades pode haber, e con carácter temporal; diso é do estamos falando. Polo tanto, non hai nada mellor que predicar co exemplo.

En determinadas cuestións que vostede introduciu da formulación máis política de determinadas cuestións, este que lle fala non ten nada que ocultar. Sei que vostede ten unha forma de pensar tan lexítima como mínimo como a miña, pero eu seguirei defendendo os meus posicionamentos e algunhas veces que se utilizan.

Señora Torregrosa, mire, mire, mire... Todo ben, muller, pero hai determinadas cuestións que non son iguais en todas as partes de España. Algunha vez téñoo dito neste Parlamento, o bo que ten a Administración autonómica en Galicia —en Galicia, non sei noutras partes, a Administración autonómica en Galicia— é que para xornadas normais, completas —despois discutiremos e hai que comprender ata o que vostede chama 35 ou o que eu lle chamo 35 ou 37 e media—, para xornadas completas en Galicia non hai soldos de 1.000 euros ao mes, iso a primeira. Iso pasa noutras comunidades autónomas que acaban de ser perdidas, como na actualidade, cando xa o ano pasado dicían que ían tratar de que non houbera ninguén que coa xornada completa tivera 1.000 euros. En Galicia iso non existe, tema número un.

E o tema número dous tamén. Non rexeite, por favor, ligar determinadas cuestións ao incremento do PIB. O que si lle digo é que no acordo que acabamos de asinar, na súa compoñente salarial, que é moi grande, non existe esa ligazón. Polo tanto, está moi ben vir con determinadas cuestións que poden servir aquí como en La Rioja, pero comprenderán vostedes que esa realidade non é a que nos trae aquí a día de hoxe. Aquí estamos falando de incrementos porcentuais moi altos e non ligados ao PIB, e este que lles fala non rexeitará para nada ligar ao PIB determinadas cuestións que son as que nos permitiron saír da crise, e así estamos. E jollo!, non nos despistemos.

Uns datos nada máis, uns datos, e vou poñerlles datos ás cousas. Con todo o que nos guste ou non nos guste a determinadas persoas que aquí xa estaban, levamos trece anos sen un acordo desta magnitude —por abaixo—, con carácter xeral, para a función pública. Estamos



falando de 21.500 profesionais e as súas familias aos que este acordo lles afecta. Temos uns incrementos garantidos como mínimo, sen a carreira profesional, do 8,5 % entre este ano 2019 e o 2020. Díganme se non vai haber recuperación en termos de IPC ou calquera comparable. E continuaremos.

Son vinte e catro anos con carácter ordinario, e con carácter extraordinario moitos menos. Calquera parámetro de financiamento e de custo para a comunidade autónoma respecto dos fondos adicionais é que ¡vamos!, non aguanta a comparación nin multiplicado por dez, ¡nin moito menos!

O 93 % será a taxa de estabilidade, e poucas administracións en España o conseguirán. E 4.300 é o número mínimo de prazas a ofertar nas ofertas de emprego dos anos 2019 e 2020. O cen por cento da IT non se desconta tan a correr como o estabamos facendo. E o cen por cento dos empregados públicos verán tamén as súas condicións laborais melloradas. Novos dereitos con certezas.

Polo tanto, este acordo, que era o que me traía aquí o día de hoxe, non é un acordo máis, senón que é o máis importante dos últimos anos, e vai ser moi importante, quizais transcendental, tanto para os empregados públicos como para a propia Administración autonómica e os cidadáns, pois teremos persoas mellor formadas, mellor preparadas, con máis interese sobre a iniciativa de carácter transversal, e iso redundará en mellores servizos públicos.

Desde o primeiro momento quixemos ir con todas as organizacións sindicais, nun proceso acelerado durante os últimos meses. Primeiro analizamos e diagnosticamos o que tiñamos entre mans e marcamos as prioridades, e despois pactamos os instrumentos axeitados para incorporar eses novos dereitos aos que me refería hai un momento. Creo que é un exemplo de utilidade do diálogo social e da negociación colectiva, polo que quero de novo agradecer a responsabilidade e a altura de miras aos sindicatos asinantes e tamén o traballo e as achegas durante as negociacións ao resto de organizacións sindicais.

Estamos ante unha auténtica transformación da función pública, porque Galicia necesita unha moderna función pública neste século XXI, onde contaremos con mellores retribucións para os seus empregados, con maior estabilidade no seu posto de traballo, con maior igualdade e equidade nas súas condicións de traballo, con maiores garantías de formación, motivación e recoñecemento profesional, con máis prazas para poder acceder á Administración nos vindeiros anos e con mellores condicións de conciliación. Tamén achega certezas para os empregados públicos que xa traballan na Administración, porque teñen unha senda certa para ter estabilidade e mellores salarios e condicións de traballo.

Os cidadáns que queiran prepararse para acceder á función pública saben que nos vindeiros habrá unha enorme oportunidade de traballar na Administración autonómica. E novos retos tamén, porque estamos abordando algo que nunca se ten feito na Administración xeral da Xunta. Reitero: unha auténtica transformación, o que supón un reto para os que teñen a responsabilidade de representar os traballadores e tamén un reto moi grande para os que temos a responsabilidade de xestionar dende a Administración.



Remato xa, señorías. Veñen moi bos anos para o desempeño na función pública e queremos que a Administración galega estea á vangarda da necesaria transformación que precisa para prestar un servizo público acorde co momento que nos toca vivir. Por iso apostamos por un diálogo leal e construtivo que xerese consensos para que Galicia conseguise un pacto global que de seguro pode ser unha referencia incluso para outras comunidades, algunha que outra comunidade autónoma e concello.

Moitas grazas. É un pracer. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

(A señora Torregrosa Sañudo pide a palabra.)

Si, señora Torregrosa, ¿para que quere a palabra?

Perdón, déanlle voz ao escano da señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Preciso facer unha aclaración con respecto ao que dixo o señor conselleiro.

Respecto ao documento asinado do acordo, na páxina 5...

O señor PRESIDENTE: Non, pero iso forma parte do... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...1,50 % fixo máis 0,25 % variable ligado ao cumprimento...

O señor PRESIDENTE: Iso forma parte da comparecencia. Grazas.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...do obxectivo do crecemento do PIB en 2017.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa. Non procede, xa está. Grazas. *(A señora Torregrosa Sañudo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non. Perdón, teñen outro mecanismo para facer iso. Hai outras iniciativas. Hai outras iniciativas para iso. Hai outras iniciativas para iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Faimo chegar a min, non hai ningún problema, e eu llo paso ao conselleiro. Pero hai outras iniciativas, non é ese o debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, todos temos que ler. Grazas.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Punto terceiro da orde do día.

Hai unha alteración. Como saben, agora non se substancia unha comparecencia senón unha moción, dúas mocións.



Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto das tarifas eléctricas

O señor PRESIDENTE: Hai emendas. Unha que presentou o Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 41993).

Emenda de modificación.

Débase substituír o punto 1 da parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

«1.- Establecer convenios cos concellos de mais de 15.000 para crear nos mesmos Puntos de Información Enerxética estables, que se enmarcarían nas Oficinas Municipais de Información ao Consumidor, alí onde existan estas. Dotados de toda a información necesaria e persoal especializado para asesorar a toda a cidadanía en asuntos como: as tarifas eléctricas e de gas máis vantaxosas; hábitos no fogar para rebaixar o consumo enerxético; medidas para incrementar a eficiencia enerxética; alternativas para o autoconsumo eléctrico; asesoramento e tramitación do Bono Social Eléctrico e de calefacción; alternativas enerxéticas a partir da biomasa, xeotermia, etc.»

Débase substituír o punto 3 da parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

«3.- Dotar orzamentariamente por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria o acordo coa Fegamp para a implantación dos Puntos de Información Enerxética.»

Emenda de supresión

«Débase suprimir o punto 5 da parte resolutiva da moción.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 41993).

Emenda de substitución.

Substitución dos puntos 1, 2 e 3 polo seguinte:

«1.- Desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo con especial atención á información relacionada cos consumos enerxéticos e cumprir coas súas obrigas de colaboración e apoio ás entidades locais para a creación e mantemento das oficinas e servizos de información conforme sinala o Artigo 71 de Competencias das corporacións locais en materia de consumo da LEI 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias. Para tal efecto:



a) promoverá a dotación de Puntos de Información Enerxética estables en todos os concellos de máis de 15.000 habitantes. Dotados de toda a información necesaria e persoal especializado para asesorar a toda a cidadanía en asuntos como: as tarifas eléctricas e de gas máis vantaxosas; hábitos no fogar para rebaixar o consumo enerxético; medidas para incrementar a eficiencia enerxética; alternativas para o autoconsumo eléctrico; asesoramento e tramitación do Bono Social Eléctrico e de calefacción; alternativas enerxéticas a partir da biomasa, xeotermia, etc.

b).- Nos concellos de menos de 15.000 habitantes garantirase que haxa como mínimo un Punto de Información Enerxética por Comarca.

c).- Dotar orzamentariamente por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria os acordos precisos coa FEGAMP.

d) aproveitar para a planificación destas cuestións a rede de OMIC, servizos provincias de información e rede de asociacións de persoas consumidoras xa existente buscando evitar duplicidades e garantir o acceso en todo o territorio.»»

Emenda de substitución.

Substitución dos puntos 5 e 6 polo seguinte:

Verificación:

«5. Desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo para fiscalizar o cumprimento, avaliar as deficiencias e recomendar as mudanzas precisas respecto do recollido no Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores, con especial atención aos artigos 15, 16, 12.1 e 13.1.»»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

Xa levamos falado moito deste tema, pero non hai maneira de solucionalo. Nesta moción imos falar da falta de información suficiente da cidadanía sobre as tarifas da luz e do que a Xunta de Galicia debería facer.

Unha falta de información que supón un traslado ilexítimo de rendas dos fogares cara ás eléctricas que podería superar os 200 millóns de euros ao ano en Galicia, esta é a dimensión do asunto que estamos a tratar. E o máis grave é que podería corrixirse dunha maneira bastante sinxela e cuns orzamentos moi contidos. A rendibilidade para a cidadanía sería moi importante, pero o prexuízo para as eléctricas sería similar. Pensamos que aí está a clave de que non se implanten as medidas que reclamamos nesta moción.

No pasado pleno, na resposta do señor conselleiro á nosa interpelación, veu dicir que a Xunta de Galicia si tiña unha estratexia de información á cidadanía nestes aspectos. Os datos que aportou eran claramente cativos ante a dimensión do problema. Falou de que se desenvol-



veron charlas ás que asistiron dúas mil seiscentas persoas en catro anos. E como dato comparativo podemos ver a afluencia aos puntos de información enerxética dos concellos de Madrid ou Barcelona. As dúas mil seiscentas persoas son as que alí acoden cada mes, sendo os servizos con máis aceptación por parte da cidadanía, porque claramente é evidente o interese da xente. Comparemos dúas mil seiscentas persoas asistentes ás charlas organizadas pola Xunta en catro anos contra as dúas mil seiscentas consultas mensuais nos puntos de información enerxética nos concellos de Madrid ou Barcelona.

Falounos tamén das noventa oficinas municipais de información ao consumidor, pero a realidade é que, para que foran realmente eficaces neste eido, terían que contar con persoal especializado; ou sexa, que a información tería que ser moito máis completa e personalizada. É a verdadeira maneira de que a xente poida aforrar coa información que se lles aporta.

E vamos aos datos, porque a Xunta de Galicia moitas veces di que fan, que fan, que fan..., moitos titulares... de feito pasa cos temas de emprego, se sumamos todos os empregos directos e indirectos que se crean cada día en Galicia nas portadas de certos periódicos, en Galicia non é que houbera pleno emprego, é que sobrarían empregos.

Vamos ver a realidade, os datos concretos que o señor conselleiro o outro día non mencionou. Se é verdade que a información é suficiente, tendo en conta que o mercado regulado é sen discusión, ninguén o pode discutir, o máis vantaxoso para os fogares, ¿por que 150.000 destes fogares ao ano en Galicia se están pasando ao mercado libre, e en moitos dos casos sen sabelo? Isto prodúcese polas campañas masivas das comercializadoras, que non teñen contraposición por parte da Administración, a pesar de que este tema está xa incluído nun real decreto lei desde o mes de outubro.

Por outra parte, a discriminación horaria é a tarifa máis vantaxosa, tampouco ninguén o pode poñer en discusión. De feito, a directora do Instituto Galego de Consumo reconece claramente na Comisión 6ª, pero en Galicia só a teñen o 6 % dos fogares contra, por exemplo, o 94 % dos fogares en Alemaña. ¿Por que as comercializadoras eléctricas non teñen interese en que a xente se entere de que a discriminación horaria beneficiaría a máis do 95 % dos fogares? Pois está moi claro, porque as comercializadoras compran a enerxía con discriminación horaria, se despois llela poden vender á maioría dos abonados, durante catorce horas, por un prezo un 45 % superior, pois ¡moitos cartos que levan ao seu peto! Que o fagan eles é totalmente lóxico, pero tería que haber unha contraprestación por parte da Administración. En concreto neste asunto, tamén no Real decreto de outubro de 2018 se obriga as comercializadoras a poñer explicitamente no recibo canto pagaría o abonado se estivese en discriminación horaria. Isto claramente non se está cumprindo, é unha lei que non se está cumprindo, e polo que sabemos ata agora, o Instituto Galego de Consumo non abriu ningunha investigación sobre este asunto.

Outro asunto *palmario*. En Galicia hai 24.092 familias numerosas. Como saben vostedes, todas as familias numerosas teñen dereito ao bono social, e ademais é a condición máis fácil de demostrar e moi rápido o trámite, levando simplemente o Libro de familia. Pois en Galicia só 9.678 teñen o bono social; só un 40 % das que terían dereito.



Isto, segundo o noso criterio, demostra que a ausencia de información dos consumidores galegos de electricidade é unha realidade evidente, aínda que o conselleiro o outro día o negaba e por iso seguen a rexeitar todas as iniciativas que levamos presentando de maneira reiterada para desenvolver campañas e iniciativas cunha intensidade e dotación orzamentaria proporcional ao problema e garantir que se lle dea solución a este asunto. Iniciativas que deberían ir moito máis alá da mera información sobre as tarifas, dirixidas a asesorar nas accións para a mellora da eficiencia enerxética dos fogares, accións para baixar o consumo, bono social, detección da pobreza enerxética etc. Por exemplo, o informe que acaba de publicar o Goberno do municipio de Madrid é unha referencia clarísima do que se podería facer aquí tamén para ter un reflexo clarísimo de cal é a realidade da pobreza enerxética.

O outro día o conselleiro deixouno claro: estámolo facendo ben, non pasa nada, a xente ten toda a información..., aínda que os datos deixan claro que non é así. En Marea segue coa súa campaña para suplir o que debería facer o Goberno, e nos centos de persoas que veñen ao longo de cada mes a todas as charlas que estamos a dar, seguimos reflectindo as mesmas cifras: o 80 % das persoas non coñecen que contrato ou que tarifa teñen nos seus fogares; o 90 % descoñecen se están abonados ao mercado regulado ou ao mercado libre; o 80 % descoñecen as vantaxes de ter contratada a tarifa de discriminación horaria; e case o cen por cento descoñecen se a potencia contratada é a adecuada para o seu fogar.

Evidentemente, xa se falou no primeiro punto da orde do día deste pleno de que hai cousas moito máis importantes para conseguir baixar o recibo da luz, pero realmente estes temas son tan sinxelos de acometer que é increíble que un goberno como o Goberno galego, que di que defende os consumidores e os cidadán de Galicia, non os poña en marcha de maneira inmediata.

Por contra, hai un cinismo tremendo. Eu non sei se cren as posverdades, as *fake news* que vostedes e o señor Ribera poñen en marcha, se non se lles desfán os números. Están escandalizados pola suba fiscal do gasoil. ¿Sabe vostede canto sobe a fiscalidade do gasoil?, ¿sábeno de verdade? ¿Saberano, ¿non?! Catro céntimos o litro. Iso sábeno, catro céntimos o litro. ¿Saben cal é o consumo medio dunha familia, cantos litros consome de media ao mes? Oitenta. Iso saberano tamén. E 80 por 0,04, ¿canto é?: 3,2 euros. Ese é o impacto do extracusto polo incremento do imposto sobre o gasoil. Isto é un escándalo para vostedes. En cambio, un consumidor medio, de estar no mercado regulado a estar no mercado libre, aforraría entre 6 e 9 euros ao mes, case tres veces máis. Estar na discriminación horaria supón un aforro de entre 10 euros nos casos máis normais, ata os 40 euros ao mes no caso de ter calefacción eléctrica; ou sexa, entre tres e dez veces máis do que supón o imposto ao gasoil. Pero, claro, o imposto ao gasoil para o Estado vai para mellorar políticas públicas, para mellorar políticas sociais, para financiar a transición enerxética, e iso a vostedes parécelles un escándalo. Sen embargo, no caso da electricidade, os extracustos que triplican ou case multiplican por dez o que supoñen os catro céntimos da suba do imposto do gasoil non lles parece un escándalo. ¿Por que non lles parece un escándalo? Ao mellor é porque van aos petos das eléctricas.

A verdade é que deberían aclarar que intereses defenden. ¿Son un escándalo os 4 céntimos ou os 3,2 euros ao mes — e se alguén o pode rebater, que traia os datos — que lle supoñen a



calquera familia os céntimos no gasoil, contra os 10, 15, 20, 30 ou 40 euros ao mes por non ter a información suficiente para contratar de verdade a mellor tarifa eléctrica? A ver que datos poden aportar.

A todo isto, presentamos unha moción na que plantexamos a creación de puntos de información enerxética, en que tipos de concellos, a colaboración coa Fegamp, o desenvolvemento de campañas informativas verdadeiramente ambiciosas, cambiar os termos de potencia e regular legalmente todo, que o Instituto Galego de Consumo exixa todo o que figura xa no Real decreto 15/2018, do 5 de outubro. De todo isto despois falarei nas emendas, pero, xa digo, señores do Partido Popular, menos cinismo. Non se poden vostedes escandalizar por unha subida que vai mellorar a posibilidade de financiar os servizos sociais e a transición enerxética e, en cambio, pasar e poñerse de perfil cando os cartos van para as empresas eléctricas.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Antes de continuar co debate, saudamos os alumnos do ciclo de Xestión Administrativa e Actividades Comerciais do centro de Caldas de Reis, que hoxe nos acompañan. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Benvida tamén ás e aos nosos convidados.

É certo, como dicía o señor Casal, que este é un tema do que temos discutido abondo nesta cámara pero compartimos que é un tema absolutamente importante, polo tanto, agradecemos que se traia novamente. Máis aínda neste contexto, porque agora que nas últimas semanas o Partido Popular está un pouco desatado co seu repentino espírito proautogoberno que están xa case rozando o independentismo, e que están case un pouco descolocados co auxe de Vox e Ciudadanos, está ben que se nos traia unha iniciativa que desvela a absoluta falta de compromiso do Goberno galego con desenvolver aquelas competencias que lles son propias e que as ten condenadas ao ostracismo, como é o referente ao consumo.

Eu quero citar o Estatuto de autonomía de Galiza, título II, das competencias de Galiza que xa están na nosa man, artigo 30.4, Defensa do consumidor e do usuario. Pero, aínda así, é a evidencia de que non desenvolven esta capacidade normativa que ten Galiza e de que teñen totalmente condenado ao ostracismo o Instituto Galego de Consumo e pouco explotadas as posibilidades que caberían. E iso é algo moi grave por parte dun goberno, pero máis aínda cando estamos a falar dun ámbito como é o enerxético, que tantos problemas está a dar a tantas persoas. É un dos ámbitos, se callar, xunto co das hipotecas, transaccións financeiras e demais, dos máis sensibles, pero tamén nese ámbito tivemos exemplos recentes ao fío das



preferentes, das cláusulas chan ou doutras cuestións nas que tamén se notou o abandono do Goberno galego.

Neste caso, a conclusión que sacamos desde o BNG é que non desenvolven estas competencias. Primeiro, porque vemos por experiencia o pouco interese que teñen en facelo, e, segundo, porque tamén lles interesan as particularidades que ten o sector eléctrico. O problema de raíz non deixa de ser unha cuestión de fondo, que é a configuración dese grande oligopolio eléctrico e as complicidades que ten despois nos aparatos gobernamentais, polo tanto, hai aí detrás intereses políticos que amparan ese oligopolio eléctrico e que, polo tanto, explican a falta de esforzo, neste caso, desta comunidade, pero tamén o vimos noutros ámbitos, en algo que aparentemente sería inofensivo porque sería contribuir —nós sempre dicimos que a información é poder— a que a veciñanza tivera máis instrumentos para protexerse e non ser atracada case a man armada, como acontece moitas veces, por parte das eléctricas.

Eu quero recordar un sector que foi multado pola CNMC, por tribunais, ao mesmo tempo que vimos ministros pasando desde as súas salas de goberno aos consellos de administración das empresas, ou outras fotos lamentables como o benquerido abrazo de Iberdrola do noso señor presidente da Xunta de Galiza. E, claro, con este caldo de cultivo facilítase a realidade do día a día para calquera veciño, pois coller unha factura da electricidade e poder entendela é case unha experiencia de ciencia ficción. Súmase unha grande escuridade, que ten unha parte importante en como está configurado o proceso de conformación da factura, pero o certo é que tampouco se dan instrumentos para que isto vaia noutra dirección, nin no ámbito da regulación do sector enerxético, como vimos no debate da primeira hora da mañá, nin tampouco desde a propia defensa dos e das consumidoras.

Desde o BNG presentámoslle a esta proposta de En Marea unha serie de emendas, pero, en todo caso, apoiaremos igualmente, aínda que non sexan aceptadas, a iniciativa porque nos parece que dá un paso adiante.

Dunha banda, as que afectan aos puntos 1, 2 e 3 son simplemente unha cuestión de referir o noso marco legal en materia de protección das persoas consumidoras e que a Xunta de Galiza debe colaborar para que as entidades locais desenvolvan as súas competencias, porque eu xa me temo que a resposta do Partido Popular van ser dous grandes culpables. Por unha banda, o Goberno central, que agora é malo malísimo. Por outra parte, os concellos, porque é a estratexia do Partido Popular. Se hai algún problema neste país téñeno que arreglar os concellos ou algún axente externo, nunca vai con eles e con elas o conto. E, por outra banda, propoñemos que se colabore coa rede de OMIC que xa existe, con algunha entidade provincial como é o caso da Faepac na Coruña, ou tamén con ese gran traballo que fan as asociacións de consumidores, simplemente no sentido de racionalizar o mapa da atención que poida haber, e tamén compartimos esa necesidade de orzamento da que falaba o señor Casal.

Por último, substituímos os últimos puntos, pois algunhas desas cuestións que se citan van incluídas no decreto de outubro de 2018 que tirou o Goberno central. Pensamos que nese real decreto hai algunha cuestión que é interesante e que o papel da Xunta de Galiza será fiscalizar e explorar se iso se está a cumprir. Comparto co señor Casal que moitas cousas non. Eu revisei a miña última factura da luz, son consumidora do PVPC, e a min non me



están a informar de cal sería o prezo que eu pagaría con outra franxa horaria e demais, por poñer un exemplo. E hai cuestións tamén como se se está cumprindo ou non a prohibición de buscar clientes a porta fría, numerosas cuestións que no papel comezan a estar na lexislación. Hai unha oportunidade, pero Galiza ten que ter un papel proactivo en ver se iso se cumpre, e, se non, que cuestións hai que mellorar, e dirixirse ao Goberno central ou crear instrumentos de seu que permitan explotar esa función de asumir a competencia en materia de defensa do consumidor, máis alá de estar á expectativa e de dicir que temos un Instituto Galego de Consumo e simplemente nos temos que conformar con que estea constituído, porque o certo é que, mentres vostedes seguen instalados no conformismo, hai moitas persoas que no día a día na súa casa viven calote tras calote por parte das eléctricas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Primeiro, dar a benvinda aos nosos invitados de Caldas de Reis.

Quero enmarcar este debate, que en realidade é continuación, en certa medida, do que debatemos pola mañá, nesta política sen complexos das dereitas españolas en relación coa sociedade á que queren chegar.

Un secretario do Tesouro de Estados Unidos con Bil Clinton, Lawrence Summers, que foi economista xefe do Banco Mundial e profesor da Universidade de Harvard, dicía unha cousa moi relevante sobre o que está acontecendo na economía actual, e é que coexisten, por unha parte, uns enormes beneficios empresariais, o que en boa lóxica debería de supoñer unha demanda de investimento moi alta, cuns tipos de interese —o prezo do diñeiro— practicamente cero, que significa que non hai esa demanda de investimento.

¿Que quería dicir isto? Isto quería dicir que estabamos convertendo a economía produtiva nunha economía rentista, nunha economía de obtención de rendas non do ámbito produtivo, senón do ámbito digamos da intermediación ou, en boa medida, de *lobby*; é dicir, daquelas empresas ou axentes económicos —imos pensar que tamén poderían ser sindicatos, en fin, axentes económicos— que aproveiten a súa posición de mercado para obter esas rendas.

¿Como se sustenta isto? Susténtase con dous elementos centrais. Por unha parte, o proceso de concentración empresarial, e, por outra parte, a complicidade do poder político. Iso é exactamente o que aconteceu no sistema eléctrico español nas últimas décadas, despois do seu proceso de privatización, e dende logo hai dúas maneiras razoables —aínda que a palabra é un pouco estraña— de *desrentizar* a economía.



A primeira é, por suposto, loitando e intensificando a favor das políticas de competencia. Fíxense que non estou falando de nada revolucionario nin intervencionista, todo o contrario. Estou falando de regulacións acaídas para obter unha competencia económica na que todos os axentes xoguen coas mesmas cartas.

A segunda, que é a que ten a dimensión política máis relevante, trataría —por dicilo dalgunha maneira— de protexer os elementos máis débiles desta cadea económica normalmente con políticas públicas. Este é o esquema. Volvo repetir, profesor de Harvard, Banco Mundial, Goberno dos Estados Unidos aínda que co partido demócrata, nada revolucionario; o marxismo-leninismo quedáballe lonxe.

Hoxe e onte acabamos de asistir a dous elementos de como as elites políticas extraían recursos de maneira legal e de maneira ilegal. Ricardo Costa versus Francisco Camps e Álvaro Pérez «el bigotes» —que era aquel que recorreu o patio *de El Escorial en la boda del año*— versus González Pons. Eu creo que son exemplos claros da falta de complexos do Partido Popular cando exerce o poder, aínda que logo veña aquí contar que todos os males da economía española proceden dos anos comprendidos entre o 2004 e o 2011. A xente, afortunadamente, ten memoria e sabe que iso non é así.

Efectivamente, os temas de consumo e de protección do consumidor insértanse directamente nesta cuestión, na cuestión do empoderamento —por dicilo dalgunha maneira— dos elementos máis débiles dunha cadea de produción-consumo. Coñecemos a caracterización sociodemográfica e económica de Galicia, coñecémola en termos de composición por idades, por xénero, en termos de localización xeográfica, de residencia, en termos de nivel educativo básico, en termos de renda, en termos, sobre todo, de pensión media. En fin, eu creo que disto levamos falando de maneira relevante. E fronte á posición débil destes cidadáns caracterizados sociodemograficamente temos as empresas eléctricas. Todos esperaríamos que o ámbito político público exercera de contrapoder, ou que polo menos fora neutral. Fíxense que revolucionario está hoxe o voceiro do Grupo Socialista, ¡que polo menos fora neutral! Bueno, pois lamentablemente non acontece nada diso. Lamentablemente, nos temas de defensa da competencia e do consumo, os orzamentos da Xunta de Galicia téñense reducido un 30 % entre o ano 2009 e o ano 2019. Volvo repetir, cando máis había que defender o eslabón máis débil da cadea —e vale para as empresas eléctricas, que probablemente é un dos sectores máis depredatorios de rendas, por dicilo dalgunha maneira, pero valería para calquera outro sector—, hai precisamente esa caída do 30 %.

Bueno, a min gustaríame que nos explicaran cales son as razóns desa redución. Ao final, ademais, falamos de cantidades relativamente pequenas. Por certo, cunha unificación dos temas de competencia e consumo, igual que no Estado, que agora houbo que reverter porque se viu que os resultados en termos prácticos, en termos de servizo público, eran absolutamente nefastos, ¡nefastos! Iso si, ás empresas, en vez de ter que influír en dous, que sempre é un pouquiño máis complicado, con influír nun bastáballes, porque no fondo esa era a cuestión, non pensemos que había ningunha outra.

Polo tanto, nós imos aceptar esta moción. Desde logo, presentamos emendas, unha delas de carácter economicista, no sentido de que hai unha rede de ámbito municipal, a través das



oficinas municipais de información ao consumidor, que eu creo que se podían aproveitar. Ao mellor non era imprescindible crear ex novo toda esa rede porque, certamente, están aí.

Logo hai unha cuestión de carácter técnico que supoñemos que era unha errata. E logo o que si pedimos é a supresión do punto quinto, porque aquí imos máis alá deste partido rupturista que é En Marea, e o Goberno español acaba de aprobar ou permitir que sexa 0,1 quilovatios a marxe de adaptación do consumo ás facturas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A verdade é que me sinto especialmente orgulloso de ir máis alá que En Marea neste tema. Estou seguro de que, de todas maneiras, a voceira do Partido Popular dirá —¿como diría eu?— que a vinculación do Goberno Socialista coas eléctricas é total e absoluta. A proba está, entre outras cousas...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...en que é un tema moi importante en cuestións de axustar en termos de oferta e demanda e, por outra parte —volvo repetilo tamén—, a primeira vez que o ministerio se reúne simultaneamente coas tres grandes eléctricas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Losada.

Despois achicamos o tempo para comer. Dígoo polo reloxo. Achicámolo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, creo que nos vén ben. Xa pasaron as Navidades, entón... *(Risos.)* Dígoo porque despois xa saben o que pasa. Cando diga que vimos ás catro, vai haber un problema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Imos deixar a cousa aí, se lle parece.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días de novo, señorías.

Señor Losada, se quere, podemos falar da cuñada de Carmela Silva, que tamén está de actualidade hoxe, que, aínda por riba, non vai traballar e cobra igual. Se quere, falamos da cuñada de Carmela Silva, señor Losada. *(Aplausos.)*

Resulta que vostedes, señor Losada, gobernaron en Madrid e non fixeron nada para destruír ese oligopolio que din que temos nós coas eléctricas. Vostedes gobernaron, iso non o poden negar.

Mire, señor Casal, ¡de cinismo está para falar vostede, por favor!, que no seu partido a nivel nacional xente máis cínica non a pode haber. Por favor, ¡está vostede para falar de cinismo nas súas filas!



O Grupo do Partido Popular é máis de baixar impostos e non de *freír* os españois a impostos. Vostedes son de *freír* os españois a impostos, nós somos máis de baixalos. No tema do diesel hai que ir un pouquiño máis alá e non só ver o que lles vai supoñer ás familias. Hai que ver os empregos que se van perder. Eu estou nun concello no que hai industrias relacionadas co sector da automoción que hoxe están perdendo empregos e están deixando de contratar xente pola baixada na venda de coches diesel. Hai que ir máis alá e hai que ampliar ese horizonte tan curto que teñen vostedes, señor Casal.

Miren, traen a debate unha moción que pretende evidenciar a desinformación sobre as tarifas eléctricas na nosa comunidade. O Grupo Popular pode compartir con vostede a importancia de protexer (*Murmurios.*) as persoas consumidoras en Galicia, o que non compartimos é a súa visión ou o seu intento de mostrar unha Galicia en negro. A Galicia en negro é para vostedes, señorías, e para o seu grupo, non pense que todos os galegos están na mesma situación.

Vou resumir a súa iniciativa en dous bloques porque non teño moito tempo. O primeiro bloque fala de crear puntos de información enerxética para concellos de máis de 15.000 habitantes, e nos de menos de 15.000 habitantes crealos por comarca. Nós non queremos crear máis Administración, nós somos de utilizar a Administración que temos, señoría, e cremos que esa Administración, tanto no que respecta ao Instituto Galego de Consumo como ao Inega, está actuando correctamente.

Por outra banda, vostede mesmo recoñeceu o traballo do Instituto Galego de Consumo —eu estiven presente na pregunta que lle fixo á señora directora do instituto— e reiteroullo tamén aquí ao conselleiro na interpelación do último pleno do pasado período de sesións, e o Instituto Galego de Consumo ten realizado charlas ás que teñen asistido máis de 2.600 persoas. Vostede di que vai por aí facendo charlas, pero eu tamén teño información da xente que asiste ás súas charlas e, dende logo, non pode presumir de moita afluencia, señor Casal.

Ademais das charlas informativas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que se teñen realizado, hai actividades formativas nas 98 aulas Cemit. É importante destacar tamén a formación que se lle deu dende o Instituto Galego de Consumo ao persoal técnico, tanto ás asociacións de consumidores como aos técnicos do concello; tamén as colaboracións con Cruz Vermella ou con Cáritas e tamén os convenios coa Fegamp sobre a información do bono social e a explicación da factura eléctrica.

Polo tanto, señor Casal, eu diríalle que abandone a demagogia e o sectarismo ao dicir que o Goberno da Xunta do Partido Popular non fai nada, porque non é verdade, señor Casal. O Instituto Galego de Consumo orienta, informa, escoita, asesora e, ademais, inspecciona e sanciona. É importante destacar as sancións que este goberno —o que din que está ao lado das eléctricas— lles leva posto a estas compañías, por un valor de 34,5 millóns de euros, fronte a 97.000 euros que lle puxo o Goberno bipartito. Pero, claro, nós somos os que estamos ao lado das eléctricas, os que sancionamos, ¿non? ¡É que eses datos non llos cre ningún, señoría!

Pasando xa ao segundo bloque, sobre a proposta de normativa existente, supoño que, gobernando con quen gobernan en Madrid, lle daría tempo a estudar o real decreto que sacou



o Ministerio de Transacción Ecolóxica. Vostede pide na súa iniciativa que se poida contratar a potencia en tramos de 0,2 quilovatios. Xa llo adiantou o señor Losada, pero é que nese real decreto dise que se pode contratar en tramos de 0,1 quilovatios, sempre que non se superen os 15 quilovatios e se dispoña dun contador intelixente. Polo tanto, iso xa está feito, ¡e que llo teña que dicir eu, señoría...!

Nos cambios relativos á normativa, como este real decreto non o coñece, tampouco coñece o real decreto da reformulación do bono social, que xa inclúe todas as medidas que vostede propón relacionadas coa información sobre as tarifas eléctricas. Ese real decreto di que un consumidor acollido ao bono social deberá ser informado expresamente de se se cambia ao contrato de mercado libre, que implicará que non poida acceder ao bono. Adicionalmente, esta reformulación do bono di que as comercializadoras deben incluír, na factura de cada consumidor que teña contratado o prezo para o pequeno consumidor, o importe ao que ascendería de aplicarse o resto de modalidades de discriminación horaria ás que poida acceder.

Tamén co decreto do Goberno do señor Rajoy se prohibiron as accións de publicidade ou de contratación a través de visitas porta a porta. Reguláronse os termos nos que as empresas poderán acceder aos datos de consumo e de potencia contratada polos consumidores para que poidan ofrecerlles melloras.

Por tanto, señor Casal, seguro que se poderán seguir introducindo melloras, e de seguro que o Goberno da Xunta continuará levando a cabo iniciativas de asesoramento e de información. Non fai falla —insisto— crear máis administracións, senón utilizar correctamente as que hai. Para nós, o máis importante é defender os dereitos dos consumidores, e espero que vostede e o seu grupo o fagan, que os cidadáns galegos sexan o importante, xa que ultimamente parece que o único que lles importa é iso de *quítate tu para ponerme yo*.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Grupo autor da moción, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Efectivamente, señora Nóvoa, se alguén ten xa o bono social —díxoo moi ben, se alguén ten xa o bono social—, a empresa ten a obriga de darlle toda esa información, o problema é que o 80 % das persoas e dos fogares en Galicia que deberían ter o bono social non o teñen. ¿Por que? Porque non chega a información no seu momento.

Vostede di que a información chega de sobra, pero a realidade —e dinlle moitos datos— é, ¿por que o 60 % das familias numerosas non teñen o bono social en Galicia? ¿Porque están perfectamente informadas e lles sobran os cartos? ¡Parece que si! Parece que o problema, coma sempre, é da xente, que non se entera, ¡non se entera!. O Goberno fai todo o que ten que facer, as persoas debe ser que non teñen un nivel suficiente de comprensión e non se enteran.

O mesmo pasa —e dinlle moitos datos—... ¿por que a xente está na tarifa fixa e non na de discriminación horaria? Porque quere perder cartos, ¡porque quere perder cartos! O 6 % na



discriminación horaria e o 94 % en prezo fixo. Todo o contrario que na maioría dos países europeos, onde hai unha información ao consumidor verdadeiramente solvente. ¡Pero é que á xente lle apetece pagar máis! Están perfectamente informados pola Xunta de Galicia pero queren pagar entre dez e trinta euros máis.

Critica vostede e di que non vén xente ás... Mire: esta é a de Sarria; (*O señor Casal Vidal amósalles un documento aos membros da Cámara.*) efectivamente, había pouca xente, había unhas corenta persoas —eu dígollo por...—. ¿E sabe o que pasou? Eu daba un resumo, dígolles que traían un recibo, analizámoslles o recibo... ¿Sabe que me dixeron alí? Houbo moitísimas preguntas —porque hai moitísimas preguntas—, e había un grupo alí de señoras e señores que preguntaban moito, e unha señora dixo: oe, ¿pero por que informas a eses? ¡Que eses son do Partido Popular! E digo: xa, pero é que ás eléctricas lles dá igual, non teñen reparos, estafan por igual a xente que vota o Partido Popular que a xente que vota o PSOE, o BNG ou En Marea; estafan a todos. E, por iso, pareceunos moi ben que a xente —xa non votantes, senón persoas recoñecidas como do Partido Popular— estiveran na charla. ¿Porque sabe o importante, señora Nóvoa? Que a xente que vén, efectivamente, non é moita —ben, pero foron xa máis de mil persoas en total nas charlas que levamos—, pero esa xente vólvese asesor enerxético de todos os seus veciños. Pregunte, xa verá como llo din.

Ben, quero agradecer moito o traballo do Partido Socialista e do BNG nas emendas, porque, efectivamente, melloran a nosa proposta; e eu recoñezoo, cando melloran o traballo que desenvolvemos é bo. Entón, aceptaríamos a emenda primeira do BNG, que substitúe os 1, 2 e 3 da nosa proposición, e que eu penso que o Partido Socialista a podía aceptar porque máis ou menos vai na mesma liña. Porque o tema non é crear máis administración, máis burocracia, é optimizala nun tema que lles custa aos galegos douscentos millóns de euros ao ano. Iso a vostedes... os catro céntimos do gasóleo: iso é un escándalo, vai acabar coa clase media; os douscentos millóns de euros ao ano por non estar na tarifa eléctrica: iso, á fin e ao cabo, como acaba no peto das eléctricas, pois non é importante.

O señor PRESIDENTE: ¿A do PSOE?

O señor CASAL VIDAL: Despois, a emenda número 2 do BNG tamén a aceptaríamos porque, efectivamente, o Real decreto... A verdade é que aí me deixei levar polo que a ministra me dixo nunha reunión, que o ían poñer en 0,2. É verdade que despois revisei o decreto e está en 0,1; ou sexa, ogallá tamén o superen agora, cando negociemos a axenda galega nos orzamentos do Estado e pasen por encima, e, en vez de ofrecernos trescentos ou trescentos cincuenta millóns, nos ofrezan quiñentos millóns máis. ¡Ogallá! Entón aceptaríamos a emenda tamén do BNG.

Pero os puntos 6.a), 6.b) e 6.c) da nosa non están recollidos no decreto, como son as implicacións de estar no mercado libre —que o deberían de poñer—, que se perde o dereito ao bono social, as garantías contra cortes de subministro; e o punto c), da potencia máxima consumida en cada período de facturación. Porque se esta información non se reflicte no recibo —o que fixo moi ben a ministra de Transición Ecolóxica de poñer os niveis en 0,1 e en 0,1—, a xente non o podería utilizar se non sabe cal é a potencia instantánea que ten en cada momento.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Sobre a do PSOE?

O señor CASAL VIDAL: Entón, resumindo...

O señor PRESIDENTE: ¿A emenda do PSOE?

O señor CASAL VIDAL: Non, a do PSOE quedaría englobada na do BNG.

O señor PRESIDENTE: Entón, ¿non acepta a do PSOE?

O señor CASAL VIDAL: Non, non aceptaríamos a do PSOE porque realmente está recollida na do BNG de maneira máis concreta.

O señor PRESIDENTE: Moi ben. Vale, grazas. Todo entendido.

O señor CASAL VIDAL: ¿De acordo?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Seguinte moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver, durante 2019, un plan de mellora da profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil de Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paula Prado del Río, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a impulsar o desenvolvemento, no marco das súas competencias, dunha serie de medidas para avanzar na determinación dun modelo integral e profesional de atención ás emerxencias que conterà polo menos as seguintes medidas:

1º) Continuar promovendo, dentro das súas competencias, a inserción laboral dos titulados no novo ciclo formativo de grao medio de Técnico en Emerxencias e Protección civil mediante a valoración



desta titulación para acceder aos servizos profesionais de protección civil, extinción de incendios ou calquera outro relacionados coa xestión de emerxencias no sector público autonómico; e trasladarlle ao resto de administracións competentes a oportunidade de valorar esta titulación nos seus ámbitos de actuación e contratación.

2º) Impulsar e colaborar na determinación dun modelo integral de atención ás emerxencias no seo do Grupo de traballo polas Emerxencias, creado dentro da Comisión Galega de Protección Civil e no que se integra a representación de todas as administracións con competencias na materia. Avanzar en colaboración na definición dun mapa dos servizos de atención coas ubicacións máis idóneas segundo as isocronas; nos recursos e os medios técnicos axeitados (entre eles, a mellora dun sistema transversal de comunicación); na formación especializada do persoal dos distintos colectivos de intervención e no financiamento necesario.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, grazas, presidente.

Ben, imos abordar unha cuestión case como continuidade dalgunhas outras cuestións que, en materia de emerxencias e de protección civil, estamos tocando, ben no Pleno, ben na Comisión 1ª. Eu, falando deste tema, creo que —case a título preliminar— todos debemos recoñecer os traballos dos servizos de emerxencia e, dunha forma moi específica, de enxeñaría, da Garda Civil e dos grupos de rescate de mineiros nos traballos do outro día en Totalán. E, nese sentido, eu creo que foi unha mostra de traballo conxunto, de traballo voluntario e de traballo, precisamente, tamén profesional.

Ben, como dicía, esta moción é resultado, evidentemente, da interpelación que o outro día presentamos neste pleno en prol dun esforzo, que ten que ser convincente e serio, de mellor profesionalización dos servizos de emerxencias e de protección civil de Galicia. E dicíalle o outro día, na Comisión 1ª do pasado día 23, á portavoz do Partido Popular, diante dunha proposición non de lei que presentara o Grupo Popular en relación co fomento, diante da sociedade, dos valores e da necesidade de reforzar as agrupacións de voluntarios de Protección Civil —e que nós, evidentemente, apoiamos—, que esperabamos esa reciprocidade á hora de traballar, precisamente, na mellor profesionalización dos servizos de Emerxencias cando trouxeramos esta moción a este pleno. Porque, de forma moi sistemática, o Goberno —e, neste sentido, o Grupo Popular— está trazando ou presentando iniciativas que, en materia de emerxencias e de protección civil, basculan só a unha parte do que é o Sistema integrado de protección civil en Galicia, como é o sistema de voluntariado.

E, nese sentido, nese debate, por unha parte, nós dicíamos —e así o dixemos tamén no debate orzamentario de 2019— que, se se aposta polas agrupacións voluntarias, é necesario un maior esforzo orzamentario porque os créditos están conxelados respecto de 2018. E, por outra parte, sería necesario traballar de forma conxunta —como digo— non só nos planteamentos de voluntariado, senón, de forma moi específica, na parte do sector profesional, que é como está regulado o sector das emerxencias na Lei de emerxencias do ano 2007. E, nese sentido, botamos en falta sempre o desenvolvemento da propia Lei de emerxencias do ano 2007, que —como sempre dicimos— non sei se responde a que é unha lei doutro go-



berno —se non lle gusta esta lei ao Grupo Popular ou ao Goberno poden tratar de traer unha modificación legal ou unha nova lei—, pero, se a lei se mantén en vigor, a lei hai que aplicala e hai que desenvolvela. E esa lei, na disposición adicional terceira, fala da aprobación dun regulamento tanto dos bombeiros como do sector do voluntariado implicado nos servizos de emerxencias e de protección civil.

Eu doume conta —ou dámonos todos conta— de que, evidentemente, unha rede de duascentas trinta e tres agrupacións de voluntarios de Protección Civil, de máis de catro mil cincocentos voluntarios e voluntarias, unha rede na que agora se amplían a vinte e catro —aínda que son servizos profesionais— os grupos de emerxencia supramunicipal, pois é unha rede, evidentemente, importante de traballo —e non debería ser así— non para o Goberno, senón precisamente para os servizos de emerxencia. Pero, insisto: os compromisos de traballo do Goberno galego e os compromisos á hora de levar adiante iniciativas e de apoialas por parte do Grupo Popular deben centrarse —eu creo que bastante máis— nos servizos de carácter profesional.

Nese sentido, a moción consta de catro puntos. No primeiro punto, nós —é un punto que trae causa da interpelación do outro día— o que demandamos, no sentido de que —como tivemos ocasión de interpelar e de debater coa conselleira de Educación—, se temos un novo ciclo formativo de grao medio de técnicos de emerxencias e protección civil en Galicia, é que tanto no sector público como no sector privado —que ten unha gran participación en diferentes tarefas e diferentes fases dos servizos de emerxencia— se potencie, evidentemente, a inserción laboral dos novos técnicos de emerxencias e de protección civil.

E si é certo que nalgún aspecto se está empezando a ter en conta esta titulación: á hora de baremar o ingreso destes profesionais nos concursos de méritos, nos procesos de selección para determinados dispositivos. Polo que si avogamos é por que tamén se implemente esta exigencia de titulación —ou ben baremación da titulación— noutros dispositivos públicos que contan con financiamento autonómico, como poidan ser, por exemplo, os propios grupos de emerxencias municipais ou outros dispositivos, como poidan ser as brigadas municipais de extinción de incendios etc. E tamén insisto —ou insistimos— en que se avogue por establecer medidas para que esta inserción laboral dos novos titulados de grao medio sexa efectiva.

Como lle dicíamos o outro día á conselleira, evidentemente, a virtude ou os obxectivos da FP —da formación profesional— ou destes novos títulos de grao medio ou de grao superior é que teñen que rematar precisamente no círculo formación-inserción laboral, máxime tendo en conta que hai determinadas titulacións destas características que incluso xa teñen a consideración de grao universitario en determinadas universidades. Sen ir máis lonxe, unha universidade vinculada co ámbito da seguridade marítima —que podería ser un ámbito propio tamén de Galicia—, como pode ser a comunidade de Canarias, pois ten, evidentemente, na Universidade das Palmas de Gran Canaria implantado un grao, precisamente, en materia de seguridade e de control de riscos.

E, falando desta cuestión, tamén pode ser que resulte insuficiente —ante esta demanda de profesionais— que unicamente un instituto —o que está na Estrada, en colaboración, evi-



dentemente, coa Academia Galega de Seguridade Pública— estea a impartir esta formación. Pode ser. Diferentes profesionais do sector están vendo a necesidade de que se poida estender a outros institutos da comunidade autónoma —das outras provincias, evidentemente— esta formación e, logo, que se concertara, evidentemente, a parte da residencia e das prácticas na propia Academia Galega de Seguridade.

Un segundo punto que nos parece clave e complementario, pero que pode ser o cerne desta moción e de toda a problemática que arrastramos en materia de emerxencias de protección civil, é o que demanda precisamente ao Goberno galego, durante este ano 2019 —concretamente, demandamos que durante este semestre, pero, se non pode ser no semestre, que poida ser durante este ano 2019—, que precisamente o órgano colexiado e consultivo de asesoramento ao Goberno galego en materia de protección civil, que é a Comisión Galega de Protección Civil, se pronuncie —porque non temos coñecemento de que houbera un pronunciamiento que se poida coñecer e que se poida debater nesta cámara— sobre —como indicamos na moción— se a actual estrutura operativa, tanto no ámbito de modelo territorial como no ámbito funcional de prestación dos servizos de emerxencias e de protección civil —no que se debe considerar, evidentemente, todo o modelo de servizos de extinción de incendios e de salvamento— é a estrutura máis axeitada nestes momentos para asegurar que o sistema integrado garante o funcionamento dun dos principios esenciais en materia de emerxencias, como é o mando único. E demandamos e pedimos que esta petición se presente nesta cámara.

Porque poderíamos incluso chegar á conclusión de que desde o accidente de Angrois non temos aínda ningunha corrección seria en materia de dispositivos de emerxencias e protección civil. Isto estaría acompañado doutras medidas, como a necesidade absoluta de coordinar o sistema de comunicacións. Pode ser que os diferentes dispositivos estean traballando en sistema Tetra, pero, aínda que se estea co sistema Tetra, non se está traballando cos mesmos sistemas de comunicación. Isto incluso lles pasa aos policía locais, pero iso é cuestión de falar cando falemos das policía locais.

Outras comunidades autónomas —como Madrid, sen ir máis lonxe, Cataluña ou Valencia— si que teñen un funcionamento asegurado de intercomunicación nos sistemas integrados de protección civil. Evidentemente, as cuestións de uniformidade, de distintivos, é absolutamente necesario reforzalas. Porque o outro día —e alguén me pode dicir que se trata dunha anécdota; se é unha anécdota, pase, pero non creo que se trate dunha anécdota— tivemos a ocasión de coñecer unha situación que non debe darse nos servizos de emerxencias: de como unha propia agrupación da Garda Civil de Tráfico estendía unha denuncia a un axente forestal que estaba acudindo a unha emerxencia como director de extinción porque o vehículo non tiña os distintivos V1 ou V2, que son os de circulación prioritaria. É dicir, a ninguén se lle pode pasar pola cabeza —se é unha anécdota, que quede en anécdota— que isto pode estar ocorrendo nos servizos de emerxencias e protección civil de Galicia, como está a acontecer.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Remato, presidente, precisamente co último punto, co punto 4, que podería ser o colofón, que é que se cumpra a Lei de emerxencias de Galicia e que se de-



senvolva, precisamente, en virtude da disposición adicional terceira, un regulamento profesional destes servizos, como o demanda a propia lexislación.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Interveñen agora os grupos. (*Pausa.*)

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señorías.

Ben, tamén, con carácter preliminar, quero destacar os magníficos servizos de emerxencias que temos en Galicia e que se teñen amosado nas diferentes situacións de emerxencia ou catástrofe que temos vivido na nosa comunidade autónoma.

E tamén quero recalcar, en primeiro lugar, que quen máis ten feito pola profesionalización destes servizos e polo sector das emerxencias e protección civil en Galicia é o Goberno do presidente Feijóo. Fitos como a posta en marcha do ciclo formativo de grao medio de técnicos de emerxencias e protección civil de Galicia ou a permanente mellora e evolución da formación continua deses profesionais e, tamén, a renovación e a dotación de equipamento constante destes servizos son mostra de que o Goberno galego se preocupa, se ocupa e, ademais, está totalmente volcado con estes servizos de emerxencias, a pesar, señorías, de non ter as competencias a comunidade autónoma, como moi ben vostedes saben.

E non podemos dicir o mesmo dos representantes das outras administracións, concretamente dos presidentes das deputacións de Lugo, da Coruña e de Pontevedra, que cuestionaron o modelo de xestión das emerxencias nun momento determinado dicindo que había que avogar pola xestión directa, que tamén, por certo, señor Villoslada, está na Lei de emerxencias do 2007 do Bipartito, que a quen parece que non lles gusta é a vostedes, porque son vostedes os que están cuestionando constantemente cousas que aprobaron vostedes nesa lei, entre outras, esa. Unha xestión que, nalgúns casos, foi posta en marcha por gobernos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, e sempre veñen dicir que é o PP o que ten o carácter privatizador. Pero o PP, curiosamente, e o Goberno da Xunta de Galicia, liderado polo vicepresidente da Xunta, o señor Alfonso Rueda, dixo: non hai problema, se vostedes consideran que a xestión directa é máis eficaz e máis eficiente, adiante. A Xunta vai seguir poñendo os mesmos cartos que poñía ata agora. Agora ben, lideren vostedes ese cambio. Reuniu as deputacións para comezar con ese cambio, para informar sobre esa cuestión e para que, efectivamente, as deputacións digan se ese modelo é máis eficaz, máis eficiente e máis económico; levan tres anos traballando niso, dando voltas aos papeis, e no día de hoxe aínda non mudaron a ese modelo. Parece, señorías, que a quen non lles gusta a lei e o que puxeron na lei é a vostedes.



Entrando xa no tema dos apartados da súa moción: cando fala vostede de promover a inserción laboral dos titulados do novo ciclo, nós, na nosa emenda, pedimos, señorías, que esa posibilidade de saídas profesionais de inserción laboral se estenda a todas as administracións. Porque —como lle dicía, señor Díaz— vostede sabe que as persoas que veñen dese ciclo formativo que traballan e que se insertan laboralmente, se insertan, ademais de en empresas privadas, en administracións públicas, pero non só na comunidade autónoma: nas administracións locais, nas deputacións, nos consorcios provinciais... ¿Quen ten a competencia? Pois incluamos neste apartado tamén outras administracións, porque esas administracións —e, sobre todo, agora que están estudando a posibilidade de sacar adiante unha xestión directa— serán as que saquen esas prazas a concurso e, polo tanto, tamén temos que implicalas neste proceso de inserción laboral. E a nosa emenda vai nesa liña: no marco das súas competencias falamos de impulsar o desenvolvemento e non de desenvolver a secas —como di a moción—, xa que a Xunta non é a única competente no modelo de emerxencias; como vostedes ben saben, nos concellos de menos de vinte mil habitantes quen é competente son as deputacións, e para máis de máis de vinte mil habitantes son os propios concellos. Polo tanto, señor Villoslada, hai que incorporar todas as administracións competentes porque así o di a lei, esa lei que vostede di que a nós non nos gusta.

Respecto á emisión pola Comisión Galega de Protección Civil dun informe relativo a asegurar un sistema integrado que garanta o mando único: ben, sobre o mando único xa temos debatido moitísimas veces. Vostede sabe perfectamente cal é o labor do mando único, e non teño tempo aquí para lembrarlles a todos que hai emerxencias ordinarias e extraordinarias. Nas ordinarias, o mando único é o responsable do concello —sexa o alcalde ou sexa o concelleiro delegado—, e nas extraordinarias depende da activación do plan: pode ser o alcalde ou o concelleiro, pode ser un responsable provincial, pode ser o director xeral da consellería —mesmo o conselleiro—, o presidente da Xunta e mesmo unha autoridade do Estado. Pero vostede sabe que o Partido Socialista aprobou e apoiou o ditame da Comisión de Política Forestal no que se establece crear un grupo de expertos e que antes do verán presenten un informe no se que analice, entre outras cousas, o adecuado funcionamento do mando único. E o grupo de traballo polas emerxencias debe ter en conta as conclusións que se extraian. Polo tanto, nós pedimos que se agarde a que ese grupo de traballo se manifeste, porque non imos adiantarnos nós a unha cuestión que temos aprobada neste parlamento e, ademais, co voto favorable do Partido Socialista.

En relación coa coordinación das comunicacións: ben, está implementada a Resgal. Eu non sei se vostede plantexa outra cuestión. Nós cremos que está funcionando ben; se vostede cre que hai outra opción, díganola, nós aí cremos que non.

Aprobar un regulamento do persoal de carácter profesional, o que temos chamado tantas veces o estatuto do bombeiro: vostede sabe que se crearon os grupos de traballo, que se está traballando no estatuto do bombeiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...nos consorcios provinciais, pero no momento en que as deputacións provincias de Lugo, da Coruña e de Pontevedra din que hai que mudar o modelo de xestión indirecta a directa, automaticamente ese proceso se paraliza. Entón, señor Villoslada,



díganos, ¿que é o que realmente queren vostedes? ¿Que sigamos no modelo de xestión indirecta e, polo tanto, negociemos o estatuto do bombeiro? ¿Ou, por outra banda, que vaiamos á de directa? ¿E que tipo de estatuto do bombeiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...negocia a Xunta de Galicia cando as competentes serán despois outras administracións? A verdade é que creo que non é o momento tampouco para seguir negociando o estatuto do bombeiro cando se está falando de mudar o modelo de xestión, de xestión indirecta a directa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Polo tanto, creo que hai abordar antes outras cuestións e non empezar a casa polo tellado.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Quixera, en primeiro lugar, anunciar o apoio a esta proposta do Grupo Socialista tanto no referido ao ámbito da formación e da cualificación profesional e inserción laboral como nas demais medidas que propoñen. Pensamos que aborda, polo menos, gran parte dos problemas, das carencias e das debilidades que ten o sistema galego de emerxencias —se se pode chamar así—: un sistema no que hai unha responsabilidade máxima e maior, que está determinada na lei, da Xunta de Galiza, compartida, iso si, con outras administracións; compartida con outras administracións, pero a coordinación superior e a dirección superior corresponde á Xunta de Galiza.

E a nosa responsabilidade aquí é facer o control e a oposición e a fiscalización do goberno e exixirle ao Goberno, á Xunta de Galiza, que cambie este sistema e que actúe en consecuencia para resolver todos estes problemas. E vostedes actúan nesta cuestión como unha especie de polo sen cabeza. Isto vémosto, por exemplo, no descabezamento, no cesamento dos máximos responsábeis tanto da dirección xeral como da Axencia Galega de Emerxencias que vivimos nesta lexislatura —¡por algo será, señora Prado, por algo será!— e polos bandazos, polos parches que levan dado ao longo deste mandato, e, despois, con esa técnica que xa está moi usada de botar balóns fóra, de botarlle a culpa ao empedrado e a culpa ás deputacións. Terán que asumir tamén as súas propias responsabilidades.

Mire: hai un montón de cuestións pendentes. Primeiro, empezando polo CAE 112 da Estrada, que é un edificio semibaleiro; semibaleiro porque vostedes foron incapaces de unificar e de



reunir aí todos os servizos de emerxencia. E están agora co proceso do traslado do 061, con toda a conflitividade que tivo, e está alí a Unidade da Policía Adscrita —a tempo parcial, porque non está as vinte e catro horas, cando as emerxencias non descansan pola noite—; faltan a Policía, a Garda Civil, o 085... Non se poñen de acordo co 085 para que vaia para A Estrada. Vostedes non se entenden nin cos seus propios departamentos da Xunta, por non falar xa doutros que non foron tampouco para aí.

Mire: teñen o mapa de emerxencias —e botábanlles a culpa ás deputacións— sen resolver, ¡sen resolver!, porque entre outras cuestións teñen feito..., non sei como dicilo xa: fixeron aí un apaño co convenio dos GES, pero estanlles caendo a cachos, está habendo moitísimos problemas coa súa aplicación e teñen sen resolver a comarcalización dos parques urbanos, empezando polo de Ourense, que foi o primeiro que anunciaron. Claro, agora en Ourense vostedes teñen problemas maiores porque non dan apagado os lumes que lles saen alí. Porque, claro, acáballes de dimitir o superconcelleiro Araújo, pero este non é o único problema que teñen, porque lles están aparecendo estas turbulencias, empezando por Monforte, que tamén saben moito desta cuestión, (*Murmurios.*) por Viveiro, por Sanxenxo... Suma e segue. Vostedes parécense cada vez máis a un queixo *gruyère*: teñen buratos furados por todos lados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor BARÁ TORRES: E, claro, que veña aquí dicir que a lei... Que leva doce anos e que non a cumpriron, ¡que non a cumpriron!, que non fixeron o estatuto do bombeiro profesional e do voluntariado; non o fixeron vostedes e estiveron gobernando case todos estes doce anos, dez anos. E agora bótanlle a culpa ao modelo de xestión, pero o estatuto do bombeiro será igual para todos os bombeiros, sexan de xestión directa ou sexan de xestión indirecta. Non o fixeron, é responsabilidade súa. Non boten balóns fóra.

Igual que o Plan territorial de emerxencias de Galiza —o Platerga—, que estar sen actualizar, señora Prado, está sen actualizar. Isto é unha gravísima irresponsabilidade. Estamos falando do plan que establece como funcionan todos os operativos, como funciona a formación, como funciona a autoprotección e a protección da poboación cando estamos tendo novas realidades de situacións de risco descoñecidas ata hai pouco neste país, como foi a crise dos lumes de outubro de 2017. Vostedes non se dan por aludidos, non actualizan o Plan territorial de emerxencias de Galiza e poñen escusas, como poñen escusas no caso da lexislación, porque vostedes prometían no seu programa electoral que ían facer unha nova lei de emerxencias. ¿Onde está? A este ritmo, desde logo, que levan de aprobación de leis, creo que nin ao 2050 chegaríamos con esa lei de emerxencias, porque vostedes van a unha lei por ano. Hai que poñer un pouco as pilas, traballar máis e cumprir o plan normativo, porque vostedes marcan un plan normativo e despois non o cumpren. (*Murmurios.*) Entón este goberno está en punto morto.

En definitiva, estamos diante dunha lexislatura en branco en materia de emerxencias, onde está practicamente todo por facer por parte da Xunta de Galiza. Creou comisións, creou sub-comisións, pero ningún avance. Polo tanto déixense de lérias, déixense de leas, déixense de leiras, tamén, partidistas, póñanse a gobernar...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...a tomar decisións e a resolver problemas nun tema de tanta transcendencia coma este, señora Prado, señores e señoras do Partido Popular.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que nós, para empezar, dende o Grupo de En Marea tamén queremos dicir que imos apoiar a iniciativa do Grupo Socialista nos catro puntos, tanto no referente á formación como no referente aos recursos, regulamentos... Cremos que, en parte —como xa se dixo—, poden cubrir unha serie de carencias graves que ten o sistema galego de emerxencias. E, ademais, tamén estamos un pouco sorprendidas coa exposición da voceira do Grupo Popular, porque iso choca radicalmente co que realmente son as propostas do Partido Popular na Comisión 1ª, nos plenos, as súas defensas habituais con respecto á protección civil e ao sistema de emerxencias —xa sen entrar, efectivamente, en que non regularon a nova lei que prometeron e demais—. E vímolos na última Comisión 1ª: a maior proposta que trae, de maneira reiterada, o Partido Popular a este parlamento con respecto á protección civil e ao sistema de emerxencias é a potenciación do sistema de voluntarios. E, de feito, gustárame lembrar —para os que non asisten a esta comisión— cales son as propostas do Partido Popular en comparación coas propostas que podemos traer o resto dos grupos.

Por exemplo, na última comisión ata utilizan eufemismos que parece que teñen unhas boas intencións, se non souberamos que despois están agochando as súas negligencias e a súa carencia de interese nin sequera por gobernar.

Falaban de dinamizar a participación da sociedade nos equipos de Protección Civil, de promover o recoñecemento social e institucional do labor dos voluntarios e de contar cos mellores servizos de orde e asistencia. Claro, algo no cal os grupos nunca poderíamos estar en contra, porque, ademais, non foi precisamente o Partido Popular o impulsor deste tipo de servizos de orientación ou de autoorganización da cidadanía.

Pero é que, detrás das palabras fermosas, o que hai é unha realidade que é o que realmente lle interesa á Xunta de Galicia, que é suplir co esforzo dos voluntarios a súa negligencia nas situacións de crise, como se deu no caso dos lumes, das inundacións, de accidentes, de temporais...; que sexan os voluntarios os que cubran as carencias do sistema galego de emerxencias.

Entón, nós o que non podemos admitir é isto, porque a protección civil e o sistema de emerxencias, como xa se explicaba —e explicamos na Comisión 1ª e xa se falou aquí—, non precisan máis voluntarios, o que precisan son máis medios e máis formación para poder facer



fronte ás emerxencias, minimizando os riscos para a cidadanía. Necesitan máis efectivos, e efectivos cualificados; de feito, esta forma de actuar, de intentar impulsar voluntarios sen dar os recursos necesarios e a formación necesaria incluso pon en perigo a súa vida para salvarlle moitas veces a papeleta á Xunta de Galicia.

Entón, o asunto é moito máis claro, ademais, se pensamos en catástrofes recorrentes de todos os anos, como por exemplo son os incendios. Todos os anos arde Galicia, todos os anos advírtese ao Goberno de que son necesarios máis medios materiais e humanos para combater o lume e máis formación.

A Xunta ten moi recente a última chamada de atención, xa que a comezos deste ano tiveron cinco incendios en Ourense, e en Pontevedra queimáronse catrocentas cincuenta hectáreas, e que isto aconteza en inverno é moi significativo, xa que subliña unha verdade incómoda: que os lumes xa non son estacionais e que, polo tanto, hai que prevelos e combatelos, precisamente, con brigadas e servizos profesionais que traballen durante todo o ano, e isto é unha deficiencia do sistema de emerxencias que, con propostas deste tipo, se pode solucionar.

Os lumes son un exemplo do que ten que facer a Xunta de Galicia, e o que ten é que contratar, regular, apoiar e formar máis os medios materiais e humanos e non descargar as responsabilidades das catástrofes nos voluntarios de Protección Civil, que son as propostas que traen recorrentemente, aínda que non lles interese escoitalo porque non... Ben, despois son os superxestores que saben gobernar, pero nin escoitan.

Entón, isto non significa que a sociedade no seu conxunto non deba estar preparada para facer fronte ás emerxencias, de ningunha maneira. Nós imos apoiar sempre —como dixemos, sempre— a autoorganización popular para que teñamos unha cidadanía implicada e concienciada, pero non para facer o que ten que facer a Xunta e o que é responsabilidade da Xunta.

Entón, polo tanto, non se poden admitir de ningún xeito as excusas nin a xestión da Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia o que ten que corrixir son as súas carencias na xestión das crises, as súas carencias do sistema de emerxencias, e, ademais de formar voluntarios, ten que formar os profesionais, regular os profesionais, dar os medios que necesitan e deixar de facer que nos avergoñemos dun goberno que moito *marketing* pero poucas obras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo autor da moción, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, señora Prado, eu, como cando falamos sempre de emerxencias e protección civil xa nos teñen acostumados a escorrer o vulto falando das competencias da Administración local en Galicia, sempre necesito volver reiterarlles o que di o propio artigo 10 da Lei de emerxencias de Galicia cando fala de que función é competencia propia da



Xunta de Galicia: traballar, precisamente, na superior coordinación e dirección de protección civil e extinción dos servizos que se consideren necesarios, prestalos de forma unitaria para todo o territorio galego e a xestión de emerxencias que supere os medios de resposta das entidades locais.

Ademais, sen ir máis lonxe, como saben perfectisimamente, o 26 de decembro acábbase de asinar, entre o vicepresidente e o conselleiro do Medio Rural, as catro deputacións e a Federación Galega de Municipios e Provincias, o convenio que dá continuidade aos GES para os seguintes anos 2019, 2020 e 2021. Entón, eu creo que cada un ten claras as súas competencias, ten claras as súas posibilidades, pero o marco legal é o que está aí.

Voulle poñer un —ía dicir pequeno— exemplo que aconteceu o outro día nun concello da área metropolitana da Coruña —un concello de máis de vinte mil habitantes, un concello con parque propio—, no que houbo un incidente —un incendio nunha nave industrial—. O parque do propio concello —de máis de vinte mil habitantes— por razóns operativas non puido chegar, chamou o consorcio provincial, o consorcio provincial non puido chegar a tempo e chegou o parque da cidade. Chegou o parque da cidade, pero ¿sabe que non está protocolizado o mando único nesa situación? Non está. ¿Quen manda? ¿O alcalde do concello onde está a nave industrial? ¿O titular do consorcio provincial? ¿O director do parque da cidade? Esas son as cuestións que hai que solucionar, señora Prado, nesa dispersión de servizos.

Por iso estamos a demandar esa mellor profesionalización e por iso estamos a demandar que a Comisión Galega de Protección Civil se pronuncie. Se hai que esperar uns meses a que exista unha conclusión da Comisión forestal en materia de servizos de extinción de incendios, integremos esas consideracións, apracemos eses seis meses e cheguemos a unha transacción nese sentido. Non falemos de externalización de servizos, señora Prado, cando tivemos ocasión de analizar o nivel de externalización de servizos da propia Axencia Galega de Emerxencias á hora de analizar os seus créditos do capítulo VI. Iso está aí, coñecemos perfectamente.

Por rematar, señora Prado, nós estaríamos de acordo en incorporar o primeiro punto. Efectivamente, digámoslle ao conxunto das administracións públicas en Galicia que fomenten a implantación desta titulación, pero non esquezamos tamén fomentar esa implantación da titulación en todo o sector privado que intervéñ nas emerxencias públicas de Galicia. Eu creo que esa parte final a poderían incluír perfectamente no seu texto.

E o segundo punto tamén o entenderíamos perfectamente como adición ao punto segundo da nosa moción, porque pode ser que o completara mellor aínda, pero non podería ser só como substitución. Esta é a oferta de transacción que lle facemos para unha mellor profesionalización dos servizos de emerxencias en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Rematado o debate, procedemos á votación das mocións.

(A señora Prado del Río pide a palabra.)



¿Si, señora Prado? ¿Para que quere a palabra? Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, é para unha aclaración: os artigos 26 e 27 da Lei 5/2007 de emerxencias establece as competencias para os concellos. *(Balbordos.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, iso forma parte do debate. Non, non, o mesmo que antes. Non, non.

Señora Prado, non.

A señora PRADO DEL RÍO: Dígoo porque antes tamén a señora Torregrosa fixo unha aclaración e a min tamén me gustaría facela. *(Bolbordo.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non. Iso forma parte do debate, igual que a señora Torregrosa. Entón, non procede.

Votamos, en primeiro lugar, a moción do Grupo Parlamentario de En Marea.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, puntos 1 e 2, e non se acepta a do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto das tarifas eléctricas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista. Hai unha proposta de transacción, non sei se... Non.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver, durante 2019, un plan de mellora da profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



Suspendemos a sesión ata as catro e cuarto, dezaseis quince.

Suspéndese a sesión ás catorce e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás dezaseis e quince minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto de comparecencias.

Comparecencia da Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para substanciar esta comparecencia ten a palabra a conselleira. Cando queira.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Boas tardes a todas e a todos.

Quero comezar esta comparecencia reiterando unha idea que me parece importante e que xa manifestei o día en que asumín oficialmente a responsabilidade de dirixir a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: a educación é un dos piares do desenvolvemento de Galicia. E esta idea enlaza cunha reflexión que quero compartir con vostedes: ¿que cidadáns queremos para a Galicia do século XXI? Para responder esta pregunta parece oportuno lembrar que no día de hoxe Galicia ten un modelo educativo e universitario definido e diferenciado, xurdido das políticas educativas desenvolvidas desde 2009 e que se ve avalado polos resultados tanto cualitativos como cuantitativos.

A comezos do ano 2019 podemos compartir que é o momento de afondar na consolidación do ensino galego e de definir unha senda de excelencia para as diferentes ensinanzas, en especial para a formación profesional, ao tempo que hai que reforzar a coordinación do Sistema universitario de Galicia. Desde a responsabilidade que supón servir a Galicia, entendo que a misión que debe de afrontar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é precisamente a de contribuír a formar os galegos e as galegas do século XXI.

Teño o pleno convencemento de que o enfoque non é só no que se inviste en educación, senón tamén no tipo de educación en que se inviste, porque a educación —como apunta Edward Myers— debe ser contemplada como un proceso e non unicamente como un produto. A visión e o camiño a seguir entendo que pasa por ser conscientes de que o proceso educativo é diverso, multidisciplinar, inclusivo, comunitario, interactivo e plurilingüe; traballar desde a perspectiva de reforzar a aprendizaxe de idiomas, a dixitalización do ensino e a formación en materias STEM sen renunciar aos estudos humanísticos; orientar o alumando para que se prepare e saiba xestionar o seu talento, as súas capacidades e as súas emocións; formar o profesorado para que poidan afrontar en mellores condicións o reto de ser mentores e impulsores do pensamento analítico, do pensamento creativo e do pensamento crítico; asesorar e informar as familias para axudalas a entender o funcionamento do sistema educativo e a velar pola aprendizaxe dos seus fillos.



Estamos ante unha nova etapa na que todas e todos, cada un desde a súa responsabilidade, debemos traballar para que o sistema educativo e a universidade promovan o desenvolvemento do talento e do liderado na excelencia da aprendizaxe dos cidadáns da Galicia do século XXI. Os nenos e as nenas de hoxe precisan de ferramentas que potencien as súas capacidades para facer fronte a un mundo cada vez máis global, máis tecnolóxico e, sobre todo, cun gran volume de datos e información que deben saber seleccionar, codificar, manexar e comprender. Por iso resulta prioritario que o alumnado galego, tanto nas etapas non universitarias como no ensino superior, adquira coñecementos matemáticos e científicos, comprensión lectora, competencia dixital, idiomas, habilidades sociais, comunicativas, culturais e cívicas, ademais de desenvolver a iniciativa e a capacidade de emprendemento a través das estratexias cognitivas e metacognitivas adecuadas.

Neste contexto, a lóxica e a coherencia recomendan dar continuidade ao desenvolvemento progresivo das políticas dirixidas ao ensino non universitario en canto á aprendizaxe de idiomas a través da progresiva extensión das medidas previstas na estratexia Edulingüe 2020; á integración real das TIC no ensino e ao desenvolvemento de competencias STEM, cunha aplicación actualizada da Estratexia galega de educación dixital Edudixital 2020; ao fomento da igualdade e a coeducación desde unha perspectiva de convivencia positiva integral, ao amparo de Educonvives —Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020— e do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020; á mellora das competencias de lectoescritura, das habilidades investigadoras e do uso da información do alumnado galego coas distintas accións do Plan LÍA de bibliotecas escolares.

En primeiro lugar, a Xunta reactivou a aposta pola aprendizaxe de idiomas a través da Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020 Edulingüe, co obxectivo fundamental de estender o plurilingüismo a todas as etapas educativas e facilitar que os alumnos e as alumnas poidan acreditar o seu nivel de lingua estranxeira ao final da etapa. Así, o alumnado galego, ademais da adquisición de competencias en galego e en castelán —prioridades absolutas—, afronta unha aprendizaxe integral dunha lingua estranxeira, maioritariamente do inglés. Mantemos o obxectivo de acadar que todo o alumnado de ensino obrigatorio se beneficie das medidas previstas en Edulingüe, que abrangue accións en centros ordinarios e tamén en escolas oficiais de idiomas, ao tempo que se incorpora ao maior número das que realizan estudos de bacharelato e formación profesional.

Curso tras curso hai un progresivo incremento de centros que se suman a Edulingüe; de feito, no presente ano escolar son trescentos oitenta e cinco os centros galegos que imparten ensinanzas plurilingües, o que supón sesenta e tres máis que o curso anterior. Pero o modelo plurilingüe non só está funcionando no ámbito cuantitativo, senón tamén no cualitativo, porque Edulingüe promove a realización de probas para certificar o nivel B1 e B2 de inglés do alumando que finalizou as etapas de ESO e de bacharelato nalgún dos centros plurilingües. O oitenta e catro por cento dos alumnos que se presentaron aprobaron os exames, onde había unha parte escrita e outra oral. Eu mesma teño experiencia directa, nas miñas visitas a distintos centros escolares, da competencia oral do alumnado en inglés.

Debemos seguir apostando pola progresiva extensión dos centros plurilingües e das seccións bilingües nos centros de ensino obrigatorio e, por suposto, avanzar tamén nas ensinanzas artísticas, na formación profesional, no bacharelato e mesmo na universidade. Ademais, a



aprendizaxe de linguas estranxeiras conta co reforzo dos auxiliares de conversa, coas escolas oficiais de idiomas e co Programa PIALE de inmersión lingüística do profesorado.

En segundo lugar, a tecnoloxía e os soportes dixitais están aquí para quedar, e o alumnado galego ten que estar preparado para afrontar os beneficios e os riscos que o seu uso trae consigo. Para axudarlles a facelo nace a Estratexia galega de educación dixital Edudixital 2020. Introducir a educación dixital nas aulas favorece a igualdade de oportunidades e o pensamento diverxente, así como a responsabilidade das xeracións máis novas e a súa competencia na actual sociedade global, e prepara os futuros profesionais para dar resposta aos novos retos. En Galicia apostamos polo desenvolvemento de competencias dixitais e científico-tecnolóxicas mediante o proceso educativo a través da educación dixital desde as aulas. O equipamento é importante, pero tamén hai que implicar o alumnado, o profesorado e mesmo as familias.

Afrontamos o ensino dixital en Galicia a través de dúas liñas de traballo conectadas: E-Dixgal e estratexia STEM. E-Dixgal ten que ver coa mellora de ferramentas de soporte e actualización de contidos. No presente curso 2018-2019 un total de cento catorce centros sumáronse ao uso do libro dixital, que está presente xa en douscentos sesenta e sete centros de toda Galicia e que conta con dezaoito mil alumnos de quinto e sexto curso de primaria e de primeiro e segundo curso da ESO. Así que cremos factible cumprir o obxectivo recollido na estratexia Edudixital de lograr que trescentos centros e máis de vinte mil alumnos participen dos recursos e contidos de E-Dixgal. Pero, sobre todo, quero incidir na importancia de que todos os centros contan cun plan de formación propio no ámbito das novas tecnoloxías. Ademais, neste 2018-2019, en todos os centros de formación e recursos, no CAFI, realizáranse cursos presenciais de iniciación e profundización no manexo da contorna EVA e E-Dixgal, dirixidos a todo o profesorado.

A estratexia STEM, pola súa banda, céntrase en promover o coñecemento en ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas, e tamén nas disciplinas de humanidades, para asentar o pensamento crítico e a autonomía da cidadanía tecnolóxica e dixital, así como para dar resposta aos novos perfís profesionais. O obxectivo da Consellería é impulsar as competencias STEM nos centros educativos, facendo fincapé nas nenas e nas mozas galegas para rachar coa fenda de xénero nestes estudos. Neste apartado, entre as medidas previstas destaca o denominado bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía —ou STEMbach—, que comezou este curso coa participación do alumnado de quince institutos de Galicia e coa previsión de incorporar ata cinco máis no 2020. O alumnado desta modalidade cursa algunha materia extracurricular semanal de dúas ou tres horas de afondamento en materias STEM e cun enfoque baseado no incremento das habilidades de expresión e comunicación, así como o contacto directo, tan importante, coas universidades. Outra das accións STEM é crear nos centros educativos galegos os Espazos Maker, lugares destinados ao alumnado, profesorado e incluso familias, nos que poidan desenvolver proxectos mediante a experimentación, baixo a máxima de aprender facendo.

Estratexia Educonvives 2015-2020 e I Plan de igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020: tamén seguiremos a desenvolver, divulgar e consolidar as medidas agrupadas na Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 Educonvives, que significou para o ensino galego dispor de plans de convivencia en cada centro. A estratexia Educonvives seguirá, ata o horizonte do 2020, afondando en accións de formación de alumnado, familias,



profesorado e equipos directivos para a prevención de conflitos; na difusión de experiencias de éxito e boas prácticas; na homoxeneización de documentos e no establecemento de modelos normalizados para axilizar as xestións dos conflitos; na potenciación do procedemento conciliado e da mediación como vías de resolución de conflitos, e na coordinación de accións con outras entidades e institucións que traballen en prol da mellora da convivencia.

Unha vez convocado o Consello Galego para a Convivencia Escolar, estaremos en condicións de afrontar a realización dun novo macrocuestionario para testar a situación da convivencia e a coeducación no ensino galego, que ten como finalidade actualizar os datos, tanto en Galicia como en cada centro. Co obxecto de manter a rigorosidade do estudo, neste tempo houbo un traballo de análise de informes nacionais e internacionais de relevancia para determinar as novas preguntas sobre aqueles aspectos que, desde a enquisa de 2015, se amosaron como clave na escolaridade. O obxectivo é poder contar con datos e información sobre igualdade que axuden os centros a elaborar unha diagnose máis precisa da coeducación; sobre inclusión, coa mesma finalidade de diagnose e de mellora continua no Plan de atención á diversidade; sobre condutas de acoso e ciberacoso escolar, tanto desde a perspectiva da persoa vítima como da persoa acosadora, e sobre a visión ou percepción do sistema por parte da comunidade educativa, ao tempo que se afonda na consecución dunha boa convivencia nos centros educativos.

Desde a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional temos un compromiso claro coa igualdade e coa coeducación, que pasa por garantir un modelo educativo baseado no respecto e na liberdade. E xa lles anuncio que estamos a artellar coa Secretaría Xeral de Igualdade unha dotación de aproximadamente tres millóns de euros en materia de igualdade educativa. Conscientes de que estamos ante un asunto complexo que precisa dun enfoque integral, a Consellería colabora coa Secretaría Xeral de Igualdade —como digo—, adscrita á Vicepresidencia da Xunta, na aplicación progresiva do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, un documento que prevé diferentes medidas e que ten unha implantación progresiva e gradual no horizonte temporal previsto.

O alumnado e o profesorado están xa a ver reforzada a súa formación sobre: primeiro, a igualdade de homes e mulleres; segundo, a non-discriminación por identidade sexual, e terceiro, a necesidade de rexeitar e combater a violencia de xénero. A evolución social e normativa aplicable ao sistema educativo demanda enfoques máis ambiciosos e máis integrais que sitúen a igualdade non como un elemento illado, senón como vertebrador da organización educativa e da vida nos centros. Chegar a esta meta é imprescindible.

En colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, a Consellería traballa na publicación dunha guía coeducativa que contribúa a difundir e estender os principios da escola igualitaria co fin de reducir o impacto dos estereotipos de xénero e da violencia machista. Relacionado con este material, cremos de utilidade facer unha diagnose da situación a partir das respostas da comunidade educativa no próximo macrocuestionario de convivencia.

Plan LÍA: neste punto quero poñer en valor o papel que xoga a biblioteca escolar no centro educativo como impulsora de innovación tecnolóxica, pero tamén como impulsora de innovación pedagóxica, como espazo de referencia fundamental para a formación das compe-



tencias clave do alumando e como lugar de encontro para a creación e para o pensamento crítico. As persoas usuarias atópanse en Galicia con bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI. Os ámbitos de actuación previstos no Plan LÍA de bibliotecas escolares para o período 2016–2020 están a contribuír a que os centros educativos ofrezan ao alumnado espazos para abordar a investigación sobre a lectura, a alfabetización transmedia ou os hábitos de lectura. Tamén coñecín de primeira man estes proxectos nestes catro meses en distintos centros como Bueu, Meaño, Vedra...

Para contribuír a desempeñar a súa función educativa, as bibliotecas escolares precisan de actuacións continuadas e que teñan unha implantación progresiva. Manteremos a convocatoria anual do Plan de mellora de bibliotecas escolares, que no presente curso 2018–2019 sumou vinte e sete incorporacións a unha rede composta xa por seiscentos cincuenta e cinco centros. Unha iniciativa complementaria permitiu seleccionar doce centros LÍA, encargados de avanzar cara a un modelo de centro creativo de aprendizaxes. Tamén no contexto do Plan LÍA, estamos a impulsar o traballo con cincuenta e tres centros de educación especial ou con unidades de educación especial baixo a denominación de «biblioteca inclusiva». Esta acción pretende sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara a unha biblioteca que responda de xeito real ás necesidades de todo o alumnado fronte aos retos que presenta a diversidade.

Nestes semestre imos presentar un estudo cualitativo sobre o impacto dos clubs de lectura nos hábitos de lectura dos escolares galegos participantes neste programa. Como apunta a controvertida experta sueca Inger Enkvist, non exixir que todos os alumnos e alumnas entren no mundo do libro significa abandonalos.

Xunto con estes grandes programas orientados a dar resposta a algúns dos principais retos da sociedade actual, a Consellería de Educación asume o compromiso de reforzar e de actualizar as políticas dirixidas á innovación educativa para mellorar a excelencia e o rendemento académico e profesional do alumnado, sen subestimar as súas capacidades tanto cognitivas como socioemocionais, e tamén para divulgar e fomentar sinerxías educativas. A Consellería actuará de axente impulsor e motivador, pero estamos ante un reto compartido de aprendizaxe colaborativa.

Cremos importante que o sistema educativo galego potencie e innove o proceso de aprendizaxe a través dunha maior conexión e interrelación dos axentes educativos do século XXI, que, como saben, son as familias, os iguais, os centros educativos, os medios de comunicación e as tecnoloxías. As iniciativas e os programas do ensino galego suscitan interese en Galicia e no resto de España por considerar que son referencia do camiño a seguir. Así o teño comprobado en visitas a outras comunidades autónomas xa antes de ocupar o meu cargo.

Cremos oportuno que as experiencias de todos os programas xa mencionados —e tamén dos que explicarei a continuación— conflúan no que denominamos Espazo galego de boas prácticas educativas, que xa neste curso terá formato *online* e presencial a partir do curso 2019–2020. En concreto, propiciaremos que os axentes educativos poidan intercambiar experiencias e accedan a toda a información para coñecer mellor e participar do proceso educativo. As novas tecnoloxías ofrecen unha grande oportunidade para o acceso e a xestión da información, tanto para a administración como para os axentes educativos. Asemade,



debemos propiciar que os docentes e os equipos directivos estean ao día para responder ás necesidades, ás demandas e aos retos que ten ante si o alumnado. Por iso estamos a facilitar apoio, orientación e formación para os equipos directivos no desempeño das actividades de xestión e organización dos centros educativos, unha acción que agora imos reforzar cunha nova canle de comunicación: o Portal da Dirección.

Resulta tamén fundamental que as familias reciban información e asesoramento sobre o funcionamento do sistema educativo para ser máis proactivas na aprendizaxe dos seus fillos. Así, queremos mellorar a comunicación e a conexión das familias co sistema educativo a través do Portal das familias, que estará orientado a dar acceso á información agrupada en bloques temáticos, que ofrecerá contidos polos que este colectivo ten unha maior preocupación —escolarización, elección de centro, servizos complementarios...— e que xerará unha ferramenta de comunicación máis cooperativa entre as familias, o centro e a Administración educativa.

Ao longo destes anos e neste mesmo curso a Consellería apostou polos contratos-programa, que constitúen unha boa ferramenta para potenciar a autonomía dos centros, reducir o abandono educativo temperán e seguir mellorando en igualdade de oportunidades, en equidade e en inclusión. Trátase dunha fórmula que fomenta o traballo interdisciplinario e cooperativo e que ten moi boa acollida polos centros, xa que desde a súa propia realidade propoñen e executan actuacións de reforzo, de orientación e de apoio, de mellora de convivencia e de loita contra o fracaso escolar e o abandono escolar. Aínda en fase de resolución provisional, na convocatoria de contratos-programa deste ano detectamos un incremento de participación do trinta por cento.

Asemade, curso tras curso, a Consellería mantivo o esforzo na atención á diversidade, no desenvolvemento de protocolos e no fomento de itinerarios flexibles para o alumnado con necesidades educativas especiais. Quero destacar a próxima presentación de diferentes protocolos a sumar aos xa existentes; en concreto, queremos dotar os docentes e as familias deste instrumento de actuación e intervención nos ámbitos da atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva, da atención ao alumnado con altas capacidades e da atención ao alumnado con dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe. Permítanme lembrar neste punto que o 91,9 % do alumnado con necesidades educativas especiais —a maior porcentaxe de España— está integrado nos centros ordinarios, o que favorece a igualdade de oportunidades na ensinanza e unha auténtica xustiza social. E falamos dunha integración real, non exclusivamente dunha integración física. Que Galicia sexa a referencia da escola inclusiva no conxunto de España non é suficiente; queremos afondar nun sistema educativo que, desde as distintas etapas e coa colaboración de todos os axentes, promova o desenvolvemento do talento, do liderado e da produción creativa dos cidadáns do século XXI, piares básicos dunha sociedade en evolución vertixinosa en perigo de licuarse, como afirma Bauman, nunha posmodernidade que identifica o progreso cos atallos.

No contexto educativo actual considérase a orientación como inherente á propia educación, pois trata de contribuír á formación integral do alumnado, con independencia das súas capacidades ou necesidades, coa finalidade de capacitálo para unha aprendizaxe en momentos autónoma e para unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade ao longo de toda a vida, e á implicación e ao asesoramento dos pais e do resto dos axentes da comu-



nidade educativa. Temos un importante camiño percorrido, pero queremos seguir avanzando. Así, os departamentos e os equipos de orientación educativa están chamados a actualizar a súa formación e a unificar o marco de actuación coordinados polo novo Servizo de Inclusión e Orientación Educativa, creado na nova estrutura orgánica da Consellería e adscrito á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Está previsto deseñar un plan para a dinamización da orientación vocacional e profesional nos centros educativos de Galicia que contribúa ao desenvolvemento persoal e profesional do alumnado. O devandito plan implicará diferentes actuacións para cada unha das etapas educativas e comezará a desenvolverse a través da formación permanente do profesorado, que é, sen dúbida, unha peza clave, xa que cumpre un labor fundamental nunha educación en constante evolución.

Xa o apuntaba o Informe McKinsey: o importante é a calidade do profesorado, as súas capacidades e a súa preparación. No marco das nosas responsabilidades, seguimos a traballar na renovación e actualización da formación inicial do profesorado. Un dos primeiros acordos do grupo de traballo específico cos decanos de Ciencias da Educación do Sistema universitario de Galicia é o convenio de colaboración asinado coas tres universidades galegas para a realización da fase de practicum do Máster Interuniversitario en Investigación e Innovación en Educación Infantil e Primaria. O obxectivo do practicum é analizar propostas innovadoras e poder recoller información para unha posterior análise do marco de proxectos de innovación e investigación educativa. Isto redundará nunha mellora dos centros educativos desde a investigación en contextos reais e na maior profesionalización dos docentes e das docentes. Tamén apostamos forte pola formación permanente —competencia da propia consellería—, onde potenciamos a aprendizaxe de linguas estranxeiras, a adquisición de competencias científico-técnicas, a igualdade e a coeducación, así como a inclusión e a orientación vocacional e profesional.

Xunto á mellora salarial pactada —que xa se está a aplicar—, outro asunto relacionado co profesorado ten que ver coa oferta pública de emprego de 2019 para os corpos docentes, que, como saben, é a máis ampla que se realizou en Galicia na última década. Quixera resaltar que as 2.064 prazas convocadas en trinta e cinco especialidades diferentes súmanse aos preto de sete mil postos sacados a oposición en ofertas realizadas desde 2009. Ademais, como novidade, a convocatoria oferta prazas para profesores do ensino secundario na especialidade de Portugués, no marco do compromiso da Xunta de avanzar no desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade, aprobada neste Parlamento. A OPE deste ano está chamada a cubrir o total da taxa de reposición das xubilacións e, ademais, a permitir a estabilización do emprego no sector educativo. Con esta convocatoria cumprimos os acordos de estabilización e rebaixamos a xa reducida taxa de interinidade no ensino de Galicia —a comunidade que ten a máis baixa do conxunto do Estado— para achegarnos ao 7,18 de taxa de interinidade.

Como ven, traballamos para converter os centros educativos de Galicia en verdadeiros espazos de aprendizaxe e de innovación grazas á implicación das persoas, pero tamén realizaremos un importante esforzo para a mellora dos estándares de calidade das instalacións e das infraestruturas educativas, conscientes da súa repercusión no proceso educativo. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional incrementará en case un setenta por



cento o orzamento destinado ao Plan de dotación de infraestruturas educativas, que amplía nun ano a súa vixencia e agora abranguerá o período 2016–2021. Así, xestionamos un orzamento de preto de douscentos millóns de euros para obras en seis anos fronte aos cento dezaioito millóns previstos inicialmente. A execución do Plan de dotación de infraestruturas educativas 2016–2021 suporá a renovación dos centros educativos máis antigos, ademais dun compromiso medioambiental claro a través das actuacións de rehabilitación enerxética. Por outra banda, o investimento destinado a obra nova responde ás necesidades de incremento de prazas no sistema educativo público galego, especialmente nas zonas de maior crecemento demográfico, así como polo aumento da matrícula na formación profesional.

É precisamente outra das liñas de actuación que consideramos fundamentais desde a Consellería: reforzar a formación profesional en Galicia co obxectivo de que sexa aínda máis útil para o desenvolvemento do talento, para a inserción laboral das persoas e para o aproveitamento das súas potencialidades como viveiro de emprendemento, de investigación e de innovación para os nosos sectores produtivos. Non podemos esquecer que nos últimos anos a oferta de titulacións de formación profesional en Galicia gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas da inserción laboral do alumnado. Isto é así porque a FP conta actualmente con cento corenta títulos de ciclos formativos adaptados ao tecido produtivo de Galicia, e a aposta por unha formación de calidade, innovadora e próxima ao territorio, con metodoloxías de vangarda —como a formación profesional dual—, supuxo na nosa comunidade un grande incremento da inserción laboral e un aumento notable das matrículas.

Chegado este momento, a FP galega ten que dar un paso adiante no ámbito da innovación e potenciar unha formación acorde cos avances tecnolóxicos. Así, o novo reto é axustar a formación do alumnado á demanda dun cambiante escenario laboral, en perfecta sintonía entre o centro educativo e a empresa e tamén pensando na internacionalización. Para iso consideramos fundamental que o inglés e outros idiomas estean cada vez máis presentes na FP galega, tal e como demanda o propio alumnado. Afrontamos este obxectivo desde unha tripla estratexia: por unha banda, a través da rede de centros con ciclos formativos plurilingües —FP plurilingüe—; por outra, coa definición dun módulo profesional en inglés técnico de ámbito autonómico, que se incorporará en todos os ciclos formativos de nova titulación e que se implantará no próximo curso, e, finalmente, coa realización de actividades complementarias en inglés en todos os ciclos formativos.

Para dar cumprimento a un acordo parlamentario, quero anunciar a creación dun premio de carácter anual para promover e difundir a FP dual en Galicia e pór en valor a implicación da industria galega. Ademais, a Estratexia galega de formación profesional recollerá as oportunidades de futuro e as actuacións para dar resposta ás necesidades de cualificación da poboación galega nos próximos anos.

A Consellería de Educación buscará tamén incorporar aos departamentos competentes en materia de cualificacións e de formación profesional —xa que a concreción de medidas precisa dun enfoque interdepartamental e interinstitucional—, corresponsabilizándoos, os axentes sociais e a administración no seu desenvolvemento a través do Consello Galego de Formación Profesional.



Por outra parte, confirmo nesta cámara que traballamos xa na creación do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional en Ourense, que terá a misión de impulsar proxectos de innovación aplicada, novas contornas virtuais de simulación, xeración de proxectos empresariais e transferencia aplicada de patentes. Os proxectos de innovación que se desenvolvan neste centro favorecerán a creación de sinerxías co sector produtivo e a transferencia de coñecementos dos centros á industria. Para a súa posta en marcha, a Xunta de Galicia ten o compromiso da Deputación Provincial de Ourense, que achegará un importe de cinco millóns de euros á execución das obras e ao seu equipamento. A Consellería de Educación iniciará os trámites para a licitación do proxecto no presente ano e farase cargo dos gastos de funcionamento de persoal. A previsión é que o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional estea localizado no concello de Ourense, nas proximidades do CIFP A Farixa, concretamente nas instalacións da antiga escola fogar de Mariñamansa. Suporá a rehabilitación do edificio e o deseño dun proxecto educativo con implicacións tecnolóxicas e industriais.

Como poden comprobar, Galicia aposta por un sistema educativo que mira cara á excelencia e cara ao futuro. Pero temos que advertir que vemos con certa preocupación o feito de que as accións do actual Ministerio de Educación non nos falen disto. Galicia foi e tamén será unha colaboradora leal para todo o que implique mellorar a educación, pero non contén con nós para volver ao pasado. ¿Realmente comparten o modelo do Ministerio, que representa unha volta ao pasado cun carácter puramente político? ¿Están seguros de que os cidadáns do futuro poden formarse sen un modelo aos tempos actuais? Desde a Consellería de Educación defendemos o reforzo das liberdades educativas como garantía de calidade, así como unha nova ordenación académica que responda ao desenvolvemento de contidos e competencias conforme o que precisa o alumnado do século XXI.

Por suposto, nesta comparecencia quero reafirmar o compromiso explícito da Xunta a prol dun traballo conxunto coas tres universidades galegas; reafirmar o compromiso coa universidade pública, coa modernización do ensino superior e coa función que desempeña o Sistema universitario de Galicia como catalizador do tecido produtivo da nosa comunidade.

Así, para rematar esta primeira intervención, quero referirme tamén aos proxectos que —entendemos— son fundamentais para o Sistema universitario de Galicia. O Goberno galego defende que o desenvolvemento da Galicia do futuro precisa dun Sistema universitario de Galicia adaptado ao século XXI e comprometido coa formación e coa xestión do talento. As tres universidades públicas galegas están chamadas a desenvolver unha importante tarefa en beneficio da sociedade galega como transmisoras de coñecemento, como formadoras de xeracións futuras e como xeradoras de investigación e de innovación en distintos campos. Nos vindeiros anos as políticas autonómicas irán orientadas a seguir incrementando a colaboración e a cooperación entre as tres institucións que integran o Sistema universitario de Galicia, e tamén a mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria, ao tempo que hai unha especialización dos campus universitarios e un reforzo da captación de talento. Por coherencia lóxica, manteremos os catro eixos prioritarios en materia universitaria:

A execución e cumprimento do Plan de financiamento do Sistema universitario galego 2016–2020: moitas veces tense falado nesta cámara da importancia que ten que as universidades



galegas teñan asegurado o seu financiamento nun horizonte temporal de varios anos. Neste ano 2019 a Xunta de Galicia destinará un total de catrocentos trinta e dous millóns de euros para dar cumprimento ás disposicións do plan, unha cifra que marca un fito nas transferencias ás universidades na nosa comunidade. Somos a terceira comunidade autónoma en España en porcentaxe de financiamento universitario en relación co PIB. As universidades do Sistema universitario de Galicia recibirán en fondos incondicionados —no plan— máis de trescentos sesenta e oito millóns de euros.

Traballo conxunto para o desenvolvemento dun novo mapa de titulacións: a racionalización de titulacións e a especialización é unha aposta estratéxica da Xunta de Galicia para adaptar as estruturas tradicionais na organización da docencia e da investigación. O acordo sobre os principios reitores da planificación da oferta académica asinado pola Consellería e os tres reitores en marzo de 2017 é a folla de ruta consensuada ata 2021.

Aínda queda moito traballo por diante, pero Galicia xa é pioneira nesta estratexia de optimización da oferta de titulacións. O Plan de excelencia universitaria fixa un decálogo de medidas a pór en marcha ata 2020. Nestes momentos xa temos en marcha oito das dez medidas previstas: o primeiro grao interuniversitario, catro graos con grupos de inglés, a mellora en *rankings* internacionais e as medidas que isto precisa, a captación de alumnado iberoamericano para graos e másters nas universidades galegas, cursos de xestión estratéxica aos centros de investigación —comprobei en persoa que están a dar un fantástico resultado—, mapa de empregabilidade dos egresados galegos, e tamén a definición dos perfís profesionais de futuro en colaboración coa FEUGA.

Tamén temos en marcha a acción de premios á excelencia académica en graos, na que quero determe un pouco porque, ademais de ser unha aposta de goberno, tamén dá cumprimento a un acordo parlamentario. Estes galardóns van ser convocados no mes de febreiro, unha vez remate a tramitación da orde que establece as bases para a súa concesión. Destínase un crédito total de catrocentos corenta mil euros dos orzamentos para 2019, e cada persoa que resulte premiada recibirá unha dotación económica de mil euros, previa aceptación do premio. Nesta primeira edición premiaranse os mellores expedientes en cada un dos graos oficiais impartidos no Sistema universitario galego. Con esta iniciativa pretendemos incentivar a excelencia académica en todas as titulacións oficiais de grao, concedendo o premio ao mellor expediente en cada un dos cursos do plan de estudos.

Xunto ás oito medidas en marcha, tamén temos en elaboración as restantes medidas do Plan de excelencia, isto é: a creación dun novo complemento retributivo autonómico vinculado á transferencia de coñecemento e a convocatoria para outorgar o selo de excelencia a másters que cumpran determinados requisitos de calidade.

Outro dos eixos fundamentais das políticas universitarias é o reforzo da investigación universitaria de Galicia. A Consellería mantén o seu compromiso coas case cincocentas mozas e mozos investigadores e investigadoras que contan cunha carreira formativa de ata oito anos. Os seus contratos son asumidos integramente pola Administración autonómica, e, así mesmo, manteremos o cofinanciamento dos contratos de investigadores captados polas universidades en convocatorias nacionais. Seguiremos consolidando a articulación do sistema



de investigación en Galicia. No arranque do 2019 contamos xa con douscentos catorce grupos de referencia competitiva e con potencial de crecemento, así como con quince centros cun gran potencial para obter sinerxías dentro e fóra do Sistema universitario galego, estruturados en cinco centros singulares de investigación, dúas agrupacións estratéxicas consolidadas e outras sete en formación, así como o recente obtido María de Maeztu.

É o momento de consolidar a Estratexia galega de investigación no ámbito universitario fundamentada na mellora do Sistema universitario galego a través da especialización dos campus e da conversión dos nosos centros singulares de investigación na mellor carta de presentación do Sistema universitario galego. Incentivadas con 15,7 millóns de euros pola Consellería, as tres universidades desenvolven proxectos de especialización dos seus campus co reto de mellorar as súas capacidades de competencia a nivel nacional e internacional. Neste momento esta colaboración posibilita que Galicia dispoña de oito campus con proxectos de especialización: na Universidade de Santiago, o Campus da Cidadanía e o Campus Terra; na Universidade da Coruña, Campus Industrial, Campus Innova e Campus da Sustentabilidade; na Universidade de Vigo, Campus Vigo Tecnolóxico, Campus Crea e Campus da Auga.

Aínda que o grao de desenvolvemento destes campus é dispar, iníciase neste primeiro trimestre do 2019 o procedemento de acreditación dos campus, etiqueta recoñecida a nivel nacional e que garante un estándar de calidade. Cando se resolvan as seguintes fases deste proxecto e deste proceso, asinarase un convenio con cada unha das universidades para cada campus para o financiamento dos programas aprobados para o trienio 2019-2021. Por suposto, mantemos o programa de centros de investigación singulares cunha nova convocatoria en 2019 para renovar ou incorporar centros a esta acreditación autonómica. Quero salientar que o programa abrangue dezaseis de vinte e un, cunha dotación global de trinta millóns de euros, e tamén que neste momento distinguimos a excelencia e o talento que conforman os centros de investigación singulares de Galicia —CITIC, CIQUS, CIMUS, Cinbio e Ecimat— e as denominadas agrupacións estratéxicas consolidadas —CITIUS e Atlanttic.

Por último, tamén quero salientar que neste ano 2019 lanzaremos un plan de captación e de retención de talento investigador que prevé financiamento autonómico para que as universidades contraten máis investigadores a través das dúas modalidades propostas pola Consellería: investigador sénior, para atraer ás nosas universidades investigadores excelentes cunha carreira acreditada internacionalmente, e investigador distinguido, para contratar novos perfís científicos en áreas de I+D de carácter estratéxico.

Remato xa cunha mensaxe positiva e esperanzadora: Galicia ten un modelo educativo e universitario definido e diferenciado, avalado polos resultados cuantitativos e cualitativos e que avanza para dar resposta continua aos retos do século XXI.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos. Bo día, conselleira, tamén.

Mire, eu —así, de antemán— voulle dicir que algo avanzamos desde que chegou vostede, e vímolos hoxe nesta comparecencia. Vostede citaba a Bauman, filósofo marxista, e nas últimas comparecencias do anterior conselleiro citábase a teoloxía cristiá e o acto de contrición. (*Aplausos.*) Algo avanzamos e melloramos nas citas, e iso tamén queríamos recoñecelo. É un avance.

E vou comezar a miña intervención tamén pola parte positiva, porque a hai. Hai unha parte positiva que atopabamos nesa oferta pública de emprego que coñeciamos hai escasamente uns días e que recollía esa convocatoria —citábovos tamén na súa intervención— desas catro prazas de Portugués para secundaria, en cumprimento da Lei Paz-Andrade, evidentemente, pero tamén dunha resolución aprobada por unanimidade no Parlamento de Galiza, impulsada polo Bloque Nacionalista Galego con motivo do debate do estado da nación o pasado mes de outubro. Unha resolución que incluía tamén, por certo —cómpre lembrar—, a incorporación de Galiza á Comunidade de Países de Lingua Portuguesa. Estas catro prazas eran unha demanda do profesorado e das entidades promotoras da Lei Paz-Andrade desde que foi aprobada no ano 2014. Temos traído desde o Grupo Parlamentario do BNG, desde aquela, en varias ocasións a esta cámara iniciativas para instar a Xunta de Galiza a que se convocasen esas prazas e, finalmente, atopamos dentro desta oferta pública de emprego esas catro prazas de Portugués para secundaria.

Van case cinco anos da aprobación da Paz-Andrade e, a pesar desa parte positiva que lle recoñecemos ao inicio da nosa intervención, Galiza está aínda moi lonxe doutros territorios que apostaron estratéxicamente polo aproveitamento dos vínculos coa lusofonía. No curso 2017-2018 —o curso pasado—, no noso país estudaban portugués, segundo os datos da propia Consellería de Educación, máis de tres mil duasetas alumnas e alumnos entre primaria, secundaria, bacharelato e as escolas oficiais de idiomas, despois de tres cursos académicos desde a implantación da Lei Paz-Andrade. Por facer unha comparativa para ver en termos relativos como se están a aproveitar noutros territorios deses vínculos coa lusofonía dunha maneira máis decidida e máis estratéxica que no caso galego: no caso de Estremadura incrementaron, en apenas cinco anos, o oitenta por cento do seu alumnado de portugués, o que no día de hoxe representa nese territorio que haxa dezanove mil persoas estudando esta lingua.

Ese é o resultado —insistimos desde o BNG— dunha aposta estratéxica, neste caso do Goberno extremeño, que é o que nós botamos en falta durante estes anos por parte da Xunta de Galiza. Benvidas sexan esas catro prazas nesta oferta pública de emprego. Levamos cinco anos en que o estudo do portugués depende no noso país do voluntarismo absoluto das persoas que teñen horas e coñecemento para impartir esta materia, e así é imposible dar cumprimento á Lei Paz-Andrade, pero case poderíamos facelo extensíbel a calquera outra lei. Alédanos —insisto— que nesta oferta pública de emprego se convoquen esas catro prazas, mais son, tamén llelo dicimos, absolutamente insuficientes e nin de lonxe poden ficar aí. Gustaríanos ao BNG, e hoxe así llelo emprazamos nesta comparecencia, que se comprometan a dar continuidade a esa convocatoria nas sucesivas ofertas públicas de emprego.



Este país — nós así o temos dito en moitas ocasións — precisa dunha aposta decidida, dunha aposta estratéxica por parte da Consellería de Educación e de todo o Goberno da Xunta de Galiza na aplicación real e efectiva desa Lei Paz-Andrade en todos os ámbitos aos que ela se refire, que son moitos. E especialmente no ámbito do ensino debe traducirse a partir de agora — nós entendémolo así — no desenvolvemento dunha campaña forte para promover a aprendizaxe do portugués en todos os centros de ensino galego, e tamén na convocatoria — insistimos — desas prazas en sucesivas ofertas públicas de emprego, cunha planificación estratéxica e con obxectivos a medio e longo prazo que nos permitan avanzar. E, por suposto, tamén precisa de compromiso orzamentario, de recursos económicos que nos permitan executar e aplicar esa lei.

Galiza ten todo por gañar — dixémolo moitísimas veces nesta cámara — aproveitando eses vínculos que nos unen estreitamente con Portugal e co conxunto de países lusófonos, porque é o espazo natural ao que pertence o noso país, e aí ábreanse para nós inmensas potencialidades non só no ámbito cultural e lingüístico, senón tamén político e, sobre todo, económico. E, ademais, esta é unha visión que non a defende única e exclusivamente o BNG, senón que é partillada tamén pola propia directora xeral da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa, Georgina de Mello, a quen tivemos, ademais, a oportunidade de recibir nesta cámara e tamén noutros puntos do país.

Esta era a parte positiva, pero teño algo que dicirlle en relación co conxunto desa oferta pública de emprego que coñeciamos — xa digo — hai escasos días e que, ademais, vostedes anunciaron a bombo e prato. Hoxe mesmo pola mañá o conselleiro de Facenda volvía facelo con intensidade; non a vin a vostede tan convencida. Vostedes anunciábana como a maior da última década — repetiuno o conselleiro de Facenda esta mañá, algunha referencia facía tamén vostede —, pero en realidade están facendo vostedes trampas ao solitario, conselleira; ademais, vimos que intentaron facer esas trampas xa o ano pasado ao intentar coárnola ou regatearnos a todas e a todos. O que realmente hai enriba da mesa de maneira real non é esa masiva oferta pública de emprego, senón que hai un exercicio de trilerismo coas cifras, porque realmente nesa oferta pública convócanse, de acceso libre, 1.788 prazas, e as demais son de promoción interna. E digo que trampean ou queren facer trampas ao solitario e enganarnos, de paso, a nós, porque no ano anterior, na oferta pública de emprego anterior, máis do noventa por cento desas prazas de promoción interna quedaron sen cubrir, quedaron baleiras, non se presentou ninguén. Entón, o que se pretende é falsear e maquillar as cifras para vender unha idea que despois non se materializa. E o certo é que esta OPE non vai servir para aumentar o profesorado, que é unha das principais necesidades do sistema educativo do noso país.

Vostede falaba de que temos uns retos por diante moi importantes, de que o ensino ten que ser un proceso que contribúa ao desenvolvemento do noso país. Eu coincido plenamente, pero, claro, o que hai que facer é dotalo de recursos: de recursos económicos e, sobre todo, tamén de recursos humanos que nos permitan, precisamente, converter o ensino no que é, que é unha poderosa ferramenta de transformación social.

Vimos, ademais, como eses recortes ao comezo mesmo deste curso académico, actualmente en vigor, deixaban centros de ensino sen programas importantes. Falaba vostede da atención



á diversidade: ficaban sen a debida atención á diversidade moitos centros de ensino. E o que nos preocupa desde o BNG é que este ano non vaiamos ter os recursos humanos —o profesorado, ao fin e ao cabo— suficientes que necesitan os nosos centros de ensino. Preocúpanos, ademais da falta de profesorado, tamén a nula vontade da Consellería para exercer as súas competencias e, tamén relacionado coas condicións de traballo do profesorado, para mellorar a calidade do ensino no noso país. Referímonos á vontade que existe por parte do Ministerio español de Educación de deixar de usurpar as competencias da Xunta de Galiza sobre a regulación dos horarios lectivos do profesorado e a redución do número máximo de alumnado por aula —das ratios—, que é unha parte fundamental, precisamente, da calidade do sistema educativo e da atención á diversidade da que vostede falaba. Nós, desde o BNG, o que lle pedimos, o que levamos defendendo moito tempo é que a Xunta, asumindo as competencias que ten, reduza o horario lectivo do profesorado, volva a esas dezaioito e vinte e unha horas que estaban en vigor ata o ano 2012, e, en paralelo tamén, a redución desas ratios.

Vostede falaba de que o noventa e un por cento do alumnado do noso país está incluído nos centros de ensino ordinarios. Nós iso defendémolo sempre, é a mellor maneira —e entendemos que, ademais, a única— para garantir a xustiza social no noso país. Pero esa inclusión ten que vir acompañada de recursos, de medios, e aí non hai ordenador que substitúa o profesorado. Esa redución das ratios poden facela, teñen capacidade política para facela, e nós urximos á Xunta a que o faga.

Hai dúas cuestións —non me vai dar tempo a rematar todos os elementos que quería poñer enriba da mesa nesta primeira intervención— que queríamos subliñar. A primeira, iso si que é verdade, non houbo cambio ningún, malia o cambio de nome á fronte da Consellería, é que aquí escoitamos falar moito de plurilingüismo, moito da introdución das linguas estranxeiras no ensino, pero parece que estivésemos en Murcia, ou non sei, en Castela-León, que non tivésemos un idioma propio, unha lingua propia, e que non tivese a Xunta de Galicia, ademais, unha obriga, un mandato estatutario, de normalizar, de procurar a normalización lingüística da lingua galega.

Voulle dar un voto de confianza e que na súa segunda quenda de intervención fale de cales son as medidas que pensa adoptar a Consellería de Educación en materia de normalización lingüística a través dos centros educativos do noso país.

E o último —xa remato, presidente—, unha cuestión. Vostede falaba de educar a sociedade do século XXI, o alumnado do século XXI. Un aspecto fundamental que nós quixeramos sinalar é todo o que ten que ver coa coeducación e a igualdade, vostede tamén se referiu a ela na súa intervención.

Aquí hai un acordo unánime, adoptado en novembro de 2017 e impulsado polo Bloque Nacionalista Galego, para incorporar unha materia específica en igualdade e prevención da violencia machista no mestrado docente. Non hai absolutamente nada diso despois do tempo transcorrido, e o único que temos é un curso de formación para o novo persoal que se incorpora como funcionario ao ensino público do noso país, de apenas vinte horas, dirixido practicamente a detectar cales son aqueles instrumentos legislativos que rexen en materia de igualdade no noso país. Queremos preguntarlle cando se vai dar cumprimento a ese



acordo parlamentario, que é absolutamente fundamental para que neste país —e xa remato— eduquemos a quen educa, porque, se non, non vai haber maneira de poder ir rompendo as bases sobre as que se sostén esta sociedade patriarcal e machista.

De momento, máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira. Benvinda a este Parlamento. En primeiro lugar, agradecerlle a súa comparecencia para presentar o que son as liñas mestras do que se supón que vai ser o seu plan de actuación á fronte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Créame de verdade que lle desexo todos os éxitos, porque eu sempre digo que os éxitos do Goberno son éxitos da poboación sobre a que gobernan. Nese sentido, a ver se foramos quen, nesta nova andaina que se inicia como consecuencia do cambio do responsable, do titular, da Consellería, de chegar a acordos aos que non fomos quen de chegar por moito empeño que puxeramos ao longo do tempo transcorrido desde que en outubro do ano 2016 se constituíu este parlamento.

Quero dicirlle que lle recoñezo que, efectivamente, presentou vostede iniciativas novidasas, iniciativas que se levan demandando desde distintos sectores educativos hai tempo e que ata este momento parece que non encontraron o tempo suficiente ou a prioridade suficiente o Goberno e os responsables da Consellería para poñelas en funcionamento.

En todo caso, vaime permitir que con todo o cariño e o respecto lle diga que antes do ano 2019 existía un sistema educativo en Galicia, antes do 2019 había institutos, había colexios, había profesores, había mestras etc., Non empezou o mundo con Feijóo e seguramente non rematará cando remate o mandato do presidente.

Polo tanto, dito isto, vou tratar de seguir a orde na que vostede foi expoñendo os seus asuntos fundamentais, as súas liñas de actuación, e imos empezar pola estratexia Edulingüe.

Ninguén cuestiona a necesidade dunha estratexia de adquisición de competencias en linguas estranxeiras, maiormente en lingua inglesa, pero tamén temos que dicir que os datos que ata este momento vén dando a implantación deste programa non se corresponden nin de lonxe cos obxectivos cos que foi presentado, alá no curso 2016–2017, como esa Estratexia 2020. Non sei se é porque 2020 soa moi ben, parece ata un número capicúa cando non o é. En todo caso, estamos cheos de estratexias 2020, e unha delas é o plurilingüismo.

Teñen vostedes como obxectivo que no ano 2020 haxa 500 centros plurilingües nesta comunidade autónomas. Neste momento, a realidade é que hai 327 que impartan primaria dun



total de 870, e aquí vaime permitir que lle diga que, con independencia de que cuestiono fundamente o funcionamento desta estratexia, particularmente no que se refire ás seccións plurilingües, porque me custa moitísimo como profesional asumir que cunha hora de clase nunha lingua estranxeira... É unha hora en primaria. Non é unha área, é unha hora. Porque vostede sabe perfectamente que na maior parte dos centros se está dando a etiqueta de plurilingüe porque imparte educación artística, que vén estando desdobrada, á súa vez, en dúas materias, e unha soa delas é a que se imparte en lingua inglesa. Cústame asumir que con ese incremento dunha hora á semana se duplique a competencia lingüística, como se anuncia por parte da Consellería nalgún medio, nalgún documento, máis ou menos oficial.

En todo caso, chámame poderosamente a atención a asimetría da implantación en canto á rede pública e á rede privada de centros nesta comunidade autónoma e a resposta a estes programas, porque os centros públicos representan o 78 % dos que imparten educación primaria nesta comunidade autónoma, pero soamente o 57 % dos plurilingües.

Pola contra, os centros privados, concertados ou non, que supoñen o 22 % da rede, son o 43 % dos que están etiquetados como plurilingües. Enténdame isto de etiquetado non como algo pexorativo, senón simplemente que veñen obrigados a empregar o termo plurilingüe na súa denominación. Como ve vostede, hai unha asimetría máis que evidente.

No caso do bacharelato teñen vostedes un horizonte de 40 centros, e neste momento teñen vostedes 8 dese bacharelato de excelencia en idiomas; é dicir, están no 20 % do obxectivo que teñen marcado vostedes mesmos para dentro de dous cursos completos.

No caso de FP, de formación profesional, á que vostede fixo referencia, acaba de anunciar que se vai introducir un módulo autonómico de inglés técnico, que me parece ben, pero aquí están ao 31 % do cumprimento dese obxectivo. E o peor de todo isto, e como ultimamente nos vimos habituando a ter que citar fontes, estou a falar de cifras e datos do ministerio deste curso, polo tanto, creo que é unha información que manexamos todos, porque ten habido incluso diferenzas con respecto á variedade de información que aquí se trae. Resulta que na porcentaxe de alumnado que participa en experiencias de utilización de linguas estranxeiras, esta comunidade autónoma sitúase detrás de Andalucía, de Aragón, do Principado de Asturias, de Canarias, de Cantabria, de Castela-León, de Castela-A Mancha, de Madrid e da rexión de Murcia en canto á aprendizaxe integrada de linguas estranxeiras. Son datos — pódeno consultar vostedes — que están na páxina 29 deste informe. Polo tanto, creo que hai bastante, bastante que mellorar nese sentido.

En canto ao bacharelato de excelencia, ao que vostede tamén fixo referencia, considerar que 15 centros, dos 294 que se poderían ter apuntado a este programa, é algo exitoso, francamente, se obtemos a porcentaxe, as cousas póñense no seu sitio.

Creo que francamente aquí a consellería que vostede dirixe —non era vostede conselleira no momento en que se ditaron as instrucións pertinentes para este proxecto piloto—, en todo caso, volve pecar de improvisación. Espero e desexo que sexa quen vostede de corrixir esta inercia na que está instalada a Consellería de Educación desde hai varios cursos, de deixar todos os programas de experimentación e de innovación educativa para a súa convocatoria nos meses de maio e xuño, de tal maneira que os centros non teñen nunca tempo



suficiente para debater dunha forma sosegada a participación ou non nese tipo de programas. E, polo tanto, que revisen vostedes esta forma de actuar.

Ademais, gustaríame saber se van vostedes facer algunha avaliación sobre se hai algún tipo de relación entre que haxa ou non transporte escolar e a participación dos alumnos neste tipo de programas, porque estamos a falar, en xeral, de actividades que se desenvolven unha vez que rematou a xornada escolar e, polo tanto, é formación complementaria. E aínda que se nos poida dicir que o alumnado de bacharelato non é alumnado usuario do transporte escolar, a realidade é necia, é contumaz, e demostra que, efectivamente, o alumnado de bacharelato usa o transporte escolar, como é normal que use, para retornar aos seus domicilios unha vez que rematan as clases.

Polo tanto, creo que isto debe ser revisado.

Falou vostede tamén —era algo esperable e non vou dicir que me defraudase a súa intervención, simplemente era algo esperable— da oferta pública de emprego. Sería moi bo que anunciase que como obxectivo 2020 da Consellería de Educación se van restablecer os 1.449 docentes que se perderon entre o ano 2008 e o 2018. Cito tamén a fonte se o consideran pertinente, que é a estatística da Función pública da Xunta de Galicia. Non son datos que eu sa case de ningún sitio anómalo ou alleo ao propio goberno da Xunta de Galicia.

No ano 2008 había 30.841 docentes, no ano 2018 hai 29.392, polo tanto, creo que a conta é fácil de botar. Xa lle dixo a señora Rodil, que me precedeu, que hai unha pequena trampa ao solitario coas porcentaxes, porque, evidentemente, 276 desas 2.064 prazas son de acceso do Grupo A2 a A1, polo tanto, non van reducir o nivel de interinidade, trátase dun proceso de promoción interna,. Por suposto que é legal, por suposto que é normal, pero non vai reducir a interinidade en ningún punto porque xa se trata de persoal que é funcionario docente.

Esperaba unha oposición un pouco máis virulenta por parte do Bloque Nacionalista Galego con respecto ás catro prazas de Portugués, porque publicar nunha nota de prensa que se dá cumprimento á Lei Paz-Andrade porque poñamos catro prazas de Portugués nunha oferta de máis de dúas mil prazas —mil setecentas e algo se quitamos as de promoción interna—, jé que non tocan nin a unha por cidade! Evidentemente, creo que hai máis de catro centros na comunidade autónoma que están a impartir portugués como lingua estranxeira.

Gustoume moito oír a cantidade que vostede vai destinar á mellora dos centros docentes, a reformar instalacións, adecualas etc., porque iso si que é toda unha emenda á totalidade a todo o que estivemos escoitando ata este momento. Viñamos dicindo que era necesario ter máis dotación económica para reformar os centros e adecualos ás novas necesidades. Sempre oímos que era máis que suficiente e que a Consellería tiña un plan. Bueno, polo que se ve, alguén detectou que ese plan era insuficiente.

Con respecto á formación profesional dual, creo que están vostedes bastante lonxe de acadar os obxectivos de alumnado matriculado tamén no Horizonte 2020, pero, en todo caso, teremos ocasión de falar disto máis polo miúdo.



O que si foi unha emenda á totalidade foi a última parte da súa intervención, referida á política en relación coa universidade. Paréceme moi ben que haxa todo tipo de recoñecementos. Paréceme moi ben que haxa un retorno desa capacidade investigadora que as nosas universidades teñen acreditado, pero francamente, cando se recorta parte deste investimento que estaba destinado a I+D+i para construír un edificio que ninguén pedía, as cuestións empezan a dar que pensar se, máis alá de cartos, estamos a falar de repartir diplomas. *(Aplausos.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, comezarei a miña intervención desexándolle moito ánimo, xa que a tarefa que ten por diante non é nada sinxela.

As políticas irresponsables do seu antecesor no cargo provocáronlle un importante prexuízo á educación en Galicia e, polo tanto, ao noso presente e ao noso futuro como país, con menos aulas, con menos docentes, menos recursos e, en fin, menos dereitos para todas.

Correspondíalle agora a vostede aclarar na súa intervención se pensaba seguir o rumbo nefasto que o exconselleiro decidira adoptar, para beneficio duns poucos, ou se, pola contra, vai cambiar. escoitándoa, a verdade é que temos moitas dúbidas, porque escoitamos moitas veces, demasiadas veces, falar de excelencia, dos mellores, unha e outra vez; de dereitos, moi pouco; de inclusión e de igualdade de oportunidades, practicamente nada. Esa era a senda pola que decidiu discorrer o Partido Popular hai xa demasiado tempo.

É moi difícil esquecer o que aconteceu os últimos anos nas aulas galegas por mor do traballo moi eficiente do conselleiro Román. E digo, si, moi eficiente porque el tiña un encargo ben claro: comezar a demoler o ensino público. E na súa intervención nada nos fixo pensar que algo vai cambiar: pecháronse centros, aumentaron as escolas concertadas, apoiaron a segregación por sexos e aumentaron as horas lectivas. En definitiva, foron comprometendo a calidade dos servizos educativos, e na súa intervención non tratou de emendar esta senda.

Tan dura foi a ofensiva dos recortes do Partido Popular que, se o ensino público se mantivo en pé, foi unicamente polo traballo diario das profesionais e dos profesionais que temos comprometidos diariamente co ensino público. Traballo e esforzo que mantiveron pese ao seu interese constante en recortarlles os seus dereitos, dos que tampouco dixo nada de cando os van recuperar.

Entenderá, polo tanto, que teñamos moitas dúbidas e que queiramos poñer sobre a mesa moitas cuestións concretas que nos preocupan. A primeira vai sobre os números, as cifras concretas que este Goberno destina ao ensino deste país, e vostede tratou de poñer a venda antes da ferida falando de que non importaba o que se gastara. Non sei exactamente cal foi



a frase que empregou, pero dixo que o que se inviste non é o que máis importa. Iso simplemente o pode dicir quen ten sempre a despensa chea, porque todos sabemos que non, que non é exactamente igual.

O ensino ten hoxe 413 millóns de euros menos que cando o Partido Popular chegou ao Goberno; en termos reais, 413 millóns de euros menos nunha década. Polo tanto, é difícil falar de recuperación e de crecemento, simplemente podemos falar de consolidación dos recortes. Son 413 millóns de euros menos, señora conselleira, que, por suposto, importan.

Os datos son claros, sabe que o comentamos na comparecencia de orzamentos pero temos que insistir. Se o PIB está en cifras previas á crise, ¿por que o investimento porcentual no ensino é o máis baixo da década? Seguimos sen ter unha resposta, por iso temos que insistir. ¿Por que insisten en dicirnos que para o ensino imos ter cada vez menos recursos? Señora conselleira, ¿é así como entenden vostedes o compromiso? ¿investindo menos? ¿Como pode explicar que cando o Partido Popular chegou ao Goberno o investimento en ensino fora do 4,24 % do PIB e hoxe esa cifra quede nun penoso 3,56 %? Saberá vostede que esa cifra nos deixa tres décimas por debaixo da media estatal, malia que o Estado español —temos que dicilo unha e outra vez— xa é dos estados que está á cola en canto ao investimento educativo de toda Europa. Polo tanto, o que están facendo é poñéndonos á cola entre os peores. Só hai un estado que teña un investimento inferior ao do Galicia neste momento, que é Romanía, cun 3,1 %.

¿É ese o seu modelo? Xa lle dixemos que o noso non. Nós queremos mirarnos nos espellos dos mellores sistemas educativos no mundo, no espello dos sistemas máis inclusivos, nos máis adaptados ás sociedades de hoxe, e eses sistemas, señora conselleira —seguro que o sabe—, o que non fan é recortar o investimento; ao contrario, auméntano, invisten, apostan polo futuro porque cren na súa xente. Nós pedímoslle, señora conselleira, que vostedes tamén aposten, que crean en Galicia, que crean nas nenas e nenos deste país, e para iso precisamos recursos.

Seguir recortando, seguir reducindo os investimentos, nin é indiferente, como parecía dicir na súa intervención, nin, dende logo, tampouco é obrigatorio nin necesario, é unha acción política que, por suposto, ten consecuencias políticas. Lembramos ben os casos das Pontes, de Outes ou de Ribadavia e o esforzo continuado das ANPA denunciando os peches con nocturnidade e aleivosía. Tamén a loita do inicio deste curso das familias de Ames, Ordes, Roxos e un longo etcétera de dignidade; un longo etcétera de ANPA por todo o país que se levantaron contra a demolición do ensino público, especialmente no eslabón máis baixo da cadea: o ensino rural.

É verdade que vostede non formaba parte daquel Goberno —mesmo pensamos que o conselleiro tivo que marchar por isto—, por iso hoxe queremos pedirlle que se posicione xa. Fíxese que se supón que estamos na lexislatura do rural. Pois ben, señora conselleira, hai moitas persoas que levan anos traballando para poñer sobre a mesa un plan específico de ensino no rural. Nós xa o trouxemos a esta Cámara en numerosas ocasións. Un plan que contemple as particularidades e potencialidades dun modelo educativo tan noso, de proximidade, que pon en valor a diversidade deste país, que se centra no pequeno, no territorio, na veciñanza. Ten vostede na súa man a ocasión de dicirlles a todas as nenas e nenos do país, do rural, que non van seguir pechando as súas escolas; que van atender as súas nece-



sidades independentemente do lugar no que vivan; que este Goberno vai traballar por todos e por todas elas.

É unha cuestión de dereitos e, sobre todo, é unha cuestión de futuro. É evidente que non se pode dicir que se quere fixar poboación no rural mentres se seguen desmantelando os servizos públicos.

O peche das escolas unitarias é unha traxedia absoluta, tanto para as rapazas e rapaces que teñen que deixar de estudar na súa contorna cotiá como para o conxunto de Galicia, xa que impide que moita xente poida desenvolver os seus proxectos vitais no territorio. ¿Que pensa facer ante isto, señora conselleira? ¿Vai corrixir os erros do seu antecesor ou pensa continuar o seu legado, converténdose en cómplice necesario do baleirado do país?

Por suposto, as escolas do rural non son as únicas que sofren os recortes da Xunta, todo o contrario, hai moito que vimos denunciando neste Parlamento as deficiencias en infraestruturas que padecen os centros educativos de Galicia. Colexios con gretas, billas con auga contaminada, aulas con pingueiras, construcións con amianto. ¿Para cando, señora conselleira, aulas libres en Galicia de amianto? ¿Para cando centros totalmente accesibles? ¿Sabe vostede que hai moitas escolas neste país ás que só se pode entrar por escaleiras? ¿Parécelle digno dun país coma o noso? ¿Que opinión lle merece? ¿Para cando, en fin, un compromiso concreto con escolas cen por cen accesibles?

Temos que facer fincapé, por suposto, noutra consecuencia directa dos recortes do Partido Popular. Teñen vostedes sobre as costas a perda de máis de 1.400 docentes neste país. Vostede falou da oferta pública de emprego, pero o que non nos dixo foi cando imos poder recuperar todos os docentes que se perderon. Sabe que a oferta pública de emprego non serve para isto, e non o di porque esa é a estratexia do Partido Popular, queren que nos acostumemos a vivir sempre con menos.

¿E sabe que esqueceu dicir tamén? Que esta oferta de emprego público é totalmente insuficiente para recuperar a porcentaxe de persoal interino que tiñamos no país. Cando o Partido Popular chegou ao Goberno, Galicia tiña preto dun seis por cento de persoal interino. Coa oferta que acaban de facer non se vai chegar ao sete e pico por cento, os sindicatos están falando de que non se vai baixar do 10 %. Polo tanto, estamos case no dobre de precariedade, no dobre de inestabilidade laboral. ¿Para cando un plan de estabilización do persoal interino? ¿Para cando, tamén, un compromiso serio coas diversidades?

Precisamos máis docentes, pero precisamos tamén máis especialistas en Audición e Linguaxe e en Pedagogía Terapéutica dedicados a atender as necesidades educativas especiais, non dedicados á primaria como está acontecendo, enganando cos números. Non podemos permitir máis casos como o de Cariño, con menos recursos para maiores necesidades, con menos especialistas precisamente para atender a quen máis atención precisa. Señora conselleira, sabe que temos especialistas en centros compartidos, que os recursos non chegan onde se precisan. É unha falta de compromiso e de sensibilidade que este Goberno non debería permitir.



Máis asuntos sobre os que esperamos un cambio urxente nesta consellería: por suposto o da igualdade. Señora conselleira, non somos nós, basta levantar a vista para ver que son as mulleres deste país as que queren e exixen un cambio real; que miles de mulleres exixen un país feminista. Que no ano histórico do 8M, do *Me Too*, do *Yo si te creo*, tiveramos que ler no DOG que esta consellería pretende seguir mantendo centros concertados que segregan o alumnado é un insulto, unha vergoña absoluta, pero, sobre todo, é unha mostra máis de que esta consellería non está á altura do pobo ao que lle toca gobernar.

O anuncio de que van seguir financiando estes centros é un caso máis da complicidade do Partido Popular cun *lobby* relixioso e ultrarreaccionario sen ningún tipo de rubor. Como tampouco tiveron rubor ningún á hora de asinar un acordo de goberno en Andalucía no que, ademais de asinar un pacto antimulleres, asinaban un pacto antiensino, e isto é para preocuparse. Nese pacto asinaron que eliminan a zonificación, que fomentan a privatización e a concertación e queren evitar calquera inxerencia ideolóxica no ensino, referíndose a esa perigosa ideoloxía de xénero. ¿Que opinión lle merece? ¿Vai seguir o Partido Popular a senda do Partido Popular en Andalucía? Dende logo, interésanos.

A nosa proposta é clara: deixen de financiar os centros que segregan o alumnado e invistan ese diñeiro nun verdadeiro plan de igualdade nos centros de ensino. Entón, seguramente poderemos ver o resultado.

Temos moitas máis preguntas e pouco tempo. ¿Que van facer coas ensinanzas artísticas? ¿Van seguir ignorando a súa lexítima demanda de incorporación ao sistema universitario? É unha pregunta que teñen sobre a mesa hai moito tempo e que o seu antecesor decidiu ignorar.

Queremos falar tamén, por suposto, dunha preocupación que atinxe ao conxunto da comunidade universitaria. Galiza precisa dun modelo de captación do talento que lle permita dotar de estabilidade a investigación. Noutras comunidades demostrouse que, con vontade política, se pode. Hai exemplos como a Institución Catalana de Investigación ou o Ikerbasque, centros que demostran que, se se atrae diñeiro para a investigación, se multiplica a súa produción e o retorno potencial á universidade. Financiamento para a ciencia, diso é do que deberían de falar. Menos edificios Fontán e máis financiamento directo para as investigadoras deste país, para que non teñan que seguir marchando.

Estas son algunhas das cuestións que levan moito tempo sobre a mesa da consellería, que o seu antecesor decidiu ignorar e que agardamos, señora conselleira, saiba abordar con maior conciencia e mellores formas que o seu antecesor. Aproveito para pedirlle que non cometa os mesmos erros. Protexa a educación pública, aposte pola investigación, respecte o dereito a unha educación en igualdade e, sobre todo, traballe xunto coa comunidade educativa e non de costas a ela. E para iso, recursos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.



O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde, señora conselleira. Quero darlle tamén a benvida a esta Cámara e agradecerlle a súa comparecencia para explicarnos cales van ser as liñas xerais ou liñas mestras da súa consellería para este vindeiro período. Un agradecemento que tamén fixeron algún dos grupos da oposición.

Eu creo que vostede veu poñer de manifesto que no sistema educativo galego existe un plan perfectamente trazado de cales son os obxectivos que se queren conquistar e cales son as medidas e o traballo a desenvolver para acadar os obxectivos que se plantexan.

Comezaba a señora Rodil na súa intervención falando de que algo se avanzara por parte da conselleira no discurso da consellería, e eu teño que recoñecer e teño que dicirlle a vostede que algo se avanzou tamén neste debate no que ten que ver co ton e co discurso da oposición, polo menos do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego; caso diferente é En Marea, que continúan unha e outra vez coa intención de trasladar ese relato de novela distópica do sistema educativo galego, dándolle absolutamente costas á realidade do sistema educativo galego. E canto eles máis se alonxan da realidade, pois, evidentemente, máis se alonxa tamén a cidadanía dos seus postulados. Pero nós temos que seguir traballando ao noso e aquí estamos para facer política construtiva, achegas positivas, (*Aplausos.*) e non para estar trasladando unha e outra vez unha imaxe totalmente alonxada do que é a realidade do sistema educativo galego.

Como dicía, houbo un cambio no discurso da oposición; un cambio porque, se antes quizais esa visión catastrofista era xeneralizada, agora se empeza a ver que os grupos da oposición, nomeadamente Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, trasladan unha serie de cuestións que eles entenden que se poden mellorar, e, evidentemente, no camiño de buscar mellorar, eu creo que todos nos podemos atopar. Como dicía antes, todos estamos aquí para a defensa do sistema educativo, para a defensa do futuro da nosa sociedade, e, nese sentido, todo o que sexan achegas para mellorar dentro dos límites do razoable, como así se ten que plantexar sempre, teñen que ser recollidas pola consellería, seguro que son recollidas pola consellería, e ese é o ánimo construtivo de traballo nesta Cámara.

Eu creo que o sistema educativo —e hoxe queda de manifesto nesta comparecencia— se atopa en bastante bo estado, e negalo non sería xusto. E digo que queda de manifesto nesta comparecencia porque observamos que a meirande parte das cuestións que formulaba a oposición se limitan a temas concretos. Evidentemente, temos percepcións diferentes, pero eu creo que non se teñen que alonxar demasiado e que nun futuro se pode chegar a puntos de acordo en determinadas cuestións.

Como ben se dicía nesta Cámara, reiterouse moitas veces a necesidade de implementar o mandato da Lei Paz-Andrade para implementar prazas de profesorado de Portugués, e, evidentemente, o Goberno cumpre o mandato lexislativo da Lei Paz-Andrade e o mandato parlamentario adoptado no Debate do estado de Autonomía a través dunha proposta



de resolución, convocando nesta oferta de emprego público esas prazas de profesorado de Portugués. Non imos entrar a debater, xa o temos feito noutras ocasións na Comisión 4ª e creo que sempre nun ton sosegado e construtivo, a diferenza entre o modelo estreño e o modelo galego. Como vostede sabe e témolo falado en moitas ocasións, existen realidades lingüísticas totalmente diferentes. Ademais, no caso concreto de Galicia, os titulados de Filoloxía Galego-portuguesa están habilitados para impartir as clases de portugués. E despois, o feito de contar cunha lingua que recolle o propio Estatuto de autonomía como oficial, que é o galego, e a súa proximidade lingüística e fonética co portugués —xa digo que esta é unha cuestión que probablemente forma parte do imaxinario colectivo, aínda que temos falado de que poida ser en moitos casos un erro—, fai que en certo modo se considere ou se chegue a considerar socialmente a necesidade de aprender o portugués como secundaria, porque se entende que dende esta proximidade lingüística xa temos case as ferramentas para poder entender a lingua portuguesa. Xa digo, esta é unha cuestión que probablemente —e así o temos debatido e falado en moitas ocasións— non sexa unha percepción axeitada, pero si é unha percepción social, e vostede sabe que isto é así.

Evidentemente, o Goberno —cumprindo, como dicía antes, un mandato lexislativo e un mandato parlamentario— leva a cabo as medidas ou vai implementando progresivamente as medidas que permitan avanzar —tal e como marca a Lei Paz-Andrade— no dominio, no coñecemento e na potenciación deses vínculos coa lusofonía que temos en Galicia.

O señor Álvarez iniciaba a súa intervención falando de acordos. Eu case xa me quedei con ese inicio da intervención, cando vostede instaba a conselleira a ver se neste novo período eramos capaces de chegar a acordos en materia educativa. Eu digo que ogallá sexamos capaces de chegar a acordos en materia educativa non só aquí, senón en todos os ámbitos, no ámbito estatal tamén.

Quero recordarlle unha cuestión, e creo que hai que aproveitar este debate tamén para recordar unha serie de cousas. O Grupo Socialista está falando de acordo no ámbito educativo, pero vostede recordará aquel 6 de marzo do ano pasado, cando o Partido Socialista decidiu no Congreso dos Deputados abandonar o Pacto de Estado pola educación, o Pacto social e político pola educación. Recordarano perfectamente.

Ademais, falamos nesta Cámara sobre esa cuestión no seu momento, e xa temos falado en varias ocasións sobre esta cuestión. A min gústame tamén ter presente o que di cada un en cada momento e intentar ver como se vai conformando a opinión, cales son os argumentos para defender unha postura política, e despois comprobar se eses argumentos teñen que ver co que se fai posteriormente e coa realidade posterior.

Vostedes agora están gobernando. Eu lembro perfectamente que naquel pasado 6 de marzo o seu argumento para abandonar o Pacto social e político pola educación era o detalle de que non se investía no orzamento, ou non se recollía neste Pacto social e político, o investimento dun 5 % do produto interior bruto en educación. Ese era o seu argumento fundamental para saír daquel pacto social e político pola educación.



Pois ben, dende o Grupo Popular nas Cortes naquel momento se lle trasladaba un proxecto de financiamento para o sistema educativo que consistía en desvinculalo do PIB, porque vinculalo ao PIB sería —como xa teño dito noutras ocasións— lexitimar a posibilidade de recortar, porque cando o PIB baixa estaríamos lexitimando os recortes en educación se vinculamos a porcentaxe ao PIB. Propúñase por parte do Partido Popular un financiamento fixo naquel momento de 5.000 millóns, e despois ir implementando, con base nas medidas que contemplaba o pacto —que eran quince—, o financiamento suplementario sobre eses 5.000 millóns de solo. Naquel momento, eses 5.000 millóns supuñan un 4,8 % do PIB, e vostedes rexeitarono porque non chegaba a ese 5 % do PIB.

Fago esta visión temporal do que foi aquel momento do pacto porque, claro, agora vostedes gobernan, preséntanlle un orzamento á cidadanía para ser aprobado, e o normal é —digo eu, ¡home!— que, despois do que montou o Partido Socialista no Pacto social e político pola educación por non incluír o 5 % do PIB, neste orzamento que presentan, o financiamento para a educación será como mínimo dese 5 % do PIB. Pero non, ¡sorpresa! «*El Gobierno de Sánchez congela el gasto en sanidad y educación: un 4 % del PIB*». Incluso é inferior ao que se presentaba naquel Pacto social e político pola educación.

Ese argumento valíalles para saír do Pacto social e político pola educación, pero resulta que agora, cando vostedes chegan ao Goberno, non só non chegan ao 5 %, senón que incluso é inferior ao que se propuña dende o Partido Popular. Claro, En Marea daquela —bueno, Podemos en Madrid— tamén criticaba ese feito de que non se chegase ao 5 % do PIB, pero agora, cando presenta o Partido Socialista un financiamento para a educación española do 4 % do PIB, vostedes aplauden coas orellas. Esa é a coherencia de cada partido político. Nós seguimos na posición que defendemos sempre.

Eu quero destacar da comparecencia da señora conselleira —como dicía antes— que estamos a traballar, estase a traballar dende o Goberno galego, por un modelo educativo que afonda na consolidación do modelo e do ensino de excelencia, si, porque non hai nada malo en defender que o sistema educativo ten que estar guiado pola excelencia. Dende logo, dende o noso punto de vista, nós somos un partido político que defende que toda a sociedade en xeral ten que camiñar cara á excelencia, e iso a ninguén lle debe parecer mal.

Excelencia non é exclusión, porque precisamente un sistema educativo de excelencia ten entre as súas características fundamentais ser inclusivo e ser equitativo. E, nese sentido, estanse articulando dende o Goberno galego as medidas necesarias para que o sistema educativo, ademais de excelente, sexa de calidade, inclusivo e equitativo. Os datos están aí, vostedes poden velos e poden comprobalos.

Falabamos de inclusión —sinalábao a señora conselleira, fixo referencia a señora Rodil—, o 91,9 % dos alumnos con necesidades educativas específicas, integrados en centros ordinarios. Pero, aínda así, continuamos defendendo o camiño cara á excelencia, loxicamente, e coas persoas con necesidades educativas específicas dentro dese sistema e tamén nese camiño cara á excelencia.

Ese é o modelo que defende este grupo e o modelo que defende o Goberno galego: aposta pola convivencia, aposta pola inclusión, aposta pola formación profesional —outra das liñas funda-



mentais que se deslizou na primeira intervención da comparecencia da señora conselleira—. Unha formación profesional que potencie a Formación Profesional Dual; a inclusión das linguas estranxeiras, nomeadamente do inglés, tamén nos módulos de formación profesional. E o Centro Galego da Innovación da Formación Profesional —e xa con isto remato, señor presidente, esperando á seguinte quenda—, un centro que terá a misión de impulsar proxectos de innovación, novas contornas virtuais de simulación —como se sinalaba—, xeración de concertos empresariais e transferencia aplicada de patentes; un proxecto que estivo en perigo precisamente pola falta de compromiso dunha administración pública —bueno, dun ente público, neste caso a Zona Franca de Vigo— que puxo en perigo un proxecto para a cidade de Vigo e que de feito xa non se leva a cabo alí. Pola contra, outra Administración responsable —como foi neste caso a Deputación de Ourense— achegou os fondos necesarios para que o Centro Galego da Innovación da Formación Profesional vaia ser unha realidade, e neste caso na cidade de Ourense.

Nós temos que agradecer a súa comparecencia. Temos que felicitala pola exposición que nos fai de cales van ser as liñas básicas do seu goberno e da Consellería neste período que comeza agora, e, dende logo, nós temos moi claro que camiñando nas liñas e na senda que vostede nos expuxo hoxe aquí, nesta comparecencia, o sistema educativo galego continuará a ser un sistema de calidade, un sistema educativo inclusivo, un sistema educativo equitativo e, en definitiva, un sistema educativo acorde ás necesidades da sociedade galega do século XXI.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica, señora conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

A verdade é que comecei esta comparecencia coa esperanza de que entre todas e todos puidésemos extraer unha resposta a unha pregunta ambiciosa: ¿que cidadáns queremos para a Galicia do século XXI? Pensei que das diferentes posicións, con vontade, podíamos chegar a puntos de encontro. O diverso —falando do sistema educativo inclusivo— pode engadir, pode ter utilidade para o ensino, se hai ánimo de aportar. Non escoitei unha resposta, non foron capaces de ofrecer alternativas. Escoitamos máis do mesmo. (*Murmurios.*)

Das súas intervencións, o que me queda claro é que o seu labor de control ao Goberno ten que ver máis con situar o ensino no centro dunha batalla que con avanzar na resolución dos retos de futuro aos que a educación ten que facer fronte no día a día.

Creo que non foron quen de presentar unha alternativa executable, unha alternativa realista, ao modelo educativo que defende esta consellería. Queren máis investimento en educación, pero esquecen —como din xa moitos expertos— que acadar bos resultados educativos ten moito que ver coa forma na que se destinan os recursos que coa cantidade que se inviste. En todo caso, señora Chao, na acta da sesión aparecerá a frase literal que eu dixen na miña intervención, que foi que non era só, senón tamén. Non falaba de que non tivese que ver o investimento, senón tamén en que se investía.



Piden máis coeducación, máis igualdade, porque por ideoloxía confunden a parte polo todo. Critican o modelo educativo de Galicia, un modelo fundamentado en máis idiomas, na integración real das tecnoloxías nas aulas, máis igualdade e mellor convivencia nas aulas, máis prazas na oferta pública de ensino. Pero, á hora da verdade, queren máis centros plurilingües, máis proxectos con tecnoloxías, máis centros que impartan materias de igualdade, máis docentes... ¡Aclárense! ¿Só queren criticar por criticar? (*Murmurios.*)

Paso a responder algunhas cuestións concretas.

Señora Rodil, en primeiro lugar, agradecerlle o ton da súa intervención. E, en segundo lugar, dicirlle que, se para mellorar o sistema educativo temos que citar a autores marxistas, non dubide de que o faremos. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Señoría, non debe de comparar a situación de Galicia coa situación doutras comunidades autónomas; os alumnos que cursan portugués están totalmente atendidos. Agora poñémonos a maiores un aspecto cualitativo, comezar a estabilizar esas prazas de profesores e profesoras de Portugués.

E, señora Rodil, non se trabuque. Por lei, todas as ofertas de emprego deben incluír o compromiso de carreira profesional dos profesores existentes. ¿Ou é que vostede non quere que existan prazas de promoción interna para os profesores que están no sistema? Non sei se está vostede en Murcia ou noutra comunidade autónoma, pero non existe precariedade cando existe unha taxa de interinidade tan baixa no Estado, e só en primaria a taxa é do 6 %. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Martínez, grazas por recoñecer que existen iniciativas novidasas. Vostede cuestiona as seccións bilingües, pero véxome na obriga de lembrarlle que vostedes iniciaron este concepto, aínda que non lle deron contido. Hoxe temos 4.442 seccións en 646 centros, ¿como é posible dixerir a súa lectura da estatística e confrontala con que o 84 % dos alumnos resulten acreditados?

Con respecto aos proxectos e ao transporte, señoría, esta é unha das poucas comunidades autónomas que ofrece gratuitamente transporte para programas como o PROA. E, por suposto, cando temos prazas vacantes tamén soben os alumnos de bacharelato e de formación profesional nos autobuses.

Resulta curioso que critique un plan de infraestruturas que tan só sacou adiante este goberno, os anteriores do PP e do PSOE non o fixeron.

O novo edificio Fontán cofinanciase con cartos do Plan de financiamento das universidades. Ao respecto, dicir que foi un acordo unánime da comisión de seguimento do plan, no que están representadas as tres universidades. De non haber unanimidade, non se aprobaría. Esta é unha norma interna da comisión para tomar decisións importantes, e votaron a favor as tres universidades.

Como dicía a señora Chao, «non é só o que se inviste en educación, senón tamén o tipo de educación no que se inviste», esa foi a frase literal. ¿Como pode dicir que o sistema educativo



galego non é igualitario? ¡Pero se os informes internacionais nos sitúan como o territorio máis inclusivo! Señora Chao, non se confunda coas cifras porque vou ter que remitila ao *Diario Oficial de Galicia*. Os orzamentos de Educación en universidades, sen política lingüística, ascendían a 2.389 millóns —míreo no DOG—, isto en 2009; os de 2019 ascenden a 2.392 millóns —tamén o pode mirar no DOG—. Penso, señoría, que ten que reforzar a súa competencia de cálculo, ou non actualice cifras co IPC cando o IPC nos tempos de crise era negativo.

Señoría, a taxa de interinidade hoxe en primaria é máis baixa que en 2009, e cando remate o proceso de oposicións, estaremos no 7,5 %. Agora que vostede me saca o exemplo de Andalucía, xa me dirá por que cando apoiaban o Goberno de Andalucía non eliminaron os concertos. (*Aplausos.*) A Consellería de Cultura e Educación debe velar pola xestión eficiente dos recursos educativos sostidos con fondos públicos. Dadas as cifras de natalidade e a dispersión da poboación en Galicia, non é viable, nin desde o punto de vista pedagóxico nin desde o económico, manter abertos colexios no rural con menos de seis alumnos. En calquera caso, a Consellería mantén o mesmo criterio para manter abertas as escolas unitarias, e é que teñan polo menos seis alumnos. Aínda así, lembren que o Bipartito pechou unha media de case vinte escolas unitarias por ano, mentres que desde o 2009 se viu reducida esta medida. Ademais, o Bipartito chegou a pechar escolas que contaban con máis dos seis alumnos matriculados que agora se exixen, polo tanto, cun criterio bastante máis exixente que o actual.

Primeiro fálanme de que non cito a teólogos, logo de que son cómplice dunha *lobby* relixiosa, non acabo de entender moi ben de que falan vostedes. En calquera caso, a lexislación e as sentenzas apoian que tanto a coeducación como a educación diferenciada por sexo son modelos educativos lexítimos e compatibles cunha educación desde a igualdade de valores, oportunidades e trato ás persoas. Mire, os alumnos e alumnas que están matriculados en Galicia en educación mixta superan o 99 % do total do alumnado.

Fala vostede de edificios nas universidades. Señoría, pónase de acordo co alcalde da Coruña e dígalle que non queren investimentos en edificios, agora que o señor alcalde non quere hospitais, senón edificios para as TIC.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.
Rolda especial.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Eu creo que traía vostede un pouco a réplica preparada, conselleira. Esperaba de nós un ton distinto e creo que tamén é unha virtude saber modular cando, aínda que a previsións ou as expectativas fosen unhas, finalmente a realidade foi nun sentido contrario. E nesa liña tamén,



eu facíalle e formuláballe algunhas preguntas na miña primeira intervención que quedaron no aire; non sei, a ver se teño un pouco máis de sorte antes de que remate esta comparecencia.

Diciános vostede que que cidadás e cidadáns queríamos para a Galiza do século XXI e nas que tiña que centrarse o modelo educativo do noso país. Nós defendémolo aquí moitísimas veces. Nós queremos cidadáns e cidadás libres e cidadáns e cidadás críticos e críticas que teñan as ferramentas que lles permitan interpretar a realidade por si propias e construír unha realidade máis xusta e máis equitativa.

E falando de xustiza e falando de equidade e falando de inclusión, que esa era unha das primeiras cuestións que nós poñiamos enriba da mesa, a min encántame: si, hai que traballar co horizonte que o marque esa excelencia. Pero a excelencia non se consegue por moito que a desexemos forte, forte; fan falta recursos económicos e fai falta profesorado neste caso.

Falábase do 91 % da inclusión. Nós —insisto— defendemos absolutamente iso, pero o que non podemos ter é trinta e dúas persoas nunha aula porque o repetidor non conta, porque unha persoa que teña unhas necesidades educativas específicas tampouco conta máis que como un estudante máis, sen ter en conta que son persoas que van necesitar un apoio na súa aprendizaxe. Era a cuestión que nós poñiamos enriba da mesa: non temos profesorado actualmente no noso país suficiente para atender como se debe ese estudantado, sobre todo ese estudantado con necesidades educativas específicas.

Falábase antes tamén de PT, de AL e tamén, por suposto, de reforzar e estabilizar os departamentos de orientación no conxunto dos centros públicos do noso país.

E nós puñamos desde o BNG, ademais, dúas medidas que son decisións políticas que pode tomar hoxe mesmo a Consellería de Educación e que tiñan a ver con competencias da propia Xunta de Galiza na redución dese horario lectivo do profesorado que permitiría tamén gañar persoal sobre todo en secundaria e, en paralelo a iso, a redución desas ratios. Porque —insistimos— inclusión, si, pero hai que garantir as condicións dentro dos centros de ensino para que ese alumnado reciba a atención que lle corresponde e que necesita en aras desa xustiza social da que falabamos.

Eu poñía enriba da mesa: ¿que hai da política lingüística? Porque —é verdade— na disgregación desas consellerías de Cultura e Educación, que até o momento estaban xuntas, as competencias en materia de política lingüística levounas Cultura, pero vostedes teñen unha responsabilidade como departamento do Goberno galego que xestiona un axente de socialización tan importante como é neste caso o ensino público.

Eu propúñalle, dándolle un voto de confianza, non houbo tal voto de confianza na súa resposta, e nós o que vemos é que non hai intención, porque é que nin sequera se cita a necesidade e a obriga legal que ten o Goberno da Xunta de Galiza de normalizar a lingua galega. Por iso eu o facía. Eu en Cuenca non estou, eu estou en Santiago de Compostela, en Galiza, que é un país cunha lingua propia que ten ademais unha responsabilidade sobre ela (*Aplausos.*) o Goberno galego, e dixémolo en moitas ocasións nesta Cámara. E que non é unha teima do Bloque Nacionalista Galego, senón que é unha advertencia á situación na



que se atopa. E a responsabilidade que ten a Consellería de Educación na situación na que se atopa o idioma propio do noso país —dío o Consello da Cultura, dío a Academia, dío a Mesa pola Normalización Lingüística— é que o que nos fixeron vostedes co decreto de 2010 foi retroceder vinte anos —literalmente é o que di a Real Academia Galega—. E o que nós queremos saber é como van reverter as consecuencias da súa política lingüística nos últimos anos.

Nese sentido falabamos antes tamén, falábase de excelencia, falábase de coeducación. Eu é que lle nego a maior. Creo que xa o fixen na intervención que tivo vostede na Comisión 4ª falando dos orzamentos, presentando os orzamentos para 2019: separar as mulleres dos homes nas aulas non é nin igualitario nin equitativo, nin debería ser democrático. (*Aplausos.*), nin debería ser democrático. ¿A alguén lle colle na cabeza que lle deamos de comer ás nenas e aos nenos en mesas separadas simplemente dicindo que lles imos dar a mesma comida? ¿A alguén lle colle na cabeza que iso sexa democrático e aceptable? ¿Por que obrigan o conxunto das galegas e dos galegos, que están en contra diso, a ter que financiar cos cartos de todos centros que segregan o alumnado por aulas, que vai en contra do principio máis elemental da coeducación, que é que convivimos, compartimos espazo, compartimos mundo e, polo tanto, temos que convivir tamén nas aulas? Para nós iso é inadmisíble.

Seguimos —non hai resposta—: ¿cando vai incorporarse como materia específica esa formación en igualdade e prevención da violencia machista no mestrado docente? Tampouco hai resposta para iso, porque moito tememos que non hai intención por parte da Xunta de Galiza de dar cumprimento a un mandato desta Cámara.

E eu, por último —que se falou, teremos oportunidade, levaremos iniciativas tanto á comisión como a este pleno—, falábase de excelencia, de excelencia no ensino, de excelencia na universidade. O que non podemos é exixir excelencia sen recursos e ademais predicando a excelencia nun dos ámbitos que teñen a ver coa formación e coa educación como é a universidade, que é onde maiores porcentaxes de precariedade laboral hai a día de hoxe. Temos persoal docente e investigador que está con carácter interino e poucas horas percibindo salarios de menos ou pouco máis de cincocentos euros. Non se pode exixir excelencia se non se lle dan os recursos que necesita á universidade, que é o que vén reclamando o conxunto do Sistema universitario galego no noso país desde hai tempo. Abrir esas mesas de negociación e empezar xa as conversas para ese plan de financiamento que caduca a partir do ano 2020 e poñer xa as bases do seguinte plan quinquenal.

Tamén a preocupación que ten o propio Sistema universitario público do noso país con ese proxecto de universidade privada que paira sobre as nosas cabezas e do que aínda non se nos remitiu —e iso que o solicitamos polo artigo 9—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...o proxecto a esta Cámara.

Insisto: nós si defendemos cidadás e cidadáns libres, cidadás e cidadáns con capacidade de interpretación e análise desde unha perspectiva crítica da sociedade, pero iso só o imos con- seguir con recursos, recursos humanos, recursos económicos e, sobre todo, deixando atrás...



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil, grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...como falabamos en materia de coeducación e igualdade, cuestións que están lonxe dos dereitos fundamentais dunha poboación libre.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Permítame, señora conselleira —non mo tome como unha falta de respecto—, que lle dirixa unhas verbas preliminares ao señor Fernández Gil. Cando queira, facemos un debate monográfico sobre como marear unha perdiz, pensando no Goberno do Partido Popular no Estado, con respecto ao pacto de Estado pola educación. O que era crear seis subcomisións, cada unha delas debidamente ralentizada, debidamente dedicándose non se sabía moi ben a que, para ao final focalizar toda a súa atención nunha delas, que era a que debatía os aspectos —digamos— máis instrumentais da modificación lexislativa. (*Aplausos.*) Cando queira, facemos ese debate.

Señora conselleira, eu creo que —xa o dixo a señora Rodil— vostede viña preparada para unha —non sei— posición máis virulenta, máis feroz, máis dura por parte da oposición. Pero resulta que os que levamos as portavocías de educación non sei se, desde antes de Nadal, estamos imbuídos dunha especie do que chamamos «espírito Fontán», que estamos tranquiliños todos, estamos cordiais, estamos duros pero sen perder o respecto por iso nas nosas intervencións. E co «espírito Fontán» saben de sobra os voceiros e voceiras a que me estou a referir.

Dixo vostede que non deramos ningunha resposta. ¡Home!, non sabía eu que fora misión da oposición nunha comparecencia dar respostas; máis ben será o Goberno o que deba dar resposta ás preguntas que lle fai a oposición. Pero ben, se hai unha inversión de metodoloxía, será bo que cheguemos a un acordo sobre como pilotar as comparecencias de agora en adiante, non vaia ser que o Goberno pregunte e a oposición dea respostas.

Mire, falamos, falouse moito durante a primeira quenda de intervencións de datos, de programas, etc., etc. Eu recoñecinlle que había cousas que, evidentemente, eran necesarias, anunciou cousas vostede que creo que son interesantes ademais, que se chegan a bo porto serán boas para o sistema educativo, pero vaimos permitir que nesta última intervención lle diga cales son os problemas que está a presentar a defensa que da política da Consellería de Educación fai o Grupo Parlamentario Popular; e eu creo que é algo no que vostede deba poñer o foco e tratar de reverter esa situación.

Porque mire, vostede, cando dixo sobre que ía versar a súa intervención, mencionou o I Plan de actuacións de igualdade nos centros educativos, aínda que despois non fixo ningunha referencia máis ampla sobre este asunto. Sabe vostede que este grupo parlamentario levou a



comisión e a pleno dúas veces o intento de que o Parlamento de Galicia coñecera os indicadores que están nese plan sobre o seu cumprimento, e que as dúas veces esa petición de información, que supón que o Goberno, a Xunta, a Consellería fai unha avaliación dun plan de importancia absoluta e que ninguén cuestiona, que levase esa avaliación a cabo e nos dese esa información. ¿Sabe que concluímos ou polo menos que conclúe este voceiro que lle fala? Que non hai avaliación feita, e un programa que non se avalía é un programa no que non se ten interese.

Falou vostede do bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía; que quince centros se apunten a ese plan non é unha resposta moi importante, francamente. Pero ben, pediremos información sobre cantos alumnos hai nese plan, se hai algunha incidencia, algunha relación entre o feito de que non teñan transporte escolar e, polo tanto, que en vez dun programa de excelencia se converta nun programa de elite, soamente ao alcance de quen pode permitirse ter algún medio de transporte adicional unha vez que rematan as clases. *(Aplausos.)* Pediremos información, xa a temos pedida, substanciaremos esa petición de información.

Con respecto á formación profesional dual —que antes non me deu tempo—, resulta que vostedes teñen o obxectivo de ter cinco mil persoas matriculadas no curso 2020-2021. Segundo algún medio de comunicación —supoño que ten información que a vostede lle deron ou, se non, que a corruxirían de ser falsa—, neste curso hai matriculados 937. É dicir, que teñen que quintuplicar, quintuplicar, o número de alumnos con respecto a este curso para cumprir os seus propios obxectivos. E iso francamente creo que debera cando menos ser froito dunha reflexión profunda. ¿Que ten as súas dificultades? Xa o sabemos, non lle imos pedir imposibles, nin a vostede nin llo pedimos ao anterior conselleiro nin llo pedimos a ningunha consellería. Pero creo que dar menos publicidade, menos cifras grandilocuentes e redondas e adecuarse máis á realidade e ás posibilidades do sistema estaría ben para todos.

E, por último, para rematar, nós quixemos darlle unha resposta á problemática que ten este país, que ten esta comunidade autónoma con respecto á escola rural e ao seu desmantelamento, co mesmo éxito todas as veces que este grupo parlamentario, que foi o primeiro en traer unha iniciativa deste tipo a este Parlamento, todas as veces coa mesma resposta: non é necesario falar, non é necesario reunirse, non é necesario estudar, non é necesario facer ningún plan especial, *(Aplausos.)* porque diso xa se encarga a Consellería de Educación, que rexe o benestar de todos os galegos e galegas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Ben —dicíao antes—, temos demasiados temas e pouco tempo, demasiadas preguntas e moi poucas respostas e, por suposto, temos máis que as que formulamos na primeira quenda.

Falou, señora conselleira, na súa quenda, da formación profesional. Pero ¿que formación profesional? ¿Está satisfeita co modelo que temos neste momento? ¿Ten datos sobre a in-



serción laboral do alumnado da FP? ¿Ten datos sobre a adecuación da oferta ás demandas de cada territorio? ¿É consciente de que cada vez que este grupo parlamentario trouxo a esta Cámara este tema chocou coa maioría absolutísima do Partido Popular? Resulta bastante evidente que este sería un primeiro paso para ter unha formación profesional de calidade.

Pola contra, na súa intervención a única novidade que aportou foi a dun premio de formación profesional dual; un premio, a excelencia outra vez. Precisamente na formación profesional dual case fale coas docentes que imparten estas ensinanzas e constatará o que din: que estamos ante un gran fracaso do Partido Popular no ensino público. Non hai unha auditoría real da porcentaxe de emprego de continuidade que proporcionan e as prazas que hai nin sequera se están cubrindo.

¿E que dicir da formación profesional básica? ¿Pode dicirnos canto alumnado continúa no ciclo medio, canto alumnado acada un contrato laboral fixo, que preparación específica ten o profesorado para tratar con rapazas e rapaces que practicamente están xa fóra do sistema educativo? ¿Sabe da presión que sofren estes profesionais, o abandono que denuncian?

Deberíamos falar tamén, porque vostede o fixo na súa intervención, da estratexia Edudixital, a incorporación das novas tecnoloxías ás aulas escolares. Dixo vostede na súa intervención que este programa favorecía a igualdade de oportunidades. E ben, a nosa pregunta é: ¿sabe, señora conselleira, que a día de hoxe, cando os equipos de E-Dixgal teñen percances, estanse enviando facturas ás familias de incluso máis de 300 euros? ¿Que opinión lle merece? ¿Pensa que todas as familias de Galicia poden afrontar facturas de 300 euros por equipos que se estropean?

Falou da estratexia STEM e da fenda de xénero. Curioso que, cando este grupo parlamentario trouxo á Comisión 4ª unha iniciativa que falaba precisamente disto, o Partido Popular votara que non.

Ou o Plan LÍA, de bibliotecas escolares, de como nos centros escolares non hai docentes suficientes para atendelas e entón as bibliotecas teñen que estar pechadas; están moi ben, pero pechadas, como pasaba, por exemplo, no centro de Ames. O Grupo Parlamentario de En Marea trouxo este tema, esta iniciativa, e o Partido Popular votou que non. ¡Hai que ver coa política construtiva do Partido Popular!, señor Fernández Gil, construtiva e dialogada ante todo.

É dicir, que o que demostran os feitos da súa Consellería é que a proliferación de plans é sobre todo un exercicio de propaganda; palabras fermosas pero que deixan moi pouco detrás.

O que seguimos constatando é que as medida de austeridade teñen consecuencias, perpetúanse e agravan o déficit histórico do noso investimento educativo. Evidénciase así a contradición permanente entre as declaracións oficiais, que sitúan a educación no centro das políticas das prioridades da Xunta de Galicia, e as políticas económicas concretas, que ao cabo seguen minguando recursos dispoñibles nas aulas públicas ao tempo que aumentan os recursos para a concertada.



E preguntaba vostede que cidadáns queremos. Pois mire, señora conselleira, obviando o mecanismo básico en virtude do cal nós preguntamos e vostede contesta, e non ao revés, nós si sabemos que modelo queremos: queremos cidadás e cidadáns coa mellor formación posible, con futuro, orgullosas e orgullosos do que son; queremos facer das mulleres e homes do mañá persoas libres e felices que non teñan que marchar deste país.

Tamén sabemos o que non queremos; non queremos nenas e nenos preocupados porque lles pechen a escola; non queremos nenas e nenos que teñen frío nas aulas, que non lles chegue a comida do comedor a tempo; non queremos nenas e nenos con necesidades educativas especiais que ven cambiar cada ano o especialista, cos problemas que isto carrea; non queremos nenas e nenos aos que lles digan que non poden, que mellor vaian á FP básica, que iso é máis doado para eles; nin queremos nenas que pensan que polo feito de selo non teñen que ocuparse das ciencias, que iso é mellor para os compañeiros, que son máis listos.

Postos a querer, fíxese que queremos tamén unha conselleira que, antes de vir insultar a oposición, saiba actualizar os prezos e non veña aquí ler un papel equivocado tratando de poñer o erro noutro lado. Anote: a variación de prezos dende 2008 ata agora, sen contar este ano, porque aínda non temos a cifra, foi do 14,7 %, unha cifra acumulada. O dato que lle dei é exactamente a actualización con esa cifra. Ou sexa, que fíxese que sabemos tamén o que queremos.

Sabemos o que queremos: queremos un modelo de ensino cen por cento público, laico, de calidade, feminista, e dígolle unha cousa: imos seguir traballando para conseguilo; o obxectivo ben merece a pena. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Señora Chao, a verdade é que llo dicía antes e resulta ás veces complicado manter un debate serio e rigoroso con vostede, porque, se se empeña unha e outra vez para argumentar as súas posicións en alonxarse da realidade, é difícil chegar a un punto de entendemento. Vostede subiu aquí, lanzou unha interrogación retórica sobre a formación profesional así do estilo: ¿por que non fala vostede dos datos de inserción laboral da formación profesional? Pero vostede non falou. Voullo dicir eu: ¿sabe cal é o dato de inserción laboral da formación profesional en Galicia? O 80 %. (*Aplausos.*) ¿Sabe cal é o dato de inserción laboral da formación profesional dual en Galicia? Superior ao 90 %. (*Murmurios.*)

Entón, se quere que falemos diso, falemos diso, pero falemos cos datos por diante, porque se subimos aquí facer interrogacións retóricas, ¡home! ¿Sabe cal é o problema da interrogación retórica? Que, se non dá vostede a resposta, pode vir detrás quen lla dea e se atope coa realidade dos feitos.



Pero ben, en definitiva, non quero continuar, porque —xa digo— é moi difícil discutir con quen para elaborar os seus argumentos se alonxa dos postulados que determinan a realidade.

En definitiva, señora Rodil, falaba vostede e facía moito fincapé no tema da lingua, na cuestión lingüística. É verdade que ese é un cabalo de batalla do Bloque Nacionalista Galego, e paréceme ben, paréceme positivo, pero non pode dicir que non existe unha política lingüística na Xunta de Galicia e non pode dicir que non hai un marco lexislativo perfectamente definido: Lei de normalización lingüística, o Plan de normalización da lingua galega e —si— o Decreto do plurilingüismo. Ese é o modelo lingüístico do Goberno da Xunta de Galicia —díxenllo xa en numerosas ocasións—, un modelo lingüístico referendado polos galegos e galegas en máis dunha ocasión con maiorías absolutas. (*Aplausos.*)

Entón, non nos pida que cambiemos ou que cuestionemos un modelo que cando llo presentamos á cidadanía nos di que «correcto». ¿Que non lle gusta ao Bloque Nacionalista Galego? Entendémolo e respectámolo, pero vostedes tamén teñen que entender e respectar a posición deste grupo e a posición da sociedade galega, que é a de referendar este marco lexislativo lingüístico que temos a día de hoxe en Galicia.

Mire, dígolle máis, voulle ler aquí un fragmento dun artigo do xoves 24 de xaneiro, en *La Voz de Galicia*, de Henrique Monteagudo, que nos fala un pouco da realidade; ben, dá unhas pinceladas. Eu vou ler só un pequeno fragmento, que é o inicio deste artigo. Di: «Galicia é a comunidade europea con maior arraigo dunha lingua minorizada. Máis do 95 % dos galegos declaran entender o idioma do país e arredor do 90 % afirma saber falalo».

Vostede sabe que a función fundamental dunha administración pública, cando estamos a falar dunha lingua, é dar as ferramentas á cidadanía para o seu coñecemento e o seu uso, e neste caso estamos a falar —xa digo— do secretario da Real Academia Galega, que di: «máis do 95 % dos galegos declaran entender o idioma do país e arredor do 90 % afirma saber falalo». «Catro de cada dez téñeno como lingua inicial, por tres de cada dez que teñen o castelán e un de cada catro que aprenderon a falar nos dous idiomas. De cada dez galegos catro alternan o uso das dúas linguas no día a día. Tres falan só en galego e dous só en castelán».

¡Oia!, eu non vexo ningún desequilibrio nos datos que está aportando o secretario da Real Academia Galega neste artigo, pero, ben, se vostedes queren ver desequilibrio na política lingüística articulada polo Goberno galego, alá vostedes. Xa digo: é unha cuestión reiterada no seu discurso e que nós respectamos, pero que, como comprenderá, non compartimos.

E, señor Álvarez, vostede di facer un monográfico sobre o pacto de Estado. Claro, claro que poderíamos facelo, como se botou por terra o traballo pactado previamente. É que, ademais, aquí hai unha cuestión clara: cando se inicia esa subcomisión, o PSOE estaba baixo unha dirección política e baixo uns postulados políticos que posteriormente, segundo vai avanzando a negociación, ía dicir —digamos— que se radicalizou, pero non, porque radicalizar ao final vostede, que é un gran latinista, sabe que pode ter que ver con «raíz» e con axustarse aos seus postulados propios, a raíz, e neste caso ocorreu todo o contrario: abandonaron a raíz socialdemócrata e foron polas ramas máis da esquerda rupturista e deses ambientes pouco propensos ao consenso, e o que fixeron foi dinamitar un pacto no que vostedes estaban par-



ticipando activamente por un simple cálculo político. Entón, como quixeron xogar a iso, pois ao final ¿que lle demostraron á sociedade española? Que lles importaba un comino na realidade o consenso educativo. Vostedes utilizaban a educación como unha ferramenta de pura liorta partidista e estaban nese momento sempre dándoa como unha ferramenta de puro cálculo político.

Claro, ¿que ocorre? Pois son as consecuencias de abandonar en moitos casos o que son os principios ao mellor dun partido político como o Partido Socialista, que en moitos casos ao longo da historia ten demostrado que é un partido con vocación de goberno e con visión de Estado pero que neste caso deixou a visión de Estado e a vocación de goberno para outros e decidiuse por ramificarse, como dicía antes, por esa ala esquerda máis rupturista, que foxe do consenso —por dicilo dalgún xeito—.

Señora conselleira, eu quero, xa para rematar, e como dicía antes, agradecerlle a súa comparecencia e dicir: falábase de que sociedade queremos e que cidadáns queremos para a sociedade do século XXI. Nós tamén queremos unha sociedade de cidadáns libre e queremos un sistema educativo que nos permita avanzar cara ao futuro. Nós non queremos estar unha e outra vez falando de sistemas educativos que camiñan ou que teñen nostalxia do pasado. Nós cremos que a sociedade avanza inexorablemente cara ao futuro e que o Goberno ten que dar resposta a esas necesidades do futuro. Vostedes sigan nese camiño de conquistar o futuro, que o da nostalxia do pasado xa o deixaremos para outros, que quedarán niso, en nostálxicos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Peche desta comparecencia, señora conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Señorías, teño a ben agradecer, dende a humildade, nunca dende o insulto, as suxestións que fan e recollo aquelas que se fan con criterio pedagóxico sólido, non así as que descansan nunha clara perspectiva ideolóxica que non participan de alternativas de execución coherentes e realistas.

Fronte ás utopías, o Goberno galego ten todas as competencias que ten atribuídas, está a desenvolver un modelo educativo e universitario, definido e diferenciado. Estamos convencidas e convencidos de que o camiño para axudar á formación dos cidadáns que queremos que dean pulo ao desenvolvemento de Galicia do século XXI é este.

Señora Rodil, nos primeiros dous minutos da miña intervención xa falei de que queremos pensamento crítico no alumnado. As ratios son normativa que nós cumprimos escrupulosamente e lémbrolle que puidemos subir a ratio en secundaria pero non o fixemos. Está vos-



tede dicíndome que baixemos o horario dos profesores para prestar o mesmo servizo educativo con máis profesores. Terá que explicárllelo aos contribuíntes.

Señoría, véxome na obriga de lembrarlle que a inclusión é compatible coas convencións internacionais aprobadas pola maioría dos países democráticos, pero tamén a ensinanza por sexos, e non o digo eu, dino os tribunais internacionais.

Señoría, as cousas teñen que chegar cando chegan e unha universidade nova aprobarase por lei, cando chegue, que, por certo, se aproba neste Parlamento.

Señor Martínez, co máximo respecto, por suposto que o Goberno non renuncia a gobernar. Se vostede non quere facer achegas a un sistema educativo mellor, pois está no seu dereito. Se no primeiro ano se apuntan quince centros, non dubide que para o bacharelato na seguinte convocatoria haberá máis, e así me comprometo a facelo.

A reflexión sobre o número de alumnos é a seguinte: nós computamos a verdadeira FP dual, ao contrario doutras comunidades autónomas gobernadas por vostedes que computan alumnos de FP que non reciben ningún tipo de retribución, cousa que non acontece en Galicia.

Señora Chao, como dixo o voceiro nesta comparecencia do Partido Popular, a empregabilidade na formación profesional está en máis do 80 % dos titulados e elévase a máis do 90 % cando acontece na FP dual. Logo dirán que son datos propagandísticos.

Omíte vostede que, cando se entrega un ordenador a un alumno ou alumna de xeito gratuíto, as familias comprométese a coidalos e se o extravían voluntariamente teñen que repoñelo; só iso por unha educación dixital gratuíta.

En calquera caso, despois desta especie de apocalipse, teño que dicirlles que non o estamos a facer tan mal. Datos de hoxe mesmo: Galicia rexistrou no cuarto trimestre de 2018 a taxa máis baixa de abandono educativo temperán desde que se dispón de rexistros, un 12,6 %, o que supón un descenso de 2,6 puntos respecto da data do mesmo trimestre de 2017. Vai ser que estes rapaces que fan formación profesional básica non abandonan con tanta rapidez os estudos.

Isto, unido á taxa de abandono coa que se pechou o ano 2018 en Galicia, unha media de 14,3 %, demostra que as políticas desenvolvidas desde 2009 están a dar resposta para conseguir un dos principais obxectivos de calquera sistema educativo: que ninguén abandone sen rematar a educación secundaria de segunda etapa e sen a titulación correspondente.

Tamén os preocupa moito a estabilización do profesorado. Pois teño que dicirlles que cunha OPE que é a máis ampla, como dixen, da última década, ademais, se fará unha ampla oferta de vacantes no próximo concurso de traslados, que permitirá destino definitivo con moita máis antelación, garantindo unha estabilidade do profesorado, que non terá que participar todos os anos para obter un destino provisional. Isto significará estabilización dos cadros de persoal, dos centros educativos, reducindo notoriamente esa provisionalidade da que falan vostedes e que tanto os preocupa.



Pese á súa aparente renuncia a sumar e a contribuír ao futuro da educación dos galegos e galegas, a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional vai seguir traballando, vai seguir traballando para afondar na consolidación do ensino galego e para avanzar nunha senda de excelencia, pero tamén da equidade e da inclusión, para as diferentes ensinanzas, e en especial para a formación profesional, ao tempo que seguiremos a reforzar a coordinación do Sistema universitario de Galicia.

Desde a responsabilidade que supón servir a Galicia, entendo que a misión que debe de afrontar a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional é liderar con propostas concretas o proceso educativo das futuras xeracións de galegas e de galegos. O sistema educativo galego significa hoxe a aposta polo plurilingüismo, polas tecnoloxías, pola inclusión, pola integración e pola revalorización da formación profesional.

A coeducación e o bo clima de convivencia contribúen a construír este modelo que promove a mellora continua. Seguimos apostando por converter os centros educativos de Galicia en verdadeiros espazos de aprendizaxe, en verdadeiros espazos de innovación, que reúnan estándares de calidade, tanto nas súas instalacións e infraestruturas como no desenvolvemento do proceso dun modelo educativo definido, dun modelo educativo apoiado en proxectos innovadores.

Todo o sistema educativo debe poñer no centro os seus alumnos e alumnas, con proxectos innovadores e acaídos aos tempos, e, xunto con iso, dotar o profesorado dos mecanismos necesarios ao longo da súa carreira, dende o inicio, para asegurar o éxito no proceso de ensino e aprendizaxe.

Ademais, o proceso educativo precisa da implicación das familias, familias que demandan respecto á súa liberdade de elección de centro e do modelo educativo que queren para os seus fillos.

E, por suposto, o Goberno galego é plenamente consciente de que o desenvolvemento da Galicia do futuro precisa dun Sistema universitario adaptado ao século XXI e comprometido coa formación e coa xestión do talento. Fronte ás visións alarmistas que omiten, esquecen a realidade, reitero de novo o compromiso explícito da Xunta coa universidade pública, coa modernización do ensino superior e coa función que desempeña o Sistema universitario de Galicia como catalizador do tecido produtivo da nosa comunidade.

Agardo que reflexionen e que finalmente valoren como se merece o que significan iniciativas como a estratexia Edulingüe 2020 —e desculpen por repetir 2020 como unha especie de data clave—, a aplicación actualizada da Estratexia galega de educación dixital Edudixital 2020, o fomento da igualdade e a coeducación desde unha perspectiva de convivencia positiva integral, ao amparo de Educonvives e do primeiro Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, e as melloras das competencias lectoescritoras e das habilidades investigadoras e de uso da información do alumnado galego co Plan de bibliotecas escolares.

A creación do espazo galego de boas prácticas educativas, novidade que presentamos nesta comparecencia, para que os axentes educativos poidan intercambiar experiencias e para que accedan a toda a información, complementando co portal das familias e o portal da dirección.



A aposta por unha inclusión de todo o alumnado, con independencia das súas capacidades, co deseño dun plan para a dinamización da orientación vocacional e profesional nos centros educativos de Galicia, a oportunidade que supón o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional en Ourense, a consolidación do Sistema universitario galego coa estabilidade que dá o plan de financiamento ata 2020 para avanzar no mapa de titulacións, e no decálogo de medidas do Plan de excelencia universitaria.

A evolución da Estratexia galega de investigación no ámbito universitario, coa especialización de campus e desenvolvemento dos centros singulares e de investigación, xunto coa activación do plan de captación e retención de talento investigador.

Xa que estamos falando de autores, pois permítanme que tome metaforicamente a Italo Calvino —non sei se lle gusta a vostede, señora Rodil—, poñendo en valor un sistema educativo que evite estados imaxinarios, nos que a calidade se mida polas medidas que se tiran para deixar lugar ás novas, que evite un coñecemento axustado a un uso instantáneo, concibido para ser utilizado unha soa vez, un sistema educativo que en definitiva persiga o compromiso ante un proceso de aprendizaxe que debe sosterse nuns cimentos sólidos e duradeiros.

Remato xa cunha mensaxe positiva e esperanzadora: Galicia ten un modelo educativo e universitario definido e diferenciado, avalado por resultados tanto cuantitativos como cualitativos, e que avanza para dar resposta continua aos retos do século XXI.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, agora coas dúas alteracións que foron xa comunicadas aquí á Presidencia.

Modificación no desenvolvemento a sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: En concreto, agora debatemos esta interpelación.

Interpelación de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señor Rueda, dixo o señor Feijóo nunha entrevista de hai apenas uns días: «Indígnanme as propostas de Vox sobre mulleres e autonomía, pero o pacto é sensato». Isto é tanto como dicir: «Indígnannos as propostas de Vox, pero jéche o que hai!» (*Aplausos.*)



¿Que pensa vostede sobre isto, señor Rueda? ¿«Éche o que hai»? ¿Hai sensatez en pactar con quen atenta e trata de dinamitar a loita pola igualdade das mulleres? ¿Como llelo vai explicar ás galegas? Porque, ante esta afirmación, de irromper Vox en Galicia, ¿que significa? ¿Que talvez teñan que pactar porque «éche o que hai»? ¿Onde están as súas liñas vermellas do compromiso do seu grupo coas políticas de igualdade? ¿Cal é o grao de madurez dese compromiso?

Porque, señor Rueda, vostede saberá que, cando se é mozo ou moza, á marxe da idade que un teña, se pode ser máis ou menos maduro; de feito, hai nenos e nenas que incluso na etapa máis infantil sorprenden a todos por razoamentos que non son propios —así se di— da súa idade; normalmente se relaciona con rapaces que por unha vivencia dura, ou intensa, se ven na necesidade de madurar antes de tempo. Pero hai outros nenos e nenas aos que, incluso, superada a adolescencia e entrando xa na etapa adulta, lles custa moito chegar á madurez; son persoas ás que lles resulta difícil asumir responsabilidades e tomar decisións por si mesmos. E aí si que a boa formación é unha das claves para superar esa fase.

E a sensación que temos dende o Grupo Socialista é que, no contexto actual, o Partido Popular ten dado un paso atrás enorme, da man principalmente do señor Casado; tense situado na adolescencia política e na inmadurez, (*Aplausos.*) esa na que rivaliza tristemente por ser un macho alfa da escena política, con declaracións que erosionan o traballo de tempo, de moito tempo, en materia de igualdade, e nun exercicio de irresponsabilidade imperdoable.

O meu compañeiro o señor Losada denominouno hoxe como que esta é a época da política popular «sen complexos», pero eu tildaría máis ben como unha fase «da caspa e da acne sen complexos».

Dende o noso grupo esperamos que vostede, pola parte que lle toca, estea molesto, moi molesto, coas declaracións do señor Casado e as doutros cargos populares durante estas últimas semanas. E agardámolo porque vostede sabe ben que tiran por terra o traballo conxunto en cuestións tan importantes como é o pacto de Estado contra a violencia de xénero e moitas das medidas nel recollidas. E aínda que comprenderá que a nós non nos preocupa moito a súa imaxe como grupo, si que agardamos que se vexan novamente no espello da igualdade, e principalmente porque vostedes son os que teñen a responsabilidade de goberno en Galicia e, polo tanto, son os que teñen que traballar nas políticas a aplicar, e tamén no que en materia de igualdade se refire.

E nós o que lle imos exixir é madurez e compromiso. E non se pode defender a igualdade xogando con ela, empregando discursos cargados de inconsistencias e de intencionadas falsas mensaxes. O traballo pola igualdade non pode permitirse fisuras ou gretas que provoquen o colapso e o derrubamento de todo o construído no tempo. E ultimamente non é que houbera gretas nos discursos; o que ten acontecido é un verdadeiro sismo de despropósitos, demasiados titubeos ideolóxicos, demasiadas e irresponsables declaracións políticas e demasiada testosterona no ambiente da política nacional (*Aplausos.*), que teñen convertido, ademais, a loita feminista nunha adversaria a abater.

Como comprenderá, todo isto ten confundido e alertado todas aquelas e aqueles que cremos e defendemos a igualdade. É máis, se vostede recorda, hai algo máis dun ano, falabamos das



enquisas que a federación Fademur, de mulleres rurais galegas, presentaba en Galicia. Se vostede lembra, unha das conclusións que máis chamou a atención foi que soamente un 55 % dos e das enquisadas respondeu correctamente sobre cal é o concepto «violencia de xénero».

Señor Rueda, eu sinto confirmarlle que o señor Pablo Casado tamén está entre ese 45 % que non sabe que é violencia de xénero, porque confunde violencia de xénero con violencia doméstica. ¿Ou non a confundiu e entón quixo confundir? ¿Que é peor? Dígamo vostede, ao abrirse aos postulados de Vox, cando afirmou que as leis de violencia teñen que defender tamén os homes, obviando a desigualdade estrutural que afecta só as mulleres polo feito de selo.

E a verdade é que non existe lei en España, estatal ou autonómica, que poña en dúbida a necesidade das mesmas. É máis, se vostede tivo a ben botarlles un vistazo ás comparecencias da Comisión da Igualdade, ningún dos ou das comparecentes puxo nunca en dúbida a necesidade e procedencia das leis, porque ninguén expresou dúbida ningunha da profunda desigualdade social na que viven as mulleres polo feito de selo, isto é, por unha razón claramente de xénero. E non só a ampla maioría social cre na procedencia das leis, senón que grazas a elas deuse o importante proceso de toma de conciencia social no noso país sobre a gravidade da violencia contra as mulleres.

E, a pesar de todo isto, hoxe algunhas forzas políticas expoñen, sen decoro, unha demolición de toda a estrutura de prevención, de atención e de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero, como se 983 mulleres asasinadas dende que temos datos —58 delas en Galicia— e unha media de 150.000 denuncias anuais por malos tratos non fosen razón suficiente para rexeitar e illar quen fai do machismo a súa bandeira política.

O movemento feminista comunicoullo hai apenas uns días, cun manifesto e coa súa presenza nas rúas en toda Galicia, tamén en toda España. En materia de igualdade deixáronllo claro: nin un paso atrás. Non son políticas —e vostede sábeo— nin leis que outorguen privilexios, é unha cuestión de equilibrio e de igualdade social.

E talvez esteamos alarmados e alarmadas sen razón, e por iso eu voulle ler unha serie de declaracións e vostede dime se lle parecen preocupantes ou non.

A primeira xa lle confirmo, por certo, que non é do señor Tellado, aínda que podería parecelo, pero neste caso non. A frase di que «*no hay nada más trasnochado que el feminismo, que solo habla de mujeres.*» Esta declaración, de Isabel Díaz Ayuso, a súa candidata precisamente á Comunidade de Madrid, unha muller que, por certo, non para de sorprendernos polo seu gran traballo en materia de transparencia ideolóxica, con frases tan clarificadoras tamén como que «*Vox no propone nada que yo no haya visto antes dentro del PP*». Pero é que teño outras dúas frases; unha frase que di: «*Danse axudas a cen maltratadas cando só tres son reais*»; e outra frase: «*Gran parte das denuncias de violencia de xénero non teñen fundamento nin base real*».

Estas frases que lle acabo de ler, estas si, son de representantes de Vox, e son o tipo de mensaxes que tratan de desacreditar as vítimas e a procedencia das leis de violencia de xénero.



Pero claro, o maior despropósito vén cando un descobre, precisamente, que as ideas de Vox, como xa comentei e tamén apoia a señora Ayuso, non son cousas que non vira ela antes no Partido Popular. E ten razón, porque o señor Casado afirmou que «*cualquier partido que lo que proponga es que las víctimas de otro sexo también tengan esa protección, que se intente limitar las denuncias falsas y que se intente delimitar claramente que estas ayudas no sean susceptibles de crear chiringuitos, esos partidos, dentro de la Constitución, podrán sentarse a negociar estas políticas*».

Eu creo que alguén terá que explicarlle ao señor Casado que é politicamente indecente que se tontee con isto. Nomear estas cuestións como problemas a atallar outorga credibilidade a quen pon en dúbida as necesarias políticas de igualdade e a quen quere dinamitar as conquistas que o feminismo ten conquerido no noso país. Este tipo de declaracións só leva a acender a perigosa mecha do descrédito e da revitimización das vítimas.

E como vostede comparece hoxe para respondernos que tipo de medidas porá en marcha cos fondos do pacto de Estado, creo que lle queda claro que a formación é un dos puntos que máis hai que apuntalar, para todos os axentes sociais implicados na loita contra a violencia de xénero, pero tamén para todo aquel con responsabilidades políticas. De nada serve facer pactos de Compostela cos medios, nin formar os xuíces nin formar os xoves, os educadores, as forzas policiais en materia de igualdade, se logo vén xente como o señor Casado e bota abaixo todo o construído no tempo.

Entenderá que esteamos preocupados. Por iso eu pídlle que nos axude a entender todo isto, a saber por que os pasos dende o pasado 8 de marzo non son máis firmes, a despezar os nosos medos sobre os tonteos ideolóxicos do seu partido e a coñecer con claridade cal vai ser a batería de medidas que porán en marcha cos fondos do pacto de Estado, que accións se potenciarán, cales se introducirán como novidades e cal será a repartición prevista. E, o máis importante, que nos conteste se cren vostedes realmente na igualdade.

Nada máis polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pierres, por situar un pouco as cousas, vostede tráeme aquí ao Parlamento para responder a unha interpelación cuxas preguntas eran: ¿en que tipo de accións ou medidas se aplicarán os fondos recibidos do pacto de Estado contra a violencia de xénero, que novidades conterán e cal será a repartición prevista? A miña conclusión é que isto lle dá exactamente igual. *(Aplausos.)* ¡Isto é o que hai! ¡Dálle exactamente igual! *(Aplausos.)*

Casado, ignorante, macho alfa, caspa e acne, tonteos ideolóxicos, *(Murmurios.)* testosterona, Isabel Díaz Ayuso... ¿Isto é o que lles importa a vostedes a loita contra a violencia de xénero?



(*Murmurios.*) ¿Isto é o que lles importa a vostedes o que se pode facer dende un goberno despois de pactar aquí no Parlamento de Galicia e acadar un acordo por unanimidade para levar ao Senado e incorporar despois ao pacto de Estado contra a violencia de xénero? Isto é o que lles importa.

Isto é o que lles importa cando está en marcha o pacto, cando xa estamos poñendo en marcha medidas, cando xa se están aplicando. Dálles exactamente igual. Interpelación rexistrada antes da miña comparecencia, e tiñan que metela agora para falar do que realmente lles importa, que é, ben, pois meterse co Partido Popular, poñer en dúbida todo, e da violencia de xénero non di absolutamente nada. Non imos caer nesa trampa por moito que o intenten.

Faime moitísima graza que vostede diga no mesmo texto da súa interpelación —que probablemente nin leu, porque, se non, non me explico o que acaba de dicir aquí—: «todas as institucións teñen que remar xuntas no obxectivo da loita contra a violencia de xénero, por enriba de formacións políticas e estratexias partidistas». ¡Vaia exemplo de coherencia co que acaba de dicir aquí! Non nos vai coller nesta discusión absurda. Nin descualificacións contra membros de calquera partido nin dicir que uns teñen a verdade absoluta e outros teñen que xustificarse sempre diante dos que non lles importa nada este tema, e vostede hoxe demostrou aquí.

Eu veño aquí falarlle do que vostede me preguntou, aínda que non me preguntou por isto; preguntoume na súa interpelación, que —insisto— probablemente nin lera, porque aproveitou algo que estaba rexistrado para facer exactamente o contrario que di na interpelación, que é estratexia partidista a costa das mulleres. (*Aplausos.*) Foi o que fixo vostede.

Dá igual que no 2018 morreran corenta e sete mulleres asasinadas e tres menores; dá igual que en Galicia foran tres: Magdalena Moreira, María Judith Martins e Ana Belén Varela. ¡Isto dá igual! O importante é meterse co Partido Popular. O importante é probablemente facer o que a vostede lle mandaron, que é intentar desgaste, intentar demagogia, que é o que sempre intentamos que non se fixera neste Parlamento. ¿De que serviu o consenso ao que chegamos no seu momento? ¿De que valeu dicir que non ía haber estratexias partidistas por un tema que nos importaba a todos? ¿Para que agora veña aquí e faga exactamente o contrario, señora Pierres? ¿Para que lle dea exactamente igual o que estamos facendo? ¡Pois voulo dicir, aínda que sei que non lle importa nada, porque non me preguntou por isto!

Faloume —xa lle digo— de testosterona, de Casado, de Isabel Díaz Ayuso... Pero ¿que lles importan ás mulleres vítimas de violencia de xénero agora en Galicia o que vostede falou aquí? ¿Que lles aproveita? Eu creo que lles aproveitará bastante máis o que estea facendo o Goberno galego con cartos, con recursos públicos do pacto de Estado para intentar acabar con esta lacra. Supoño que era o que lle tiña que importar a vostede. Desde logo, nesta interpelación demostrou todo o contrario. Pero xa lle digo que non imos caer nesa demagogia e imos facer exactamente o que vostede reclama: que isto se leve como algo por encima de estratexias partidistas. (*Aplausos.*)

Polo tanto, aínda que non lle importe moito, voule dicir que están subindo afortunadamente as denuncias de mulleres. No 2018 os xulgados galegos rexistraron 1.784 denuncias en Ga-



licia, 43.560 no conxunto de España; subiron en Galicia, as mulleres están denunciando máis. Polo tanto, aínda que isto poida facer medrar as estatísticas, isto ensínanos que estamos polo bo camiño. Cantas máis denuncias, máis sensibilización e máis mulleres que se atreven a rachar coa súa situación.

Hai un 12,3 % de subida en Galicia fronte ao conxunto do Estado, que é dun 2,3 %. A boa noticia é que haxa máis denuncias, porque sabemos que hai casos que non se denuncian, e, polo tanto, o que pretendemos é que haxa denuncias para que estas mulleres poidan empezar a saír da súa situación e poidan ademais poñer o maltratador na situación que se merece. Supoño que isto lle dá igual, pero eu voullo contar, porque creo que é o que a xente quere escoitar, fóra do que quere escoitar o seu partido e fóra das ordes que lle dean para intentar desgastar facendo demagogia de algo do que non se debería facer en absoluto.

Como dicía, o 30 de novembro comparecín para explicar medidas. Se quere, repítollas outra vez, e dáme para toda a comparecencia e para a réplica. Si, se probablemente non as coñece, efectivamente, co que acaba de dicir aquí; e, se as coñece, dálle exactamente igual, perdoe que llo diga. Ninguén pode pensar despois de escoitala, señora Pierres, que lle importan algo as medidas que se están tomando por parte do Goberno galego —insisto— con recursos públicos e despois dun consenso deste Parlamento. Vostede intentou facer desgaste partidario, consignas do Partido Socialista, porque probablemente lle dixeron que iso era o que tiña que facer. Pero xa lle digo que alá vostede. Voulle falar como membro dun goberno que ten esta responsabilidade.

Medidas novas —xa lle digo, se quere na réplica despois explícolle todas as demais— dende a miña comparecencia. Novas actuacións en atención ás vítimas. Activamos a protección á asistencia integral para orfos e orfas vítimas de violencia de xénero —pioneiros no Estado, señora Pierres—. Supoño que isto lle importará algo, supoño que lle merecerá algún comentario, ou ao mellor non.

Asinamos a comezos de xaneiro o convenio cos colexios profesionais e asociacións que se implicaron no proceso, 30.000 euros de investimento; ampliable, por suposto, se fixera falta, en función do número de casos —que oxalá que non sexa necesario—. ¿Que pretendemos? Acompañar e asesorar os menores de 30 anos fillos e fillas de vítimas mortais de violencia de xénero en Galicia, así como as persoas que asumen a súa tutela, que moitas veces se ven desprotexidas e non teñen axudas das administracións cando esteamos falando de casos de menores de 18 anos. E ímolas apoiar, por suposto, en todos os trámites administrativos que teñen que facer para apoiar eses menores orfos.

¿Que medidas cumprimos con este acordo que asinamos? Medidas 172, 210 e 213 do pacto. Digo porque era o que me preguntaba, aínda que probablemente non se acorde.

Segunda medida de novidade respecto do 30 de novembro. Puxemos en marcha unha venda tutelada especializada en mulleres con enfermidade mental vítimas de violencia de xénero na Mariña lucense. E entenderán vostedes que non dea a ubicación. É a primeira destas características en Galicia e supón 70.000 euros de investimento. Vai contar con prazas para atender de xeito integral as mulleres nesta situación que o necesiten, así como os seus fillos e fillas. E ímoslles proporcionar aloxamento, manutención e o



apoio que precisen. Xa lle digo que é unha medida pioneira, dende logo, en Galicia e probablemente no conxunto do Estado. E, ademais, é un recurso que complementa a rede de acollida dispoñible e encádrase dentro da medida 168 e 179 do pacto de Estado. E, ademais, imos poñer neste mesmo ano en funcionamento unha nova vivenda tutelada para mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual. En canto se poña en funcionamento, daremos, dentro da confidencialidade e da discreción necesaria, os datos que sexan precisos.

Terceira medida. No *Diario Oficial de Galicia* do 3 de xaneiro publicamos a nova orde de axudas periódicas para vítimas de violencia de xénero. ¿Que novidade hai? A orde ascende este ano a 5,1 millóns de euros, que é 1,4 millóns de euros máis que a anterior convocatoria. E por primeira vez vai incluír como beneficiarias as mulleres cuxos fillos ou fillas foran asasinadas polo agresor machista.

Ademais, vaise modificar a resolución para dar cumprimento a un acordo desta propia Cámara, de xeito que tamén poidan ser beneficiarias as mulleres con renda menor ou igual a dúas veces o IPREM. Ata o de agora —como saben— o umbral estaba máis baixo e era 1,5 o IPREM e, a partir de aí, non se podían recibir estas axudas. Agora ampliamos o número de mulleres que poden ser beneficiarias desta axuda.

Ademais, imos incluír indemnizacións para orfos e orfas vítimas de violencia machista e unha nova liña de indemnización para mulleres que sofren lesións graves e necesiten ser hospitalizadas. Ata o de agora non había axudas para mulleres que se atopaban neste caso e neste estado de necesidade; medidas 72 e 75 do pacto de Estado.

Con respecto aos concellos, que son as administracións máis cercanas aos cidadáns e, polo tanto, son as que poden chegar moitas veces con máis celeridade e sobre todo con máis eficacia para axudar as vítimas de violencia machista, o mércores pasado mantivemos unha reunión co presidente da Fegamp para darlle a coñecer as medidas que imos emprender a través das entidades locais dentro do pacto de Estado contra a violencia de xénero; 2 millóns de euros; medida 175 do pacto. Isto respecto das medidas que implican unha dotación económica e son novidasas.

Medidas de prevención e sensibilización. Imos incorporar unha nova liña, a convocatoria de axudas para promocionar a igualdade nas entidades locais galegas; 800.000 euros; medidas 5, 24, 31, 34, 35, 256 e 280 do pacto. E desenvolvemos, por certo, no Nadal, recentemente rematado, unha campaña para fomentar o uso de xoguetes sen estereotipos sexistas: 150.000 carteis, 100.000 marcapáxinas, colaboración dos Bolechas, porque nos diriximos sobre todo ao público infantil. A campaña chamábase «Xoguetes para a igualdade. Xogamos iguais. Os xoguetes non teñen sexo». E, por suposto, estamos preparando tamén todos os actos referidos ao 8 de marzo e os carteis das campañas que van conmemorar esta data, á parte doutras medias que anunciaremos oportunamente.

Todo isto incardínase no pacto de Estado, señora Pierres, do cal levamos aproximadamente un mes de vixencia neste ano. E estamos facendo moitas cousas e moitas máis que se farán. Xa lle digo que non quero repetir as que anunciei na miña comparecencia do 30 de novembro.



Síntoo, pero isto é o que está facendo un goberno serio. Se o que pretende é a demagogia, o insulto, a falta de respecto, intentar sacar rédito electoral cun tema tan serio, neste goberno non o vai encontrar. Pode saír aquí, pode dicir que isto é soberbia, non querer contestarlle ás provocacións; é simplemente responsabilidade, a que vostede debería ter; e hoxe fixo gala absolutamente do contrario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Señor Rueda, eu vexo que vostede está moi preocupado polo que, segundo vostede, me mandou facer o Partido Socialista a min. E a cuestión que eu me fago é: ¿que lle mandou facer a vostede o señor Casado? (*Aplausos.*), porque realmente se lle ve incómodo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) E a outra cuestión que nos preocupa a todos é: ¿que está disposto a facer se teñen que pactar con Vox mañá mesmo? ¿Que está disposto a facer?

Vostede fala de pasos importantes e anuncia medidas dentro do pacto de Estado. É verdade que se abre unha oportunidade única de dar pasos cara a adiante cos máis de 8 millóns de euros que proveñen do pacto de Estado. E vostede tamén sabe que ese pacto só se activou cando entrou un goberno socialista na Moncloa. (*Aplausos.*) E non foi por falla de tempo do señor Rajoy, senón porque non se sentía comprometido con el. Fronte á pasividade do señor Rajoy, implicacións e conviccións do señor Sánchez.

Os pactos. Señor Rueda —e vostede sábeo—, máis alá dos papeis, os orzamentos son os que fan viables os pactos e as políticas. E este ano Galicia recibe un financiamento por parte do Estado que supera o realizado pola Xunta; un impulso importante que chega cun goberno socialista e plenamente implicado nas políticas de igualdade.

É certo —eu voulle ser franca— que tras o pasado 8 de marzo o noso grupo confiaba, jeu confiaba! e moitas mulleres e homes galegos confiaban en que o impulso por parte da Xunta ía ser maior, moito maior. Pero a aportación da Xunta este ano non só non equipara a do Estado, senón que tampouco equipara as dos fondos sociais europeos; é a máis baixa das tres; 6,6 millóns é a reserva de financiamento por parte da Xunta para traballar na conciliación, nas accións para a igualdade e na protección e apoio para mulleres vítimas de violencia de xénero. E isto non parece un impulso demasiado grande. ¿E sabe por que o afirmo? Porque respecto de 2018 o incremento de fondos por parte da Xunta de Galicia é de tan só 1,1 millón; isto é destinar un 0,01 % de todo o orzamento da Xunta a incrementar estas partidas. Eu a iso chámolle política de cóxegas, porque é un impulso absolutamente irrisorio. (*Aplausos.*)

E —enténdame ben— Galicia recibe cartos do Estado e do Fondo Social Europeo porque os merece. E nós aplaudimos que estas partidas contribúan á posta en marcha das políticas de igualdade na nosa comunidade. Pero Galicia, as mulleres galegas e todos e todas as implicadas coa igualdade merecen que a Xunta de Galicia se implique máis, moito máis.



Xa lle solicitamos en diversas intervencións que teñan en conta que algo máis de 3,15 millóns que proveñen do pacto de Estado foron outorgados pola condición rural de Galicia. E pedímoslle que traballe neste sentido apoiando un dos colectivos de mulleres máis vulnerable, polo seu illamento máis marcado, pola dificultade de acceso aos servizos e pola invisibilidade social que padecen. Gustaríame que me trasladara que porcentaxe dos fondos vai estar destinada a estas mulleres.

E solicitámoslle tamén que apoie de forma importante a rede de CIM, que atenda as peticións e suxestións que nos informes anuais lle realizaron as profesionais que traballan nos mesmos. Nesas memorias plantéxanse moitas cuestións, que pasan por melloras de formación, de relacións entre centros, de recursos e de medios humanos. É preciso seguir potenciando as políticas de cercanía e apoiando as entidades locais, e especialmente tras a recuperación das competencias por parte dos concellos en materia de violencia de xénero.

E hai que converter nunha prioridade garantir ese servizo integral e de calidade para todas as mulleres galegas, independentemente da súa localización no territorio, mellorando a accesibilidade aos servizos, coa consolidación desa rede integral de CIM en todo o territorio, cunha atención especializada ás vítimas e plans específicos que favorezan a prevención da violencia e, especialmente, no rural galego; e para garantir esa rede integral tamén é preciso fomentar a cooperación institucional entre os propios CIM tamén.

E o noso grupo pídelles que, máis alá das políticas de atención ás vítimas, por favor, traballen incansablemente na prevención, na educación e na sensibilización. Hai que traballar por atallar o machismo, hai que frear en seco as mensaxes que pretenden erosionar os avances en igualdade e hai que demostrar que se pode, máis alá da acne, máis alá da caspa e das aspiracións dos machos alfa. (*Aplausos.*) Porque nós non nos conformamos e non queremos nin un paso atrás, as mulleres seguiremos demandando equidade e igualdade.

E aí si que lle digo que hoxe as socialistas estaremos empurrando para que isto aconteza o antes posible, gústelles máis ou menos ao señor Casado, ao señor Feijóo e aos señores e señoras de Vox. Iso si que «éche o que hai», que socialistas feministas estaremos para rato. Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Para o turno de réplica, por parte do Goberno ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pierres, alégrome de que rectificara; nomeou a Casado só tres veces agora nesta réplica; na outra vez nomeáralo seis ou sete; centrouse un pouco máis no que hai que centrarse. É que realmente isto é así. Eu agradézollo de verdade.

É que vostede e o seu grupo non é consciente de que houbo un consenso neste Parlamento, do que todos puxemos en valor, precisamente porque era algo que había que poñer en



valor; e esa foi a mensaxe que transmitimos á sociedade: eramos capaces de poñernos de acordo en algo tan fundamental por encima das diferenzas que poidamos ter. Daquela levámolo ao Senado e fomos a única comunidade autónoma que foi capaz de facelo, e despois eu quero pensar que en gran parte se incorporou ao pacto de Estado que se asinou cun goberno do Partido Popular e se puxo en marcha cun goberno do Partido Socialista, e tanto mérito teñen uns como outros, e ese é o camiño. Por iso, claro, se vostede quere pensar que foi o Partido Socialista o que puxo en marcha —loxicamente, houbo unha moción de censura e, polo tanto, lle tocou facelo—, quen puxo a consignación foi un goberno do Partido Popular. ¿Teñen máis mérito uns que outros? Non. Creo que todos entenderon que isto era necesario.

Pero, se agora empezamos a discutir, como vostedes queren facer esta ofensiva —que eu sei que esta interpelación vén por iso, porque tiveron unha instrución do Partido Socialista que vostedes mesmo recoñeceran—, non sei que me vén contar agora que lle di. É que claro que llo dixeron no Partido Socialista, porque vostedes dixeron publicamente que ían facer unha ofensiva institucional para poñer a proba, a ver se era verdade que o Partido Popular está comprometido coa igualdade e na loita contra a violencia machista. Por suposto, señora Pierres, por suposto que estamos comprometidos. ¿Pero que se cren vostedes? ¿Que isto é un patrimonio dun partido nada máis? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Supoño que agora lle diría alguén do seu grupo nestas conversas que estaba tendo mentres eu interviña: non lles fales de Casado ou dille pouco, porque non lles interesa falar de Casado. Non nos interesa falar en absoluto nin de Casado nin de Isabel Díaz Ayuso. ¿Pero vostede cre que a un goberno que quere poñer en marcha medidas contra a violencia machista lle interesa falar doutra cousa que non sexa iso? (*Aplausos.*) ¿Cre realmente que, falando de demagogia e intentando facer política partidista, imos avanzar algo?

Mire, eu poderíalle dicir que nese orzamento alternativo que vostedes presentaron nas emendas transversais para a igualdade de loita contra a violencia de xénero non había un euro de aumento. (*Murmurios.*) ¿Iso é o que os preocupa? E dinnos que non temos interese en consignar cantidades cando somos a única comunidade autónoma que está agora mesmo dándolles axudas ás vítimas de violencia machista, 5,1 millóns de euros, acaba de aumentar máis dun millón. Xa vexo que iso lle deu exactamente igual. Vostede tiña escrito que había que dicir que os cartos veñen todos do Estado e veñen de Europa. ¡Que máis dá de quen veñan! E, ao final, tamén son recursos públicos que veñen dos galegos e das galegas e dedicámolos onde hai que dedicalos.

E aquí hai que dedicar moitos cartos, por suposto. Non é só cuestión de recursos públicos, pero tamén é cuestión de recursos públicos, e por iso temos un orzamento maior que ningunha vez, e, por suposto, unha parte moi importante dese orzamento vén do pacto de Estado contra a violencia de xénero, que non o poñen nin o Partido Socialista nin o Partido Popular, póneno os cidadáns cos seus impostos, e nós temos a responsabilidade de gastalo ben.



Por iso eu non vou perder un minuto máis en discutir con vostede nin de Casado nin de Isabel Díaz Ayuso nin de nada de nada. Iso é o que lles importa a vostedes, (*Aplausos.*) iso é o que lles importa a vostedes, nesa ofensiva institucional, que como viron que perdían toda clase de iniciativa, porque a xente se está dando conta de que contra a violencia machista hai que ser eficaz e deixarse de liortas partidistas, vostedes non entenden e seguen con isto. Non conten co Goberno galego. Cando queira falar de medidas efectivas, aquí me terá; cando queira facer política do PSOE, fale cos do PSOE, non fale co Goberno da Xunta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte interpelación.

Interpelación de D. Luís Villares Naveira e D^a Carmen Santos Queiruga, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de negociación de acordos con organizacións que cuestionan o autogoberno, os dereitos humanos e os principios fundamentais da convivencia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA. Boas tardes. Moitas grazas.

Señorías, logo da celebración das eleccións andaluzas no pasado mes de decembro, asistimos, efectivamente, a un proceso de negociación para conformar un novo goberno nesa comunidade autónoma que supuxo a posta en cuestión dos piares democráticos do Estado e que axiña foi parabenizado por dirixentes do Partido Popular no noso propio país: por Elena Muñoz, polo vicepresidente da Xunta de Galicia, que hoxe nos contestará a esta interpelación, e polo propio presidente Alberto Núñez Feijóo.

Nós pensamos que estes parabéns do PPdeG non son casuais. A configuración histórica da dereita en Galicia, froito dun continuísmo cultural con respecto á dereita franquista, ten asentado unha praxe política moi lonxana da dereita democrática, republicana, laica e valedora de dereitos civís propia da dereita europea. Esta inercia, disimulada durante a era Fraga cun verniz galeguista, vai permitir que durante case corenta anos o Partido Popular teña en Galicia convivindo no seu seo distintas correntes ideolóxicas unidas arredor de resortes de poder autonómico e provincial.

O xurdimento, primeiro, de Cidadáns e logo de Vox introduce un factor de recomposición da dereita no ámbito español á que Galicia tampouco vai ser allea, e na que Núñez Feijóo, en tanto que presidente de Galicia e ante a ameaza ao propio Estado autonómico e aos principios e dereitos fundamentais, non pode seguir poñéndose de perfil.

A chegada de Núñez Feijóo á Presidencia do Partido Popular deu lugar ao esvaecemento dese verniz autonomista, que é desmantelado peza a peza do ideario do partido, e xa desde o seu propio papel como líder da oposición nesta Cámara na década pasada impide que o Parla-



mento galego aborde a iniciativa da reforma estatutaria lanzada desde o Bipartito, nun momento no que outras comunidades autónomas abordaban reformas estatutarias cos denominados estatutos de segunda xeración e con novos dereitos e maiores elementos definitorios do seu autogoberno. Foi Alberto Núñez Feijóo quen impediu un estatuto social de autonomía para Galicia.

A consecuencia desta primeira traizón de Núñez Feijóo a Galicia, o noso país ten perdido a oportunidade hoxe de ser, en primeiro lugar, unha vangarda entre as comunidades autónomas que teñen aprobados os estatutos de segunda xeración e, en segundo lugar, formar parte das comunidades autónomas que incorporaron cartas de dereitos sociais que supoñían non soamente reforzar institucións de autogoberno senón tamén incorporar dereitos en materia de vivenda, educación, sanidade ou prestacións sociais.

A semana pasada Núñez quixo empezar a disimular o seu talante centralista disfrazándose de autonomista, disfrace que non se axusta a unha realidade: cero competencias transferidas durante o decenio negro da Autonomía albertista. Non só non se acadaron novas competencias, senón que se votou en contra sistematicamente nesta Cámara durante estes anos das propostas de grupos da oposición neste sentido en materias como saúde penitenciaria, pesca en augas interiores ou o tren de cercanías, formuladas polo Grupo Parlamentario de En Marea.

Este disfrace de autonomista non é o único cambio cosmético de Núñez Feijóo; tamén é o seu disfrace de progresista. Núñez Feijóo ten en diversas ocasións lembrado que el mesmo foi votante do Partido Socialista e de Felipe González en 1982, situándose deste modo como unha persoa da maioría que aspiraba á modernización de España. Esta imaxe modernizadora, moderada e mesmo progresista de Núñez Feijóo que este vende de si mesmo non ten nada que ver despois na realidade co que levamos padecido non nesta Cámara, senón sobre todo a cidadanía galega fóra desta Cámara, en materia de recortes, de privatización de servizos básicos e de amiguismo coa que ten actuado durante todo o seu tempo de presidente.

Agora, co xurdimento dun partido centrista liberal, Ciudadanos, a dificultade para manter este discurso modernizador complícaselle. Co nacemento de Vox, a capacidade de travestismo discursivo de Núñez Feijóo faise xa imposible.

Vexamos agora o que significa abandonar estes valores democráticos para constituír un tridente reaccionario en Andalucía.

Señorías, as negociacións deben de producirse sempre entre partes lexitimadas para acadar un acordo, e hoxe existe un amplo espazo dentro da Unión Europea arredor de que non se pode negociar con forzas que poñan en discusión os mínimos consensos democráticos e fagan bandeira do machismo e a xenofobia ou a falta de respecto pola diversidade sexual.

O documento presentado para a súa negociación pola ultradereita co Partido Popular en Andalucía coloca esta organización e aquelas que negocien ou pacten con ela fóra do respecto aos valores democráticos. Existe unha enorme contradición entre defender a democracia e



sentarse a negociar —e moito menos a acordar— con aqueles que defenden e expresan posicións que os propios politólogos denominan neofascistas.

Cabe preguntarse neste contexto se é posible construír unha democracia sen valores. Unha conquista da humanidade no seu conxunto foi recoñecer as democracias non como simples regras de maioría senón, e sobre todo, como regras de valores. Foi unha conquista histórica forxada no período de entreguerras recoñecer unha dimensión axiolóxica das democracias que cristalizou definitivamente tras a II Guerra Mundial co nacemento da ONU e as súas declaracións universais de dereitos fundamentais, civís e políticos, da infancia ou ambientais.

As democracias contemporáneas son democracias emancipadoras dos seus cidadáns e cidadás; educan en igualdade e en tolerancia; propician a cohesión social, a igualdade de oportunidades, o acceso á cultura, á sanidade, ao medio ambiente; crean condicións materiais aceptables da existencia humana na alimentación, no vestido, na vivenda e no acceso ás fontes de enerxía; en definitiva, procuran a dignidade humana.

No entanto, neste momento o Partido Popular quérenos ensinar que pode existir unha nova democracia, unha democracia sen valores, unha sorte de pseudodemocracia. Dinnos que pode haber maiorías sen principios, sen respecto aos demais, sen tolerancia nin aire para as minorías.

Señorías, dende En Marea consideramos que non se poden poñer en cuestión avances democráticos de enorme calado como a loita pola igualdade e contra a violencia machista, non poden conformar estas premisas ningunha mesa de negociación e cómpre elaborar cordóns sanitarios que preserven a nosa democracia.

A sociedade española no seu conxunto asistiu estupefacta a uns acordos que abren a porta á negación da violencia machista e á existencia dun sistema de dominación patriarcal, recoñecido incluso de maneira unánime pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional español, que en numerosas sentenzas fala das desigualdades históricas ás que foi sometida a muller con relación ao home e que cómpre corrixir mediante discriminación positiva, da que renegan os negacionistas do machismo socios de Feijóo no Tripartito reaccionario.

Cómpre, hoxe máis que nunca, recordar a Simone de Beauvoir cando lembraba que abundaba calquera crise económica, política ou relixiosa para que os dereitos das mulleres fosen novamente vulnerados.

Pero a baixeza moral das propostas negacionistas non remata aquí. Os socios da banda da dereita, da extrema dereita, do tridente reaccionario, propoñen eliminar a memoria histórica, impiden a educación sexual —fundamental para acabar coa violencia machista— e privatizan a educación e a sanidade; en conxunto, un retroceso de décadas en materia de dereitos e liberdades.

Falaba o señor vicepresidente agora de consensos acadados nesta Cámara. Pois ben, eu quero lembrar tres. En primeiro lugar, esta Cámara ten acadado consensos en materia de memoria



democrática, de memoria histórica, honrando e dignificando as persoas que deron a súa vida pola democracia, o benestar e o progreso social. ¿Que vai pasar con todo isto agora, señores do Partido Popular?

Esta Cámara ten acordado por unanimidade declaracións institucionais en defensa dos colectivos homosexuais e tense significado na defensa dos casos de transxénero e postulado a súa protección. ¿Que vai pasar agora tras esas negociacións?

Señorías, esta Cámara acadou importantes consensos tamén na defensa dos dereitos das persoas migrantes e das persoas refuxiadas, que agora son estigmatizadas por forzas políticas que sustentan o Partido Popular no goberno en Andalucía e de cuxo presidente reclaman man dura, respostas inhumanas e deportacións masivas. Os aliados do Partido Popular no seu tridente reaccionario asustan estes colectivos sociais axitando o medo e a desconfianza entre a poboación, alentando mesmo ao chivatazo nos hospitais. ¿Como o Partido Popular —preguntamos— pode calar ante esta tropelía alentada polos seus socios de goberno?

Non son estes os únicos ámbitos onde está posto en cuestión o sistema democrático. E isto é algo que afecta tamén a dimensión político-institucional mesmo desta Cámara, desta propia Cámara, señorías. A extrema dereita formulou un escenario de supresión das comunidades autónomas, forma de expresión política do autogoberno nacional de Galicia, tal e como recoñece o artigo 1 do noso Estatuto de autonomía.

Consideramos que a cidadanía galega nin recoñece nin ampara unha petición que nos nega como pobo, que ten contribuído ademais durante estes últimos trinta e oito anos a mellorar as condicións de vida da sociedade galega.

Non parece casual —e así o pensamos desde En Marea— que, unha semana antes do debate nesta Cámara, Alberto Núñez Feijóo se disfrace de autonomista para tentar acalar as críticas que lle poida reparar este pacto do seu partido, que, ademais, o retrata como é: un político non comprometido coa política en Galicia, coa autonomía do seu país, que non acadou un só traspaso de competencias durante o seu decenio negro e que, ademais, foi responsable do fracaso da reforma estatutaria da década pasada.

Pois ben, o tempo da ambigüidade deste goberno vai rematando. Como líder do Partido Popular, o señor Núñez Feijóo, o señor vicepresidente poden incorrer nas contradicións políticas que o electorado lles permita, pero este Parlamento e o Goberno galego non poden xogar á ambigüidade cando os pactos e acordos da dereita coa extrema dereita no Estado cuestionan o autogoberno de Galicia e o Estado autonómico, atacan os dereitos fundamentais das mulleres, cuestionan a Declaración universal dos dereitos humanos e destrúen os principios fundamentais da convivencia.

E é por esta razón pola que desde o Grupo de En Marea interpelamos o Goberno preguntándolle que valoración fai do pacto do Partido Popular con organizacións políticas que propugnan a supresión do noso autogoberno, que atacan os dereitos e liberdades das mulleres, que apuntan contra os dereitos fundamentais e cuestionan os principios fundamentais da convivencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, confeso o meu desconcerto, ou, ao mellor, non. O certo é que vostede hoxe trae aquí unha interpelación que non ten nada que ver coa actuación ou as competencias do Goberno galego. Ao mellor non tiña que estar moi desconcertado, porque non é a primeira vez; probablemente non será a última; a verdade é que o fai bastante a miúdo, pero teño que dicir que esta vez, na miña opinión, superouse. E tiña difícil, porque non me pregunta por actuacións doutro goberno que poidan afectar a Galicia —podía—, nin sequera pregunta por cuestións doutro goberno que poidan afectar outro goberno que non fora o galego —xa se estaría superando—, pero non, non, supérase absolutamente e pregunta por negociacións que levaron a cabo varios partidos noutra comunidade autónoma para formar goberno nunha comunidade autónoma, outra, que non ten nada que ver coa Comunidade Autónoma de Galicia, que, ata onde eu sei, é da que se ocupa este Parlamento.

Polo tanto, de verdade que teño que confesar o meu desconcerto e dende logo téñolle que facer un recoñecemento: moi ben o temos que estar facendo dende o Goberno da Xunta de Galicia para que vostede faga este tipo de pregunta. Agradézolle, de verdade, o recoñecemento que fai (*Aplausos.*), porque se nunha sesión de control ao Goberno da Xunta de Galicia me vén preguntar polas conversacións que tiveron partidos, algúns deles que nin sequera teñen representación en Galicia, para chegar a un acordo noutra comunidade autónoma, e non ten nada máis que preguntar sobre as competencias que a min me toca exercer, quere dicir que moi ben o estamos facendo, ou, máis ben, bo intento —o que pasa é que non lle cola— de cortina de fume para non falar de cousas das que probablemente non lle gusta moito que se fale, que é dos problemas que teñen vostedes; entón, intenta desviar a atención e imos falar das cousas que se están facendo noutras comunidades autónomas.

É que —perdoe que lle diga—, señor Villares, non acabo de entender cal é a relación do Goberno galego con todo isto. Vostede imaxine, señor Villares, que o Grupo Popular me trouxera aquí —que podería facelo— para preguntar cal é a opinión da Xunta de Galicia sobre a espantada que acaba de facer o señor Errejón en Madrid; (*Murmurios.*) podería facelo, e sería parecido. Entón, vostede diría: ¡joia!, pero o Goberno galego ¿que ten que dicir de todo iso? Pois é exactamente o mesmo. Ou sexa, que vostede ou non o quere ver ou non é capaz de velo ou —insisto— ao mellor o que quere é desviar a atención.

Vostede ao mellor cre que o Goberno da Xunta de Galicia está para iso. Pois síntoo, pero non estamos para iso. Estamos para as cousas que afectan a Galicia, e por moito que vostede queira facer algún tipo de relación, algún tipo de afectación directa, non a hai. Temos moitos problemas, temos moitas cousas que resolver, moitas cousas que mellorar, pero afortunadamente isto non é un problema do que teña que ocuparse a Xunta de Galicia.



Nin sequera sei se ese é un problema. Eu o que sei, señor Villares, é que en Andalucía houbo eleccións, e, polo tanto, se o que quere saber é a opinión da Xunta de Galicia, á Xunta de Galicia parécelle ben que os andaluces votaran e elixiran o seu Goberno. Eu non sei se ás Mareas de Podemos as molesta que fixeran isto, pero isto é a democracia, que non o inventaron vostedes. E, polo tanto, esta é a democracia, hai un goberno, e a obrigaón da Xunta de Galicia é intentar ter as mellores relacións con todas as comunidades autónomas e con todos os gobernos elixidos democraticamente. Todo o demais, señor Villares, son cortinas de fume, que probablemente a vostede lle veñan moi ben, pero non conte co Goberno da Xunta de Galicia para iso, que non estamos para iso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rueda.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señorías, resulta sorprendente que o vicepresidente dun goberno autonómico democrático resulte desconcertado porque lle pregunten polos dereitos fundamentais, que quede desconcertado porque lle pregunten polos dereitos das mulleres, que quede desconcertado porque lle pregunten pola supervivencia da propia Autonomía, cando é vicepresidente dun goberno autonómico. Resulta realmente sorprendente, porque foi polo que lle estivemos preguntando, e está ademais no texto escrito. Está no texto escrito..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—pode ler a interpelación, se quere—, na súa parte expositiva e no seu texto, e, ademais, preguntóuselle por isto. Resulta desconcertante que o señor vicepresidente desperdicie a oportunidade, en primeiro lugar, de defender a Autonomía de Galicia fronte a aqueles que propugnan a súa supresión. Iso si que resulta desconcertante. Resulta desconcertante que vostede evite pronunciarse sobre a defensa dos dereitos fundamentais, para empezar, o principio de igualdade entre as mulleres e homes, pero non só, senón tamén a supervivencia dos dereitos fundamentais tal e como os coñecemos hoxe nas sociedades democráticas contemporáneas, porque iso non é cuestión que afecte só un goberno autonómico: aféctanos a todas e a todos os que convivimos neste sistema democrático.

E, ademais —é que xa é unha casualidade—, é que un dos elementos de negociación esencial dese goberno pertence ao seu propio partido, e iso foi o que motivou precisamente que vostede fixese unhas declaracións públicas nese sentido. Logo, na medida en que vostede sae a facer declaracións públicas, terá que poder vir aquí á Cámara responder das súas propias declaracións parabenizando ese goberno.

E a pregunta que lle facemos novamente é se está de acordo con que ese goberno lexitime prácticas non democráticas, materialmente non democráticas. Non se trata de que se hai unha maioría ou non hai unha maioría; trátase de que parte dos que compoñen esa maioría defenden valores que non son democráticos. E estamos preguntando se está vostede



de acordo con eses valores ou non. E se con ese goberno do que vostede está defendendo tamén esa lexitimidade se vostedes van chegar, por exemplo, acordos con eles, a sacar fotografías como sacou onte o presidente da Xunta con outros presidentes doutras comunidades autónomas, se o vai facer nos mesmos termos con eses gobernos que non respectan os dereitos fundamentais. Pois podería contestar todo isto se tivese a querencia por facelo.

E sobre as cousas sobre as que se pode ou non se pode opinar, claro, vostedes como goberno pensan que non se debe opinar sobre isto. Pois mire, resulta sorprendente que a nivel europeo tanto o Goberno francés como o Goberno alemán significaron especialmente, dentro do espazo da Unión Europea, advertir sobre ir contra este tipo de pactos que acaba de asinar o Partido Popular en Andalucía, porque supón a quebra dun consenso a nivel europeo sobre illar politicamente aqueles que non respectan as regras de convivencia democrática, as regras que ata agora nos permitiron facer políticas que permitiron superar ou que están permitindo superar, (*Murmurios.*) non sen dificultades —e xa o estamos vendo, non sen dificultades—, a desigualdade histórica na que viven as mulleres con relación aos abusos que sofren a mans dos homes con carácter institucional.

Ben, pois vostedes tiñan oportunidades, vostede ten oportunidade de pronunciarse agora sobre todo isto. ¿Por que non o fai? O Goberno francés e o Goberno alemán pronunciáronse explicitamente, censurando que o Partido Popular fixese iso, recordándolle que hai cousas que están por riba do marco competencial e que teñen que ver co consenso democrático en toda Europa occidental. E vostedes están saltando esas regras. E vostede sae aos medios de comunicación, vostede, tamén o presidente da Xunta, tamén Elena Muñoz, entre outros dirixentes do Partido Popular en Galicia —por iso o tema non é alleo ao noso país e á política do noso país—, a significarse positivamente en relación con ese pacto.

E nós preguntámonos: ¿que ten que pasar para que vostedes desautoricen ese pacto? ¿Que ten que pasar para que vostedes desautoricen ese tipo de novas consignas políticas, que nós consideramos, desde logo, que non teñen nada que ver coa nosa tradición democrática? Nós dixemos desde o primeiro momento: non é posible, e entendemos que non é posible en Galicia chegar a acordos con forzas políticas que non respecten os mínimos consensos, en materia de dereitos fundamentais e en materia de respecto a outro goberno. E a nós parécenos que o que leva facendo, particularmente a última semana, o propio presidente da Xunta de Galicia, disfrazándose de autonomista, despois de dez anos de non recibir Galicia unha soa transferencia e de non loitar por elas, ademais, xustamente nun momento no que os seus socios de goberno en Andalucía propugnan nada máis e nada menos que a supresión da Autonomía, ¡a supresión da Autonomía!, non estamos falando de recentralizar unha cousa, non, estamos falando de suprimir a Autonomía, de suprimir esta Cámara, estamos falando diso, (*Murmurios.*) ¿e vostede non ten nada que dicir na defensa do autogoberno de Galicia fronte aos socios de goberno de vostedes en Andalucía, que propoñen suprimir o seu goberno e a vostede como vicepresidente? ¡Home, algo terá que dicir!

Pois iso é ao que nós o vimos interpelar hoxe: se, como vicepresidente do Goberno da Xunta de Galicia, ten algo que dicir en defensa da Autonomía de Galicia, do seu autogoberno e en defensa dos dereitos fundamentais, singularmente do principio de igualdade entre mulleres



e homes, e os dereitos tamén das minorías, sobre todo das persoas que teñen menos posibilidades de defenderse e que esperan dun goberno democrático que defendan e fagan valer os seus dereitos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche desta interpelación, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, ¿sabe o que me fai graza de todo isto, se isto tivese algunha graza, que non a ten? Que vostedes xa atoparon outra extrema dereita, porque ata hai quince días a extrema dereita era o PP, agora xa hai outra, agora resulta que xa non somos a extrema dereita.

Nós estamos onde estivemos sempre, e vou dicir onde non imos estar nunca. Ningún dos que está aquí, nesta bancada, escribiu un tuit, de ningún dos que van quedando —a verdade é que cada vez son menos nas Mareas de Podemos—, dicindo o que vostedes dixeron dun máximo dirixente do Partido Popular: é un miserable e un fascista, pero, como non vai dimitir, xa confirmamos en que clase de réxime vivimos. Todos vostedes o din cunha tranquilidade descualificando o adversario, insultando directamente. Claro, atrévense a dicilo sempre duns, doutros non. Vostede vén falar aquí de extremismos e non foi capaz de desautorizar a ninguén da súa bancada, e todos recordamos aquí a exhibición da camiseta «*Chaves, te lo juro, votaremos por Maduro*». Non foron capaces, nunca tiveron a enorme covardía de nunca dicir que pasa cos corenta mil galegos e galegas que están sufrindo en Venezuela e dos que vostedes non din nin palabra. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Iso si que son extremismos, señor Villares. O que pasa é que vostedes, con esa superioridade moral que sempre teñen, sempre ven o mal nos demais e nunca miran para vostedes mesmos; se non, esta discusión remataría agora mesmo.

O que pasa é que eu xa sei que non vai discutir nin vai rematar nunca. Mire, a pregunta ¿cal é? ¿Se o Goberno da Xunta de Galicia ten algunha dúbida na loita, sen dar un paso atrás, contra a violencia machista? Eu creo que vostede non teñen ningunha dúbida. Outra cousa é o que teña que dicir aquí para argumentar un pouco a interpelación, pero eu creo que xa quedou respostado na miña intervención anterior. Se non, non hai ningunha dúbida. As veces que faga falta, cando vostede veña preguntar por cousas que de verdade lles importan aos galegos e non por pactos que se fan noutras comunidades autónomas, falaremos de cousas das que se ocupa este goberno, sen ningún problema.

Pero non creo sinceramente que vostede teña ningunha dúbida na aposta de non dar un paso atrás na loita contra a violencia machista que ten este goberno, que, ademais, parte dun consenso que veu deste Parlamento e que vostedes desvalorizan día a día. E de verdade que é unha mágoa, porque era un acordo moi potente, que o malo é que vai quedando en papel mollado dende as súas actitudes.



Non creo que teña tampouco ningunha dúbida respecto da aposta polo Estado das autonomía da Xunta de Galicia, non creo que teña ningunha dúbida. Señor Villares, se ten algunha dúbida, agora que estamos reclamando o mesmo teito competencial que se lles dá a outras comunidades autónomas, vostede apoie todo o que reclame a Xunta de Galicia, apoie como hai que apoialo, sen discusións, sen demagoxias, sen posturas partidistas; así faremos máis forza, que falta nos vai facer.

Pois pódolle asegurar que todo o posturo do Partido Socialista en Madrid do señor Sánchez é porque ten unha serie de acordos non contados cunha serie de forzas que o teñen que apoiar. Non teñen ningún interese en darlle a Galicia máis competencias, pero xa veremos se a forza que fai este Parlamento serve para todo iso, xa veremos. *(Murmurios.)* Aí nos imos atopar sempre, señor Villares, en facer preguntas, en poñer en dúbida.

Claro, se vostede vén dicir que as eleccións en Andalucía non foron democráticas e polo tanto vostede as desautoriza, probablemente porque as perderon, porque quedaron fóra do Goberno, porque esperaban que lles fora doutra maneira, é o que fan sempre. Cando non lles vai ben, entón hai que desautorizalos e dicir que os que tiveron un mellor resultado ou os que formaron Goberno, estiveron na formación do Goberno, eses non son democráticos.

O que lle dicía na miña primeira intervención: iso é a democracia. Non o inventaron vostedes. Por moito que a queiran reinventar, democracia é isto, non é o de Venezuela. *(Murmurios.)* *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, silencio. ¡Silencio, señor Lago! *(Murmurios.)* *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio. Señora Prado, silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): E, polo tanto, señor Villares, cando queira falar de temas que afectan a Xunta de Galicia, aquí me terá sempre.

Eu, parafraseando a señora Pontón, que non está hoxe aquí, para arreglar os problemas de Podemos, non estamos; para iso, que os arregle Podemos.


Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rueda.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e dezasete minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

